

Consello de Contas
de Galicia



**INFORME DE FISCALIZACIÓN
DA CONTA XERAL DO
SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

EXERCICIO 2016



ÍNDICE

I. OBXECTIVO, ALCANCE E LIMITACIÓNS	13
I.1. OBXECTIVO.....	13
I.2. ALCANCE	13
I.3. LIMITACIÓNS	16
II. ORZAMENTO, GASTO SANITARIO E FINANCIAMENTO	17
II.1. ORZAMENTO SANITARIO.....	17
II.1.1. Análise xeral	17
II.1.2. Orzamento consolidado	19
II.1.3. Orzamento entidades vinculadas.....	20
II.2. GASTO E FINANCIAMENTO DO SERGAS	21
II.2.1. Gasto real	21
II.2.2. Financiamento.....	22
II.2.3. Escenario financeiro.....	26
III. RÉXIME DE CONTROL INTERNO.....	27
IV. ANÁLISE DA CONTA XERAL.....	28
IV.1. RENDICIÓN DE CONTAS.....	28
IV.2. ORZAMENTO INICIAL	29
IV.2.1. Obxectivos orzamentarios.....	29
IV.2.2. Créditos orzamentarios.....	30
IV.3. MODIFICACIÓNS ORZAMENTARIAS.....	35
IV.3.1. Aspectos xerais	35
IV.3.2. Análise por tipos de modificacións.....	37
IV.3.3. Efectos sobre os orzamentos aprobados	44
IV.3.4. Fondo de Continxencia.....	45
IV.4. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS.....	47
IV.4.1. Aspectos xerais	47
IV.4.2. Análise por capítulos	48
IV.5. EXECUCIÓN E LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS	57
IV.5.1. Aspectos xerais	57
IV.5.2. Análise do gasto por capítulos.....	60
IV.6. OPERACIÓNS DE EXERCICIOS PECHADOS	69
IV.6.1. Dereitos orzamentarios pendentes de cobro	69
IV.6.2. Obrigas orzamentarias pendentes de pagamento procedentes de exercicios anteriores	70
IV.7. COMPROMISOS DE GASTOS CON CARGO A ORZAMENTOS DE EXERCICIOS POSTERIORES.....	71
IV.8. OPERACIÓNS EXTRAORZAMENTARIAS.....	72
IV.8.1. Dereitos non orzamentarios pendentes de cobro	72
IV.8.2. Obrigas non orzamentarias pendentes de pagamento	72
IV.9. OBRIGAS PENDENTES DE RECOÑECER	72
IV.10. RESULTADO DO EXERCICIO.....	75

IV.11. ANÁLISE DE APARTADOS ESPECÍFICOS	77
IV.11.1. Entidades vinculadas	77
IV.11.2. Actividade concertada	89
IV.11.3. Gasto farmacéutico	101
IV.11.4. Efectivos de persoal	114
V. TESOURARÍA	116
V.1. ANÁLISE XERAL	116
V.2. CONTAS ESPECIAIS DE PAGAMENTOS	118
V.2.1. Fondo de Manobra	118
V.2.2. Pagamentos a xustificar	120
V.3. CONTAS DE PAGAMENTOS DE NÓMINAS	120
V.4. CONTAS RESTRINXIDAS DE INGRESOS	121
VI. CONCLUSIÓN	123
VII. RECOMENDACIÓN	128
SEGUIMENTO DO CUMPRIMENTO DAS RECOMENDACIÓNS EFECTUADAS NO ANTERIOR INFORME DE FISCALIZACIÓN	130
ANEXOS	131
TRÁMITE DE ALEGACIÓN	155

ÍNDICE DE CADROS

Cadro 1: Contas 2016 das entidades instrumentais (miles de euros)	15
Cadro 2: Orzamentos da CA. Representatividade do gasto social (miles de euros)	18
Cadro 3: Orzamentos do Sistema Nacional de Saúde 2016	18
Cadro 4: Orzamento consolidado 2016. Estrutura económica (miles de euros)	19
Cadro 5: Orzamento consolidado 2016. Estrutura funcional por programas (miles de euros)	19
Cadro 6: Evolución programas sanitarios básicos 2013-2016 (miles de euros).....	20
Cadro 7: Entidades vinculadas. Orzamento e financiamento (miles de euros)	20
Cadro 8: Gasto real por clasificación económica 2013-2016 (miles de euros)	22
Cadro 9: Fontes de financiamento 2016 (miles de euros).....	23
Cadro 10: Recursos do sistema de financiamento 2016 (miles de euros)	23
Cadro 11: Servizos transferidos 2015-2016 (miles de euros).....	25
Cadro 12: Evolución gasto real - dereitos recoñecidos 2013-2016 (miles de euros)	26
Cadro 13: Evolución débeda/obrigas recoñecidas 2013-2016 (miles de euros)	27
Cadro 14: Evolución do financiamento adicional nos orzamentos 2013-2016 (miles de euros)	27
Cadro 15: Créditos iniciais, obrigas e gasto real 2013-2016 (miles euros).....	31
Cadro 16: Créditos iniciais por clasificación funcional-económica 2016 (miles de euros).....	32
Cadro 17: Créditos iniciais por clasificación económica 2015-2016 (miles de euros).....	33
Cadro 18: Recursos de financiamento do Sergas 2016 (miles de euros).....	34
Cadro 19: Axuste créditos iniciais por Fondo de Continxencia (miles de euros)	34
Cadro 20: Créditos por clasificación orgánica 2015-2016 (miles de euros)	35
Cadro 21: Modificacións orzamentarias por clasificación económica (miles de euros)	35
Cadro 22: Modificacións orzamentarias 2015-2016 (miles de euros).....	36
Cadro 23: Cronoloxía da xestión das modificacións orzamentarias 2016 (miles de euros)	37
Cadro 24: Modificacións orzamentarias por clasificación económica 2015-2016 (miles de euros)	37
Cadro 25: Ampliacións de crédito por clasificación funcional e económica (miles de euros).....	38
Cadro 26: Transferencias de crédito. Evolución 2013-2016 (miles de euros).....	39
Cadro 27: Transferencias de crédito por clasificación funcional e económica (miles de euros)	40
Cadro 28: Incorporacións de crédito por clasificación funcional e económica (miles de euros)	40
Cadro 29: Xeracións de crédito por clasificación funcional e económica (miles de euros)	41
Cadro 30: Baixas de crédito por clasificación funcional e económica (miles de euros)	43
Cadro 31: Evolución das redistribucións de crédito período 2013-2016 (miles de euros).....	44
Cadro 32: Efectos sobre os créditos aprobados nos exercicios 2013-2016 (miles de euros).....	45
Cadro 33: Expedientes de modificación e distribución do Fondo de Continxencia 2016 (miles de euros)	46
Cadro 34: Distribución ampliación do Fondo de Continxencia 2016 (miles de euros)	46
Cadro 35: Fondo de Continxencia Sergas. Evolución 2011-2016 (miles de euros).....	47
Cadro 36: Liquidación do orzamento de ingresos (miles de euros).....	48
Cadro 37: Ingresos por taxas, prezos e outros ingresos (miles de euros).....	48
Cadro 38: Ingresos por taxas (miles de euros)	49
Cadro 39: Ingresos por prestación de servizos sanitarios (miles de euros).....	49

Cadro 40: Evolución ingresos de prestacións por servizos sanitarios 2013-2016 (miles de euros).....	50
Cadro 41: Ingresos por convenios (miles de euros)	50
Cadro 42: Evolución de ingresos por convenios con aseguradoras 2013-2016 (miles de euros)	51
Cadro 43: Outros ingresos (miles de euros)	51
Cadro 44: Ingresos por transferencias correntes (miles de euros)	52
Cadro 45: Transferencias de capital (miles de euros).....	55
Cadro 46: Activos financeiros (miles de euros).....	56
Cadro 47: Pasivos financeiros (miles de euros)	56
Cadro 48: Convenios FEDER (miles de euros)	57
Cadro 49: Liquidación do orzamento de gastos exercicio 2016 (miles de euros)	58
Cadro 50: Obrigas recoñecidas 2015-2016. Clasificación funcional por programas (miles de euros)	58
Cadro 51: Pagamentos realizados 2016 (miles de euros)	59
Cadro 52: Evolución dos remanentes de crédito 2013-2016 (miles de euros)	59
Cadro 53: Distribución dos remanentes de crédito exercicio 2016 (miles de euros).....	59
Cadro 54: Obrigas recoñecidas 2015-2016. Clasificación económica (miles de euros)	60
Cadro 55: Execución do capítulo I do orzamento de gastos 2016 (miles de euros).....	61
Cadro 56: Evolución dos gastos de persoal 2013-2016 (miles de euros)	62
Cadro 57: Execución do capítulo II do orzamento de gastos 2016 (miles de euros).....	63
Cadro 58: Consumo intermedio. Gasto real (miles de euros)	63
Cadro 59: Execución do capítulo III do orzamento de gastos 2016 (miles de euros).....	64
Cadro 60: Execución do capítulo IV do orzamento de gastos 2016 (miles de euros)	64
Cadro 61: Transferencias a sociedades, fundacións e universidades en 2016 (miles de euros).....	65
Cadro 62: Execución do capítulo VI do orzamento de gastos 2016 (miles de euros)	66
Cadro 63: Investimento novo 2016 (miles de euros)	66
Cadro 64: Evolución do investimento 2013-2016 (miles de euros)	67
Cadro 65: Execución do capítulo VII do orzamento de gastos 2016 (miles de euros).....	67
Cadro 66: Execución do capítulo VIII do orzamento de gastos 2016 (miles de euros).....	68
Cadro 67: Execución do capítulo IX do orzamento de gastos 2016 (miles de euros)	68
Cadro 68: Evolución de dereitos pendentes de exercicios pechados (miles de euros).....	69
Cadro 69: Operacións sobre dereitos de orzamentos pechados (miles de euros)	69
Cadro 70: Dereitos pendentes de cobro de exercicios anteriores. Capítulo III (miles de euros)	70
Cadro 71: Estado das obrigas pendentes de pagamento procedentes de exercicios anteriores (euros).....	70
Cadro 72: Compromisos de gastos con cargo a exercicios futuros segundo clasificación económica (miles de euros).....	71
Cadro 73: Compromisos de gastos con cargo a exercicios futuros (miles de euros).....	71
Cadro 74: Saldo dos debedores non orzamentarios a 31.12.2016 (euros)	72
Cadro 75: Estado de acredores non orzamentarios (miles de euros)	72
Cadro 76: Obrigas non contabilizadas (miles de euros)	73
Cadro 77: Débeda en consumo intermedio (miles de euros)	73
Cadro 78: Actividade concertada. Obrigas pendentes de recoñecer (miles de euros).....	74
Cadro 79: Transferencias correntes. Obrigas pendentes de recoñecer (miles de euros).....	74
Cadro 80: Obrigas pendentes de recoñecer. Distribución por centros (miles de euros)	74

Cadro 81: Evolución débeda/obrigas 2002-2016 (miles de euros)	75
Cadro 82: Resultado do exercicio 2016 (miles de euros)	76
Cadro 83: Liquidación orzamento Sergas e Consellería coas entidades vinculadas (miles de euros)	78
Cadro 84: ACIS Transferencias de financiamento (miles de euros)	78
Cadro 85: FPUSG-061. Execución contrato-programa (miles de euros)	78
Cadro 86: Fundación Ingo. Execución contrato-programa (miles de euros)	79
Cadro 87: ADOS execución da encomenda de xestión por centro (miles de euros)	80
Cadro 88: Obrigas pendentes de recoñecer con ADOS (miles de euros)	80
Cadro 89: FPGMX. Execución contrato-programa (miles de euros)	81
Cadro 90: Galaria. Execución contrato-programa (miles de euros)	82
Cadro 91: Galaria. Obrigas pendentes de recoñecer (miles de euros)	83
Cadro 92: Liquidación orzamentaria ACIS (miles de euros)	84
Cadro 93: Remanente tesouraría ACIS (miles de euros)	84
Cadro 94: Liquidación orzamentaria ADOS (miles de euros)	85
Cadro 95: Remanente tesouraría ADOS (miles de euros)	86
Cadro 96: Número medio de empregados	87
Cadro 97: Balance de situación a 31.12.2016 (miles de euros)	87
Cadro 98: Resultado do exercicio (euros)	87
Cadro 99: Indicadores de liquidez, solvencia e endebedamento entidades vinculadas	87
Cadro 100: Indicadores de estrutura entidades vinculadas	88
Cadro 101: Prazos de pagamento entidades vinculadas	88
Cadro 102: Actividade concertada. Obrigas 2016 (miles de euros)	90
Cadro 103: Actividade concertada. Gasto real 2016 (miles de euros)	91
Cadro 104: Actividade concertada. Evolución gasto real 2013-2016 (miles de euros)	92
Cadro 105: Asistencia concertada. Obrigas por centro de gasto 2016 (miles de euros)	92
Cadro 106: Obrigas 2013-2016 con entidades privadas e centros de diagnóstico (miles de euros)	93
Cadro 107: Concertos vixentes epígrafes 252.03, 254.03 e 254.04 (miles de euros)	94
Cadro 108: TRD. Distribución do gasto 2016 (miles de euros)	96
Cadro 109: Terapia respiratoria a domicilio. Obrigas recoñecidas 2013-2016 (miles de euros)	96
Cadro 110: Contratos TRD (miles de euros)	97
Cadro 111: Diálise. Obrigas 2013-2016 (miles de euros)	97
Cadro 112: Hemodiálise. Concertos en vigor 2016 (miles de euros)	98
Cadro 113: Gasto hemodiálise 2016 (miles de euros)	99
Cadro 114: Obrigas concertos con ambulancias (miles de euros)	100
Cadro 115: Execución gasto farmacéutico 2013-2016 (miles de euros)	101
Cadro 116: Representatividade do gasto farmacéutico. Evolución período 2013-2016 (miles de euros)	102
Cadro 117: Gasto farmacéutico. Estrutura orzamentaria exercicio 2016 (miles de euros)	103
Cadro 118: Gasto farmacéutico hospitalario homoxeneizado (miles de euros)	104
Cadro 119: Gasto produtos sanitarios 2016 (miles de euros)	106
Cadro 120: Custo por material de incontinencia para residencias sociosanitarias (miles de euros)	107
Cadro 121: Sistema Nacional de Saúde. Receitas e gasto en 2016	107

Cadro 122: Estrutura poboacional 2016.....	109
Cadro 123: Distribución do gasto en receitas por provincias (miles de euros)	109
Cadro 124: Custo por cidadán (euros).....	110
Cadro 125: Número de receitas por colectivos.....	111
Cadro 126: Número de receitas por cidadán.....	111
Cadro 127: Custo por receita (euros).....	112
Cadro 128: Achegas por colectivo (miles de euros).....	112
Cadro 129: Achega por cidadán (euros)	113
Cadro 130: Achega por receita (euros)	113
Cadro 131: Gasto e receitas en EFG	114
Cadro 132: Representatividade EFG	114
Cadro 133: Evolución das prazas dotadas orzamentariamente 2013-2016.....	115
Cadro 134: Evolución da relación vinculacións activas/prazas orzamentadas 2015-2016.....	115
Cadro 135: Movementos de fondos da Caixa 07 – Sergas (miles de euros)	116
Cadro 136: Existencias Caixa 07 a 31.12.2016 (miles de euros)	117
Cadro 137: Dereitos pendentes de cobro e obrigas pendentes de pagamento a 31.12.2016 (miles de euros)	117
Cadro 138: Fondo de Manobra por centros 2016 (miles de euros)	119
Cadro 139: Pagamentos a xustificar (miles de euros).....	120
Cadro 140: Saldos bancarios de contas de pagamento de nóminas (miles de euros).....	120
Cadro 141: Fondos traspasados desde os centros á conta operativa do Sergas (miles de euros).....	121
Cadro 142: Ingresos recoñecidos por conceptos 2016 (miles de euros)	122

ÍNDICE DE GRÁFICOS

Gráfico 1: Orzamento consolidado de Sanidade (miles de euros)	17
Gráfico 2: Gasto real 2013-2016 (millóns de euros).....	21
Gráfico 3: Evolución orzamento inicial 2012-2016 (miles de euros).....	30
Gráfico 4: Evolución obrigas 2013-2016 (miles de euros)	61
Gráfico 5: Evolución do resultado axustado (miles de euros)	77
Gráfico 6: Evolución gasto farmacéutico homoxeneizado (millóns de euros)	102
Gráfico 7: Obrigas recoñecidas epígrafe 221.06 (miles de euros).....	103
Gráfico 8: Gasto farmacia hospitalario homoxeneizado (miles de euros).....	104
Gráfico 9: Obrigas recoñecidas COF epígrafe 489.0 (miles de euros)	105
Gráfico 10: Porcentaxe gasto farmacéutico por programas	106

ÍNDICE DE ANEXOS

Anexo 1: Modificacións orzamentarias do estado de gastos. Clasificación funcional	133
Anexo 2: Modificacións orzamentarias do estado de gastos. Clasificación económica.....	134
Anexo 3: Modificacións orzamentarias do estado de gastos. Clasificación orgánica	135
Anexo 4: Redistribucións de créditos. Exercicio 2016	136
Anexo 5: Ingresos por prestacións de servizos sanitarios.....	137
Anexo 6: Desenvolvemento orzamentario do capítulo I.....	139
Anexo 7: Evolución gastos persoal 2013-2016.....	140
Anexo 8: Execución do gasto do capítulo II. Análise comparativa 2015-2016. Clasificación económica por concepto ..	141
Anexo 9: Execución do gasto do capítulo II. Análise comparativa 2015-2016. Clasificación por programas.....	142
Anexo 10: Execución do gasto do capítulo II. Análise comparativa 2015-2016. Clasificación orgánica.....	143
Anexo 11: Desenvolvemento orzamentario do capítulo IV. Clasificación económica.....	144
Anexo 12: Desenvolvemento orzamentario do capítulo IV. Clasificación orgánica.....	145
Anexo 13: Análise comparativa 2015-2016 de xestión orzamentaria do capítulo VI. Detalle por programas e centros de gasto.....	146
Anexo 14: Análise comparativa 2015-2016. Capítulo VIII.....	147
Anexo 15: Autorizacións de uso temporal epígrafes 252.03, 254.03 e 254.04.....	148
Anexo 16: Obrigas por actividade concertada con centros hospitalarios e de diagnóstico	149
Anexo 17: Concertos de saúde mental. Contratos 2016	150
Anexo 18: Media diaria de profesionais por ámbito, centro e relación xurídica	151
Anexo 19: Variación interanual da media diaria de profesionais por ámbito, centro e relación xurídica	153

ABREVIATURAS E ACRÓNIMOS

ACIS	Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde
AFEDAP	Plan de Formación para o Emprego das Administracións Públicas
ADOS	Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos
APD	Asistencia pública domiciliaria
CA	Comunidade Autónoma
CCAA	Comunidades Autónomas
CH	Complexo Hospitalario
CHU	Complexo Hospitalario Universitario
CHUS	Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela
CM	Centro Médico
COF	Colexio Oficial de Farmacéuticos
Cosaga	Cooperativa Sanitaria de Galicia
CTG	Centro de Transfusión de Galicia
EFG	Especialidades farmacéuticas xenéricas
EOXI	Estrutura organizativa de xestión integrada
F	Fundación
FCI	Fondo de Compensación Interterritorial
FCS	Fondo de Cohesión Sanitaria
FEDER	Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional
Fegamp	Federación galega de municipios e provincias
Fegas	Fundación Escola Galega de Administración Sanitaria
FOGA	Fondo de Garantía Asistencial
FP	Fundación Pública
FPGMX	Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica
FPUSG-061	Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061
GR	Gasto real
H	Hospital
IMQ	Instituto Médico Cirúrxico
INE	Instituto Nacional de Estatística
Inega	Instituto Enerxético de Galicia
Ingo	Instituto Galego de Oftalmoloxía
INSS	Instituto Nacional da Seguridade Social
IP	Instituto Policlínico
MINECO	Ministerio de Economía e Competitividade

PEF	Plan Estratéxico de Formación
PEG	Plan Estratéxico de Galicia
PIB	Produto Interior Bruto
Povisa	Policlínico Vigo, SA
PXCP	Plan Xeral de Contabilidade Pública
RM	Resonancia Magnética
S	Sanatorio
Sergas	Servizo Galego de Saúde
SNS	Sistema Nacional de Saúde
SPSG	Sistema Público de Saúde de Galicia
SQ	Sanatorio Quirúrgico
TAC	Tomografía Axial Computerizada
TRD	Terapia respiratoria a domicilio
TRLRFOG	Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia
TSI	Tarxeta sanitaria individual
UE	Unión Europea

I. OBXECTIVO, ALCANCE E LIMITACIÓNS

I.1. OBXECTIVO

O Plan anual de traballo do Consello de Contas para o ano 2018, aprobado polo Pleno da Institución o 20 de decembro de 2017, recolle entre as súas actuacións a fiscalización da Conta Xeral do Servizo Galego de Saúde (Sergas) correspondente ao exercicio 2016.

O obxectivo principal da fiscalización é a análise da liquidación orzamentaria do exercicio, de forma similar á de anteriores informes. As actuacións levadas a cabo céntranse na execución do orzamento consolidado de ingresos e de gastos, coa finalidade de determinar a situación económico-financeira do Sistema Público de Saúde de Galicia (SPSG). Son obxecto de especial verificación as modificacións orzamentarias e as obrigas pendentes de recoñecer ao final do exercicio.

Por outra banda, examínanse diferentes aspectos da xestión do organismo autónomo, como a evolución do gasto farmacéutico, os concertos e os instrumentos de relación coas fundacións, sociedades públicas sanitarias e axencias, así como o seu financiamento.

I.2. ALCANCE

I.2.1. ÁMBITO TEMPORAL

A fiscalización refírese ao exercicio 2016, sen prexuízo da súa extensión a exercicios anteriores cando así o requiriron os obxectivos fixados.

I.2.2. ÁMBITO SUBXECTIVO

Desde o punto de vista subxectivo, a análise abrangue as seguintes entidades:

1. Consellería de Sanidade

A Consellería de Sanidade constitúese como un departamento da Administración Xeral da Xunta de Galicia e ten asignadas as funcións de autoridade sanitaria e dirección do sistema sanitario.

Estrutúrase en servizos centrais e periféricos (xefaturas territoriais).

2. Sergas

O Sergas configúrase como un organismo autónomo de carácter administrativo adscrito á Consellería de Sanidade correspondéndolle a provisión integrada dos servizos sanitarios.

Organízase ao redor duns servizos centrais e periféricos, a través das sete EOXI (A Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo-Cervo-Monforte de Lemos, Pontevedra-O Salnés, Ourense-Verín-O Barco de Valdeorras, e Vigo) que asumen, no seu ámbito, a xestión integrada dos recursos do dispositivo

asistencial de atención primaria, integrada polos centros de saúde e consultorios, e de atención especializada, constituída polos centros de especialidades e hospitais que prestan a atención de maneira ambulatoria ou en réxime de ingreso.

3. Entidades instrumentais

Vinculadas ás anteriores e baixo a súa dependencia funcional, complétase o deseño do modelo organizativo cun conxunto de entidades que teñen unha natureza instrumental e que desenvolven as prestacións asignadas baixo un réxime diferenciado (axencias, fundacións e sociedades públicas).

Estas entidades, segundo se prevé na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016, son as seguintes:

- A Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS), creada polo Decreto 112/2015, do 31 de xullo, que substitúe á Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria (Fegas).
- A Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos (ADOS), creada polo Decreto 142/2015, de 17 de setembro, que substitúe á Fundación Pública Centro de Transfusión de Galicia (CTG).
- A Fundación Pública Instituto Galego de Oftalmoloxía (Ingo).
- A Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061 (FPUSG-061).
- A Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica (FPGMX).
- A sociedade pública Empresa Pública de Servizos Sanitarios, Galaria, SA.

Hai que engadir a estas entidades que integran o SPSG determinadas institucións creadas para o apoio aos labores de formación e investigación que, constituídas mediante o modelo fundacional, se vinculan a diferentes centros públicos (complexos hospitalarios) e que, a pesar da súa cualificación como privadas de carácter benéfico, reúnen, a criterio deste Consello, os requisitos para ser consideradas como entidades do sector público autonómico ¹. As ditas entidades son: Fundación profesor Novoa Santos, vinculada ao CHUAC; a Fundación Ramón Domínguez I+D+i biosanitaria, vinculada ao CHUS; e Fundación biomédica Galicia Sur, vinculada ao CHUVI. No ano 2016 estas fundacións foron incluídas no Inventario de entes do sector público (INVENTE) reforzando o sostido en informes anteriores deste Consello.

Estas entidades, actualmente reducidas a tres, teñen a consideración de instrumentos ao servizo do sistema sanitario público nas directrices estratéxicas da Consellería de Sanidade-Sergas. As súas

¹ No apartado III.3. do Informe de Fiscalización da Conta Xeral do Servizo Galego de Saúde do exercicio 2012 faise unha análise fundamentada

contas, facilitadas pola Consellería de Sanidade, conteñen o informe de auditoría con opinión favorable.

No seguinte cadro amósase en termos cuantitativos o volume de recursos (non financeiros) empregados polas entidades instrumentais do SPSCG:

Cadro 1: Contas 2016 das entidades instrumentais (miles de euros)

	Capítulo	Axencias	Sociedades mercantís	Fundacións públicas	Fundacións investigación	Total entidades instrumentais
Gastos	I Gastos de persoal	10.084	8.472	16.380	10.044	44.979
	II Gastos en bens correntes e servizos	14.287	6.064	39.771	9.108	69.231
	III Gastos financeiros		4	1	23	29
	IV Transferencias correntes	8		0	947	955
	Total operacións correntes	24.379	14.540	56.152	20.122	115.194
	VI Investimentos reais	652	363	709	1.841	3.565
	VII Transferencias de capital				67	67
	Total operacións capital	652	363	709	1.907	3.632
	Gastos non financeiros	25.031	14.904	56.861	22.030	118.826
Ingresos	III Taxas e outros ingresos	24.489	14.314	6.183	13.116	58.103
	IV Transferencias correntes	2.641	2.003	50.205	10.500	65.348
	V Ingresos patrimoniais		0	17	135	152
	Total operacións correntes	27.129	16.317	56.406	23.751	123.604
	VII Transferencias de capital	549		9	225	782
	Total operacións capital	549	0	9	225	782
	Ingresos non financeiros	27.679	16.317	56.415	23.975	124.386

Fonte: Conta Xeral e información remitida pola Consellería de Sanidade

I.2.3. ÁMBITO OBXECTIVO

O ámbito obxectivo da fiscalización é o seguinte:

- A estrutura do financiamento do sistema sanitario en xeral e do Sergas en particular.
- A Conta Xeral do Sergas: cumprimento da obriga de aprobación e rendición de contas e verificación da adecuación á normativa de aplicación, así como a análise da liquidación e execución do orzamento de gastos e ingresos, modificacións orzamentarias, compromisos de gastos con cargo a exercicios futuros, obrigas pendentes de recoñecemento e resultado do exercicio.
- O gasto farmacéutico, a actividade concertada, as entidades vinculadas e a estrutura e evolución do persoal.
- A tesouraría.
- O réxime de control interno.

A diferenza de informes precedentes, non se inclúe o apartado sobre inmovilizado material ao ser obxecto de fiscalización específica por parte deste Consello.

I.2.4. METODOLOXÍA

Como en anteriores fiscalizacións, o traballo desenvolveuse seguindo os Principios e Normas de Auditoría do Sector Público elaborados pola Comisión de Coordinación dos Órganos Públicos de Control Externo. Os feitos, conclusións e recomendacións que se recollen no informe baséanse nas evidencias obtidas do exame da correspondente documentación.

As probas de cumprimento e substantivas realizadas foron aquelas que de forma selectiva se consideraron necesarias para obter evidencia suficiente e adecuada, co obxecto de acadar unha base razoable que permita manifestar as conclusións que se desprenden do traballo realizado sobre a actividade do organismo autónomo.

I.3. LIMITACIÓNS

Tanto os responsables do organismo fiscalizado como o seu persoal prestaron unha adecuada colaboración, que contribuíu á correcta execución dos traballos, presentándose, porén, con carácter recorrente as seguintes limitacións:

- Continúa sen implantarse un sistema integral de contabilidade de acordo coas esixencias do PXCP (Plan Xeral de Contabilidade Pública), polo que a información dispoñible é só de tipo orzamentario, e non permite presentar o balance de situación nin a conta do resultado económico-patrimonial.
- O documento orzamentario incorpora obxectivos tanto estratéxicos coma operativos así como os indicadores de resultado que permiten avaliar o seu cumprimento, conforme ao “Plan Estratégico Galicia 2015-2020”. As debilidades da súa implantación e integración no orzamento manteñen as dificultades para a análise da actividade desde a perspectiva dos principios de eficacia e eficiencia na xestión. A carencia dunha contabilidade analítica nos centros tamén supón unha limitación á análise dos principios de economía e de eficiencia.

II. ORZAMENTO, GASTO SANITARIO E FINANCIAMENTO

II.1. ORZAMENTO SANITARIO

II.1.1. ANÁLISE XERAL


O orzamento sanitario público está integrado polos correspondentes ás diferentes entidades que xestionan o gasto sanitario, constituídas pola Consellería de Sanidade, o Sergas e as entidades instrumentais dependentes das anteriores (axencias, fundacións e sociedades públicas).

Tanto a Consellería como o Sergas e as dúas axencias (ACIS e ADOS) presentan os seus orzamentos de forma consolidada e integrados nos da CA.

O financiamento básico do Sergas e da ACIS teñen a súa orixe nas transferencias procedentes da Consellería, mentres que ADOS se financia mediante encomenda feita polo Sergas; e os recursos que financian as demais entidades vinculadas ao organismo autónomo proceden, na súa maior parte, do seu propio orzamento.

No exercicio 2016 o orzamento consolidado da Consellería de Sanidade, Sergas e axencias ascendeu a 3.513,531 millóns de euros cun incremento do 3% respecto do exercicio anterior, continuando o cambio de tendencia cuxo punto de inflexión foi no exercicio 2015, tal e como mostra o seguinte gráfico:

Gráfico 1: Orzamento consolidado de Sanidade (miles de euros)



Tomando como referencia o orzamento consolidado dos entes con orzamento limitativo, o peso do sector sanitario no conxunto do orzamento supón o 34,1% no exercicio fiscalizado. Se se exclúe a función 91 "débeda pública" a representatividade acada o 40,3%.

A clasificación funcional do orzamento permite apreciar que o gasto social, excluída a débeda, aglutina o 72,3% do orzamento do exercicio, observándose a preeminencia da función sanidade, tal e como se pon de manifesto no seguinte cadro que reflicte a evolución no período 2013-2017.

Cadro 2: Orzamentos da CA. Representatividade do gasto social (miles de euros)

	2013	2014	% variación 14/13	2015	% variación 15/14	2016	% variación 16/15	2017	% variación 17/16
Orzamento consolidado CA	9.479.889	10.281.347	8,5%	9.790.362	-4,8%	10.310.241	5,3%	10.801.148	4,8%
Función 91. Débeda pública	1.110.857	2.071.115	86,4%	1.515.101	-26,8%	1.598.200	5,5%	1.822.264	14,0%
Orzamento consolidado CA sen débeda pública	8.369.032	8.210.232	-1,9%	8.275.261	0,8%	8.712.041	5,3%	8.978.884	3,1%
Función 41. Sanidade	3.417.775	3.397.080	-0,6%	3.408.721	0,3%	3.511.531	3,0%	3.611.492	2,8%
Función 42. Educación	2.066.835	2.046.716	-1,0%	2.048.218	0,1%	2.148.156	4,9%	2.209.446	2,9%
Función 31. Acción social e promoción social	561.191	565.294	0,7%	571.208	1,0%	642.603	12,5%	669.332	4,2%
Suma funcións sociais	6.045.801	6.009.090	-0,6%	6.028.147	0,3%	6.302.290	4,5%	6.490.270	3,0%
% funcións sociais sobre CA	72,2%	73,2%		72,8%		72,3%		72,3%	

Fonte: Documento orzamentario "Consolidación dos entes con orzamento limitativo"

Nota: A función sanidade representa a práctica totalidade do orzamento sanitario, correspondendo a diferenza á función 56 (investigación sanitaria)

No escenario estatal, a distribución dos orzamentos nas distintas CCAA permite apreciar as diferenzas nos valores per cápita, que oscilan entre os 1.616 euros do País Vasco e os 1.050 de Andalucía; Galicia sitúase na zona intermedia con 1.292 euros per cápita. Inclúese o esforzo financeiro de cada CA que relaciona o seu orzamento sanitario co respectivo PIB. O seguinte cadro reflicte o comentado:

Cadro 3: Orzamentos do Sistema Nacional de Saúde 2016

Comunidade Autónoma	Orzamento inicial 2016 (millóns de euros)	% variación 16/15	Orzamento per cápita 2016 (euros)	Esforzo financeiro (*)
Estremadura	1.577	12,3%	1.454	8,81%
Asturias (Principado)	1.523	1,8%	1.463	7,04%
Castela - A Mancha	2.636	8,8%	1.286	6,85%
Cantabria	806	2,1%	1.383	6,42%
Canarias	2.643	0,4%	1.238	6,22%
Galicia	3.514	3,0%	1.292	6,01%
Murcia (Rexión de)	1.746	5,9%	1.191	5,99%
Castela e León	3.308	1,0%	1.348	5,96%
Andalucía	8.827	4,4%	1.050	5,90%
Comunidade Valenciana	5.909	7,6%	1.198	5,65%
Aragón	1.802	12,6%	1.367	5,24%
Navarra (Comunidade Foral de)	988	5,9%	1.551	5,16%
País Vasco	3.497	0,8%	1.616	5,08%
Baleares (Illas)	1.392	5,6%	1.226	4,86%
Rioxa (A)	366	3,5%	1.170	4,62%
Cataluña	8.453	-0,2%	1.141	3,95%
Madrid (Comunidade de)	7.450	2,2%	1.160	3,52%

Fonte: Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade e INE

(*) Orzamento / PIB Rexional

II.1.2. ORZAMENTO CONSOLIDADO

Deducidas as transferencias internas, cuxo importe ascende a 3.259,294 millóns de euros, o orzamento neto da Consellería elévase a 69,950 millóns de euros, representando un 2% do orzamento consolidado e incrementándose un 1,6% respecto ao ano 2015. O orzamento consolidado do Sergas (unha vez descontada a encomenda a ADOS) elévase a 3.416,634 millóns de euros e, cun incremento do 2,3%, absorbe o 97% do orzamento consolidado. O orzamento da ACIS é de 2,827 millóns de euros que supón un incremento do 26,1% e o da ADOS é de 24,120 millóns de euros que aumenta un 1,3% respecto do 2015. Este exercicio é o primeiro no que presentan o orzamento como axencias públicas polo que non se pode determinar a variación interanual por capítulos.

No seguinte cadro móstranse estes orzamentos desde a perspectiva da estrutura económica do gasto:

Cadro 4: Orzamento consolidado 2016. Estrutura económica (miles de euros)

Capítulo	Consellería	Sergas	ACIS	ADOS	Total	% var 16/15
I. Gastos de persoal	44.666	1.551.480	1.347	9.376	1.606.869	6,5%
II. Gastos en bens correntes e servizos	1.845	923.119	638	14.662	940.263	8,5%
IV. Transferencias correntes	4.763	766.019	8		770.790	-5,4%
V. Fondo de Continxencia		39.090			39.090	-46,3%
VI. Investimentos reais	18.677	132.923	834	82	152.516	6,4%
VII. Transferencias de capital		3.353			3.353	29,5%
Total gastos non financeiros	69.951	3.415.984	2.827	24.120	3.512.881	3,0%
VIII. Activos financeiros		650			650	0,0%
Total gastos financeiros		650			650	0,0%
Total orzamento gastos	69.950	3.416.634	2.827	24.120	3.513.531	3,0%

Fonte: Memoria dos Orzamentos 2016

Considerando a estrutura funcional por programas do orzamento consolidado para o exercicio 2016, móstrase no seguinte cadro a súa composición, apreciándose que os programas de prestación sanitaria (atención primaria e especializada) concentran o 95,2%.

Cadro 5: Orzamento consolidado 2016. Estrutura funcional por programas (miles de euros)

Programa	Consellería Sanidade	Sergas	ACIS	ADOS	Total	% s/total	
						2016	2015
411A Dirección e servizos xerais	9.990	38.546	1.993		50.528	1,4%	1,8%
412A Atención especializada		2.179.614		24.120	2.203.734	62,7%	61,8%
412B Atención primaria		1.141.608			1.141.608	32,5%	33,4%
413A Protección e promoción da saúde pública	59.959	7.297	555		67.812	1,9%	1,6%
414A Formación graduados e posgraduados		47.849			47.849	1,4%	1,3%
561C Fondo de investigación sanitaria		1.721	279		2.000	0,1%	0,0%
Total	69.950	3.416.634	2.827	24.120	3.513.531	100,0%	100,0%

Fonte: Memoria dos Orzamentos 2016

Atendendo aos programas sanitarios básicos (os referidos á prestación sanitaria e á saúde pública) que representan o 97,1% do total orzamentado, no seguinte cadro reflíctese a súa evolución durante o período 2013-2016, desagregando o orzamento de farmacia (epígrafe 489.0), que se inclúe dentro do programa de atención primaria, coa finalidade do seu tratamento individualizado:

Cadro 6: Evolución programas sanitarios básicos 2013-2016 (miles de euros)

Programa	2013	2014	2015	2016	% s/ total	% var16/15
Saúde pública	58.478	56.745	55.716	67.812	2,0%	21,7%
Atención primaria (excluída farmacia)	462.974	455.645	429.018	460.210	13,5%	7,3%
Farmacia-recetas (subconcepto 489.0)	722.593	713.644	710.498	681.398	20,0%	-4,1%
Atención especializada	2.056.220	2.047.272	2.107.313	2.203.734	64,6%	4,6%
Total	3.300.265	3.273.306	3.302.545	3.413.154	100,0%	3,3%

Fonte: Orzamentos CA

Cómpre sinalar que a evolución do gasto en receitas está condicionado por un cambio no criterio de imputación orzamentaria dos gastos derivados dos programas especiais. Estes gastos corresponden a receitas de medicamentos que se dispensan directamente nos servizos de farmacia dos hospitais e que polo tanto pasan a imputarse como gasto de atención especializada. Este cambio prodúcese no orzamento do 2016.

II.1.3. ORZAMENTO ENTIDADES VINCULADAS

Nesta epígrafe reflíctese o orzamento das entidades que, estando vinculadas ao Sergas, presentan un orzamento estimativo e ás que lles resulta de aplicación o réxime orzamentario previsto no capítulo V do Título III do TRLRFOG. Cabe sinalar, como se indicou ao describir o ámbito subxectivo, que este é o ano de inicio das dúas novas axencias resultantes da transformación de dúas fundacións, polo que o seu réxime orzamentario muda, pasando a regularse conforme ao establecido no capítulo IV do Título III do TRLRFOG.

Os orzamentos das entidades vinculadas que presentan orzamento estimativo e as transferencias correntes e de capital que se consignan nos orzamentos para o seu financiamento, detállanse no seguinte cadro:

Cadro 7: Entidades vinculadas. Orzamento e financiamento (miles de euros)

Organismo	Orzamento de gasto		Transferencias de financiamento		% variación orzamento 16/15		% variación transferencias 16/15	
	Explotación	Capital	Correntes	Capital	Explotación	Capital	Correntes	Capital
Galaria	13.849	621	14.167	0	-52,1%	-38,6%	-51,3%	-100,0%
F Ingo	1.131	100	1.107		-16,1%		0,5%	
FPUSG-061	51.524	3	42.601	3.353	2,1%	-99,1%	0,3%	34,4%
FPGMX	3.551	193	2.403		8,1%	78,7%		
Total	70.056	916	60.279	3.353	-35,6%	-39,3%	-18,8%	29,5%

Fonte: Memoria dos Orzamentos 2016

En canto á variación interanual cómpre analizar a situación de Galaria que ve reducido o seu orzamento respecto do ano 2015 un 52,1% o de explotación e un 38,6% o de capital. Esta modificación é o resultado da reestruturación que realizou a entidade a mediados do ano 2015 como consecuencia da segregación das unidades de Cirurxía Cardíaca e CardioloXía Intervencionista para a súa integración no Sergas. Esta reestruturación realizouse ao abeiro do Decreto 88/2015 do 25 de xuño e que entrou en vigor o 1 de xullo. Do mesmo xeito, cómpre sinalar o cambio de criterio no financiamento respecto da FPGMX que no ano 2016 pasa a ser financiada mediante transferencias de financiamento, cando ata este exercicio era financiada a través do capítulo II de gastos, fixando deste xeito un criterio de financiamento homoxéneo para todas as entidades dependentes do Sergas, tal e como se viña recomendando nos anteriores informes de fiscalización.


II.2. GASTO E FINANCIAMENTO DO SERGAS

II.2.1. GASTO REAL

O documento orzamentario presenta unha limitada capacidade como instrumento de previsión e control do gasto. Non só existe unha permanente insuficiencia estrutural dos créditos iniciais para dar cobertura ás obrigas de cada exercicio, senón que se recorre de forma periódica a xerar gasto que excede as consignacións orzamentarias. Esta situación obriga a incluír no ámbito da análise o concepto de gasto real que permite incorporar o efecto do gasto desprazado.

O gasto real no exercicio 2016 ascendeu a 3.795,637 millóns de euros e a súa evolución no período 2013-2016 foi a seguinte:

Gráfico 2: Gasto real 2013-2016 (millóns de euros)



Como se observa, o gasto real no exercicio sitúase un 6,1% por riba do volume do gasto acadado en 2013, mostrándose a continuación a evolución das súas principais magnitudes atendendo á clasificación económica do gasto:

Cadro 8: Gasto real por clasificación económica 2013-2016 (miles de euros)

	2013	2014	2015	2016	% s/total 2016	% var 16/15	% var 16/13
Gastos de persoal	1.565.788	1.561.730	1.611.887	1.657.912	43,7%	2,9%	5,9%
Gastos en bens e servizos correntes	1.056.508	988.774	1.124.122	1.174.641	30,9%	4,5%	11,2%
• <i>Consumo intermedio</i>	852.829	783.128	915.098	950.361	25,0%	3,9%	11,4%
• <i>Concertos</i>	203.679	205.646	209.024	224.280	5,9%	7,3%	10,1%
Gastos financeiros	2.278	14.349	11.063	9.090	0,2%	-17,8%	299,0%
Transferencias correntes	901.328	861.453	845.147	813.758	21,4%	-3,7%	-9,7%
• <i>Farmacia (489)</i>	808.582	762.740	754.507	727.828	19,2%	-3,5%	-10,0%
• <i>Resto transferencias</i>	92.747	98.713	90.639	85.930	2,3%	-5,2%	-7,4%
Investimentos	50.061	54.055	141.865	132.739	3,5%	-6,4%	165,2%
Transferencias de capital	167	2.167	2.287	2.833	0,1%	23,9%	1.596,4%
Activos financeiros	467	502	460	434	0,0%	-5,7%	-7,1%
Pasivos financeiros		14.904	32.637	4.228	0,1%	-87,0%	--
Total	3.576.598	3.497.934	3.769.468	3.795.637	100,0%	0,7%	6,1%

O gasto de persoal e o gasto farmacéutico a través de receita oficial (contabilizada dentro da epígrafe 489 e absorbendo a maior parte do seu importe) representan o 62,9% do total do gasto do exercicio 2016; se engadimos o gasto para os consumos intermedios necesarios para a prestación sanitaria esta porcentaxe elévase ata o 87,9% do gasto realizado. Cómpre facer referencia á consolidación dos gastos en investimentos e á redución dos gastos financeiros derivados dos atrasos nos pagamentos aos provedores.

II.2.2. FINANCIAMENTO

Os recursos, en termos de dereitos recoñecidos, para o financiamento dos gastos no exercicio 2016 ascenderon a 3.766,396 millóns de euros, un 1,1% superiores aos do exercicio anterior. Para a súa análise estrutúranse conforme á seguinte tipoloxía:

Cadro 9: Fontes de financiamento 2016 (miles de euros)

Tipo de recursos	Dereitos recoñecidos netos		
	2016	% s/total	% var 16/15
Recursos transferidos	3.693.030	98,1%	1,0%
Incondicionados	3.669.032	97,4%	2,4%
Sistema de financiamento	3.580.179	95,1%	2,4%
Servizos transferidos	88.853	2,4%	2,7%
Condicionados	23.998	0,6%	-67,7%
Transferencias Estado e CA	24.019	0,6%	118,4%
Fondos europeos	-21	0,0%	-100,0%
Recursos propios	63.292	1,7%	-9,4%
Outros recursos	10.074	0,3%	1.306,0%
Total	3.766.396	100,0%	1,1%

Recursos transferidos

Concentran o 98,1% dos recursos do Sergas e correspóndense con transferencias correntes e de capital. Clasifícanse segundo que o seu destino sexa a cobertura xeral dos gastos do organismo autónomo (incondicionados) ou que teñan como finalidade o financiamento de programas, proxectos ou plans específicos (condicionados).

Recursos incondicionados

Estes recursos teñen a súa orixe, basicamente, no sistema de financiamento xeral que responde aos fondos procedentes do modelo de financiamento do sector sanitario para as diferentes CCAA. Complétanse cos fondos derivados do traspaso de competencias de servizos sanitarios por determinadas institucións (deputacións) e que, á marxe do sistema xeral, se rexen polos respectivos acordos de transferencias.

Os fondos do sistema de financiamento aglutinan o 95% dos recursos. A súa estrutura ordénase ao redor de dous compoñentes básicos: por unha banda, a asignación que a Xunta, a través da Consellería de Sanidade, destina á asistencia sanitaria, consecuencia dun sistema que integra os recursos do sector sanitario no financiamento xeral da CA; e, por outra, os fondos específicos destinados á cobertura do gasto. A súa distribución móstrase no seguinte cadro:

Cadro 10: Recursos do sistema de financiamento 2016 (miles de euros)

	Dereitos recoñecidos	% s/total	% variación 16/15
Modelo de financiamento (asignación CA)	3.515.805	98,2%	1,9%
Fondos específicos	64.374	1,8%	42,3%
Fondo Cohesión Sanitaria	762	0,0%	--
Programa aforro IT	16.781	0,5%	35,3%
Asistencia estranxeiros	46.831	1,3%	42,6%
Total recursos	3.580.179	100,0%	2,4%

O actual modelo de financiamento, aprobado mediante a Lei 22/2009, do 18 de decembro, configura unha estrutura integradora de recursos. A sanidade forma parte, xunto coa educación e os servizos sociais, do denominado Fondo de Garantía de Servizos Públicos Fundamentais. Desde a perspectiva do sector sanitario, o modelo prima o ámbito de competencia de cada CA para decidir sobre os recursos que aplica a cada área de servizos públicos co reforzo da capacidade financeira, fronte a mecanismos de redistribución residenciados na Administración do Estado e cuxo maior expoñente estaría representado pola asignación de fondos finalistas. Deste xeito, o modelo pretende establecer condicións de igualdade desde un criterio exclusivamente financeiro, sobre a base de determinados parámetros (poboación axustada, superficie, dispersión,...) que son obxecto de controversia polas CCAA en función das súas características específicas (Galicia reivindica maior ponderación de factores como o envellecemento da poboación ou a súa dispersión). Así concibido, o nivel de protección sanitaria faise depender da capacidade de xestión dos recursos asignados por cada CA, sen que se definan ou teñan previstos mecanismos (instrumentos financeiros ou doutro tipo) destinados a garantir niveis homoxéneos entre os diferentes territorios. Os recursos do sistema de financiamento asignados pola CA ascenderon a 3.515,805 millóns de euros.

Á marxe do modelo de financiamento, as CCAA son receptoras de recursos derivados de fondos sanitarios específicos que representan o 1,8% do sistema de financiamento, cun importe de dereitos recoñecidos de 64,374 millóns de euros, un 42% superiores aos do exercicio anterior. Están integrados polos seguintes compoñentes:

- Fondo de Cohesión Sanitaria (FCS), instrumento creado en 2011 destinado á compensación de gastos por atención sanitaria aos desprazados entre CCAA e entre Estados da UE. O Real decreto-lei 16/2012, do 20 de abril, creou o Fondo de Garantía Asistencial (FOGA) como instrumento de compensación similar ao FCS e configurado como unha partida específica con carácter extraorxamentario. No exercicio 2016 recoñécense dereitos por 762 miles de euros.
- Programa de incapacidade temporal que, financiado polo INSS, vai dirixido ao control do gasto e á mellora da xestión da asistencia sanitaria nesta continxencia, determinándose os compromisos mediante convenios co Ministerio de Emprego e Seguridade Social. As transferencias por este concepto acadaron os 16,781 millóns de euros no exercicio fiscalizado, un 35% superiores ao exercicio anterior.
- Transferencias do INSS en concepto de compensación da asistencia sanitaria a residentes estranxeiros asegurados noutros Estados. O INSS actúa como xestor e as percepcións calcúlanse mediante un sistema de cotas globais. Este recursos presentan especial significación, resultado do saldo positivo que mantén a CA, acadando no exercicio un importe de 46,831 millóns de euros, un 43% superiores ao exercicio 2015.

Á marxe dos recursos procedentes do sistema de financiamento e con destino á cobertura das necesidades xerais do organismo, rexístranse transferencias procedentes das deputacións provinciais correspondentes aos servizos transferidos á CA respecto dos centros sanitarios que se xestionaban no ámbito daquelas institucións. No exercicio 2016 estes recursos acadaron 88,853 millóns de euros, sendo o seu detalle e evolución interanual os seguintes:

Cadro 11: Servizos transferidos 2015-2016 (miles de euros)

	2015	2016	% s/total	% var 16/15
Da Deputación da Coruña	27.797	28.413	32,0%	2,2%
Da Deputación de Lugo	7.541	7.706	8,7%	2,2%
Da Deputación de Ourense	19.699	20.531	23,1%	4,2%
Da Deputación de Pontevedra	31.505	32.203	36,2%	2,2%
Total	86.543	88.853	100,0%	2,7%

Recursos condicionados

Os recursos de carácter condicionado acadan no exercicio os 23,998 millóns de euros e representan o 0,6% do total. Derivan de transferencias correntes ou de capital destinadas ao financiamento de programas, proxectos e plans que dan cobertura a actuacións específicas.

Para unha axeitada comprensión destes recursos considerouse oportuno clasificalos en función da súa orixe, distinguindo os que proceden de fondos do Estado ou da CA e os que derivan de fondos europeos.

Os fondos do Estado e da CA supoñen 24,019 millóns de euros, correspondendo un 8% a transferencias de natureza corrente e un 92% de capital. Atendendo á súa finalidade, cabe destacar os procedentes do Fondo de Compensación Interterritorial (FCI) e os que teñen como destino principal axudas de investigación do Instituto Carlos III, os derivados do programa de uso racional do medicamento e os destinados ao plan de formación.

Os fondos comunitarios acadan no exercicio un saldo negativo ao ter contabilizado como un menor ingreso a devolución dos fondos non empregados, no marco dos convenios co Ministerio de Economía e Competitividade (MINECO), do H2050 e Innova Saúde. No caso de non ter contabilizado a devolución do préstamo como un menor ingreso, o saldo deste recurso acadaría un total de 20,934 millóns de euros. A súa análise efectúase no apartado relativo á execución do orzamento de ingresos.

Recursos propios

Os recursos propios ascenden a 63,292 millóns de euros, representando o 1,7% e sobre eles o organismo autónomo pode exercer plenamente a súa capacidade de xestión. Responden aos

dereitos rexistrados no capítulo III, V, VI e VIII do orzamento e descenden no exercicio fiscalizado respecto do anterior un 9,4%.

Outros recursos

Este apartado nos exercicios anteriores tiña carácter residual ao reservarse para a inclusión doutros recursos sen moita significación no conxunto do organismo autónomo; neste exercicio representa o 0,3%.

Non obstante, neste exercicio produciuse unha variación importante como consecuencia das achegas realizadas por fundacións privadas, en concreto a Fundación Amancio Ortega achegou ao orzamento do Sergas 9,748 millóns de euros.


O resto dos ingresos, ao igual que nos exercicios anteriores, correspóndense coas transferencias das fundacións de investigación que, na xestión dos fondos de investigación que perciben, trasladan ao orzamento do Sergas determinados importes para aplicar gastos (especialmente de persoal) nos centros de xestión do organismo; neste exercicio o importe foi de 194 miles de euros.

Ademais, figuran 80.000 euros do programa de incapacidade temporal de orixe musculoesquelético e 37.286 euros de achegas de empresas para fondos de formación.

II.2.3. ESCENARIO FINANCIERO

Constitúe un problema recoñecido o desaxuste que se produce no sistema sanitario entre o gasto e os recursos que o financian, como se pon de manifesto no seguinte cadro que reflicte a evolución do gasto real en relación cos dereitos recoñecidos no período 2013-2016:

Cadro 12: Evolución gasto real - dereitos recoñecidos 2013-2016 (miles de euros)



A evolución entre ambas as dúas magnitudes (dereitos e obrigas) maniféstase na xeración de obrigas non recoñecidas que teñen consecuencias na execución do orzamento e representan un factor de distorsión na xestión do organismo, aínda que cada vez menor. No seguinte cadro móstrase a evolución desta débeda así como a súa relación respecto das obrigas recoñecidas e do crédito inicial para o período 2013-2016:

Cadro 13: Evolución débeda/obrigas recoñecidas 2013-2016 (miles de euros)

	2013	2014	2015	2016
Total débeda	172.711	105.599	88.884	119.644
% s/obrigas recoñecidas	4,8%	3,0%	2,3%	3,2%
% s/crédito inicial	5,2%	3,2%	2,7%	3,5%

A asignación que a CA destina ao gasto sanitario no marco do sistema de financiamento é moi superior á que establece a través dos seus orzamentos iniciais. No exercicio 2016 o financiamento adicional acada os 332,256 millóns de euros, procedendo 99,116 millóns de euros dun maior endebedamento autorizado para a CA no Consello de Política Fiscal e Financeira e 229,975 millóns de euros da sección 23 do programa de imprevistos.

No seguinte cadro, móstrase a evolución deste financiamento adicional e o seu peso respecto do orzamento inicial no período 2013-2016:

Cadro 14: Evolución do financiamento adicional nos orzamentos 2013-2016 (miles de euros)

	2013	2014	2015	2016
Financiamento adicional (*)	274.482	279.509	403.185	332.256
% s/ orzamentos iniciais Sergas	8,2%	8,4%	12,1%	9,7%

(*) Non inclúe os incrementos do orzamento Sergas financiados pola Consellería

Como se vén observando en informes anteriores, a situación reflectida aconsella a adopción de medidas que permitan asegurar a sustentabilidade do sistema ao tempo que se deben reforzar aquelas tendentes a utilizar os recursos dispoñibles dunha maneira máis eficiente. A implantación dun sistema estable de financiamento posibilitaría a formulación de orzamentos realistas acompañados de medidas rigorosas para o seu cumprimento.

III. RÉXIME DE CONTROL INTERNO

O control interno do Sergas exerceuse, desde o exercicio 2008, mediante a modalidade de control financeiro permanente, substituíndo a anterior función interventora.

Os informes de fiscalización da Conta Xeral do Sergas veñen incorporando análises e observacións sobre a configuración e aplicación do control financeiro permanente desde a súa instauración. Da súa consideración conxunta conclúese a limitada capacidade desta modalidade de control para dar cumprimento aos obxectivos da súa implantación, tendo como resultado unha redución no control sobre a actividade do organismo autónomo.

Cómpre sinalar que o exercicio 2016 será o último no que se desenvolve esta modalidade de control, xa que a partir do 2017 realizarase mediante o sistema de "control financeiro de ciclo continuo".

O Plan de control para o exercicio 2016 recollía as seguintes actuacións:

- Un control financeiro sobre a información económico-financeira do Sergas.
- A finalización dos controis pendentes (principalmente polo retraso na obtención da información necesaria para a súa execución) derivados de plans anteriores.
- Un control financeiro permanente de legalidade sobre as áreas de contratación, convenios e concertos, persoal e transferencias e outro tipo de expedientes.

No exercicio de referencia non consta informe definitivo de control financeiro permanente ao non ter rematadas as actuacións do Plan anual. Só se ten constancia dun informe definitivo relativo á EOXI de Pontevedra e O Salnés sobre unha mostra de expedientes de contratos menores, convenios, autorizacións de uso, farmacia, Fondo de Manobra, gasto de persoal e subministracións de material radiolóxico e medicina nuclear.

Porén, o control orzamentario e o da facturación realizouse de modo permanente a través dos sistemas de xestión e de facturación, tanto do Sergas como da Consellería de Facenda, sen que do dito control conste ningunha información ou documentación formal.

Como xa se indicou, o exercicio económico 2016 foi o último no que se desenvolveu o sistema de control financeiro, que será substituído polo sistema de control financeiro de ciclo continuo aprobado polo Decreto 30/2017, do 30 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e desenvolvido mediante Acordo do Consello da Xunta do 27 de abril de 2017 e pola Instrución 2/2017, da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, pola que se ditan normas para o correcto funcionamento do control financeiro no ámbito do Sergas.

Así, o Plan anual de control financeiro de ciclo continuo no Sergas para o 2017 establece a conclusión das actuacións do Plan de control para o 2016, así como a realización de actuacións previas para a implantación do novo sistema de control nas diferentes EOXI e a realización de auditorías de procedementos nas áreas de subministracións, gasto farmacéutico, persoal e contratos, concertos e convenios.

IV. ANÁLISE DA CONTA XERAL

IV.1. RENDICIÓN DE CONTAS

A Conta do Sergas, integrada na Conta Xeral da CA, rendida en prazo pola Intervención Xeral, está constituída polos seguintes documentos: Conta Xeral da Administración do Sergas, Conta de Patrimonio, Relación de acredores das seccións orzamentarias, Relación de acredores de ordenación

de pagamentos, Diarios de operacións das oficinas contables, Estados maiores do exercicio, Estado maior de exercicios anteriores e Estado maior de exercicios futuros.

Segundo o PXCP, as contas anuais deben comprender o balance, a conta do resultado económico-patrimonial, o estado de liquidación do orzamento e a memoria. Polo tanto, coa información rendida só se pode dar por cumprida a obriga de rendición do estado de liquidación do orzamento. Esta incidencia ponse de manifesto de forma reiterada en anteriores informes de fiscalización.

A formación dos estados financeiros previstos na contabilidade pública posibilita o rexistro contable daquelas operacións derivadas de todo tipo de gastos en bens e servizos que o organismo recibe e que non se aplican ao orzamento. A carencia da información económico-financeira esixible dentro das contas anuais imposibilita o coñecemento da situación patrimonial da entidade, dos pasivos relevantes e dos riscos de carácter financeiro por litixios pendentes ou outras continxencias futuras.

Integrando a Conta Xeral da CA réndense as contas das seguintes entidades do sector público autonómico vinculadas ao Sergas: Galaria, F Ingo, FPUSG-061, FPGMX, e por primeira vez as dúas novas axencias ACIS e ADOS, antes Fegas e FP CTG.

IV.2. ORZAMENTO INICIAL

IV.2.1. OBXECTIVOS ORZAMENTARIOS

O documento orzamentario incorpora obxectivos que son o resultado do proceso de transmisión dos formulados no Plan estratéxico da CA que, nun escenario plurianual, contén as liñas básicas de actuación do sector público galego. A integración no orzamento faise mediante a asignación de obxectivos (estratéxicos e operativos) e indicadores aos programas de gasto do orzamento sanitario (Consellería e Sergas).

O Consello da Xunta de Galicia aprobou, na reunión do día 28 de xaneiro do 2016, o novo Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, no que se inclúen as liñas estratéxicas da actividade do sector público autonómico para o referido período.

O 11 de xullo de 2016 publicouse no Diario Oficial de Galicia a Orde da Consellería de Facenda do 30 de xuño de 2016 polo que se establece o Plan de avaliación e seguimento do Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, específico para o período de avaliación 2016-2017.

Os orzamentos, tanto para o exercicio 2015 como para o 2016, enmárcanse no novo Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, establecendo, ao igual que se facía no anterior “Plan Estratéxico de Galicia 2010-2014: Horizonte 2020” unha asignación de obxectivos estratéxicos e operativos aos diferentes programas de gasto, tal e como se fai constar na Memoria de obxectivos e programas que acompaña os orzamentos.

No informe desta institución relativo ao período 2011-2013² que analiza o proceso orzamentario de incorporación dos obxectivos do Plan advertíase das insuficiencias na súa formulación. Non consta unha análise da execución do Plan estratéxico 2010-2014 que proporcione información da eficiencia e eficacia do gasto público no sistema sanitario, nin que sirva de ferramenta para unha maior eficiencia na asignación dos recursos públicos.

A partir do novo Plan apréciase unha mellora na formulación dos obxectivos respecto dos exercicios anteriores, cunha reformulación deles (incorporación de medidas finalistas en detrimento das de soporte) e incrementando os obxectivos operativos e os correspondentes indicadores. Non obstante, mantéñense as limitacións expostas no referido informe, xa que na actualidade, a pesar do desenvolvemento normativo mencionado, non se ten formulado ningún informe de seguimento e avaliación.

IV.2.2. CRÉDITOS ORZAMENTARIOS

IV.2.2.1. SITUACIÓN, EVOLUCIÓN E SUFICIENCIA FINANCEIRA

O orzamento do Sergas para o ano 2016 elévase a 3.435,942 millóns de euros, cun incremento do 2,8% recuperando niveis de crédito similares aos de 2012, tal e como reflicte o seguinte gráfico:

Gráfico 3: Evolución orzamento inicial 2012-2016 (miles de euros)



Para avaliar a suficiencia financeira dos orzamentos aprobados para afrontar as necesidades do sistema tómanse como referencia os valores das obrigas recoñecidas e do gasto real dos exercicios respectivos e do anterior. A relación entre estes parámetros no período é a seguinte:

² Informe fiscalización sobre os obxectivos da Área do Sergas formulados no documento orzamentario. Exercicios 2011-2013

Cadro 15: Créditos iniciais, obrigas e gasto real 2013-2016 (miles euros)

	2013	2014	2015	2016	% var 16/15	% var 16/13
Crédito inicial	3.348.885	3.326.117	3.341.416	3.435.942	2,8%	2,6%
Obrigas recoñecidas	3.568.987	3.566.242	3.786.212	3.764.876	-0,6%	5,5%
Gasto real	3.576.583	3.497.934	3.769.468	3.795.637	0,7%	6,1%
CI/OR ano anterior	91,6%	93,2%	93,7%	90,7%		
CI/GR ano anterior	95,1%	93,0%	95,5%	91,2%		
CI/OR ano actual	93,8%	93,3%	88,3%	91,3%		
CI/GR ano actual	93,6%	95,1%	88,6%	90,5%		

Constátase a insuficiencia estrutural dos créditos do organismo para afrontar as súas necesidades. Neste escenario, os desaxustes sistemáticos entre o crédito inicial e o gasto real amosan un problema que afecta á representatividade do orzamento. Porén, cómpre aclarar que os datos de 2015 están afectados por unha medida de carácter excepcional non prevista nos créditos iniciais como foi o Plan estratéxico para a hepatitis C³ e os do exercicio 2016 pola Lei 7/2016, do 1 de xullo, na que se aproba unha retribución de carácter extraordinario para os empregados do sector público para facer efectiva a devolución da parte da paga extra do ano 2013 devindicada con anterioridade á entrada en vigor da Lei de orzamentos dese ano e na que se aprobaba a redución das pagas extras no importe do complemento específico.

IV.2.2.2. ANÁLISE DA ESTRUCTURA DOS CRÉDITOS

Neste apartado faise unha análise do orzamento inicial atendendo á súa clasificación funcional por programas, económica e orgánica.

Clasificación funcional por programas

Esta ordenación obedece a unha configuración en ámbitos funcionais que atende a unha dobre clasificación: a máis ampla, representada pola función (neste caso sanidade) e outra máis específica destinada aos programas de gasto. A clasificación por programas non forma parte da estrutura vinculante dos créditos nin das partidas contables, sendo a ferramenta operativa de translación dos plans e orientacións estratéxicas ao orzamento. Ao sinalado no apartado anterior respecto das limitacións da configuración dos créditos ao redor dos programas de gasto, únense as especificidades do sector sanitario e a falta de resposta da vixente estrutura aos seus requirimentos. Esta mantén invariable seis programas, practicamente exclusivos da función sanidade (agás o correspondente ao Fondo de Investigación Sanitaria con escasa significación no gasto).

A análise dos créditos do orzamento asociados a programas de gasto redúcese á que se deriva da información cuantitativa e que ofrece unha imaxe recorrente e sen alteracións significativas respecto

³ Acordo adoptado polo Consello Interterritorial do SNS o 14 de xaneiro de 2015

do exercicio anterior. Deste xeito, os programas asistenciais de atención primaria e atención especializada teñen asignados o 97,2% do orzamento inicial. Entre eles, a hexemonía correspóndelle ao de atención especializada que absorbe o 64% dos créditos, concentrando o seu peso nos gastos de persoal e no gasto corrente. O programa de atención primaria representa o 33,2% do orzamento aprobado, tendo unha especial incidencia o gasto en farmacia a través de receitas médicas. Ao programa de dirección e servizos xerais destínase o 1,1% do orzamento e ao de formación de graduados e posgraduados o 1,4%, presentando o resto un carácter residual.

Cadro 16: Créditos iniciais por clasificación funcional-económica 2016 (miles de euros)

Capítulo	Programa							% s/total	% var 16/15
	Dir. e serv. xerais	Atención especializada	Atención primaria	Prot. e promoc. da saúde púb.	Formación de graduados e postgrad.	Investigación sanitaria	Total		
Gastos persoal	7.685	1.076.972	418.631	0	47.471	721	1.551.480	45,2%	5,8%
Gastos en bens correntes e servizos	1.870	911.914	28.494	150	0	0	942.427	27,4%	9,0%
Transferencias correntes	0	77.863	681.398	6.758	0	0	766.019	22,3%	-5,3%
Fondo continxencia	0	39.090	0	0	0	0	39.090	1,1%	-
Total gastos correntes	9.554	2.105.839	1.128.523	6.908	47.471	721	3.299.016	96,0%	2,7%
Investimentos reais	28.599	89.471	13.085	389	378	1.000	132.923	3,9%	5,7%
Transferencias capital	0	3.353	0	0	0	0	3.353	0,1%	29,5%
Activos financeiros	392	258	0	0	0	0	650	0,0%	0,0%
Total	38.546	2.198.922	1.141.608	7.297	47.849	1.721	3.435.942	100,0%	2,8%
% s/total	1,1%	64,0%	33,2%	0,2%	1,4%	0,1%	100,0%		

Clasificación económica

Atendendo á clasificación económica, a preponderancia corresponde ás operacións correntes, co 96% dos créditos aprobados, segundo se mostra no seguinte cadro:

Cadro 17: Créditos iniciais por clasificación económica 2015-2016 (miles de euros)

Capítulo	2015		2016		Variación 16/15	
	Importe	% s/total	Importe	% s/total	Absoluta	%
I Gastos de persoal	1.465.845	43,9%	1.551.480	45,2%	85.635	5,8%
II Gastos correntes	864.803	25,9%	942.427	27,4%	77.624	9,0%
<i>Concertos (art 25)</i>	201.849	6,0%	199.051	5,8%	-2.798	-1,4%
IV Transferencias correntes	808.992	24,2%	766.019	22,3%	-42.973	-5,3%
<i>Farmacia (concepto 489)</i>	710.498	21,3%	681.398	19,8%	-29.100	-4,1%
V Fondo de Continxencia	72.819	2,2%	39.090	1,1%	-33.729	-46,3%
Operacións correntes	3.212.459	96,1%	3.299.016	96,0%	86.557	2,7%
VI Investimentos reais	125.719	3,8%	132.923	3,9%	7.204	5,7%
VII Transferencias de capital	2.589	0,1%	3.353	0,1%	764	29,5%
Operacións de capital	128.308	3,8%	136.276	4,0%	7.969	6,2%
Operacións non financeiras	3.340.766	100,0%	3.435.292	100,0%	94.526	2,8%
VIII Activos financeiros	650	0,0%	650	0,0%	0	0,0%
Operacións financeiras	650	0,0%	650	0,0%	0	0,0%
Total	3.341.416	100,0%	3.435.942	100,0%	94.526	2,8%

Cómpre sinalar que no exercicio 2016 produciuse un cambio no criterio de orzamentación relativo aos programas especiais de farmacia que pasaron de rexistrarse no concepto 489 a contabilizarse no subconcepto 221.06, o que explica as variacións expresadas no cadro para esas epígrafes.

O orzamento do Sergas vén sendo modificado de forma recorrente con recursos adicionais procedentes de fontes diversas, así como a distribución do Fondo de Continxencia conforme ao seu destino final:

- Créditos do programa de imprevistos da sección 23, que leva consigo unha detracción de recursos noutros programas de gasto.
- Maior endebedamento dentro dos límites autorizados, xa que o Consello de Política Fiscal y Financeira aproba fixar o obxectivo de déficit para Galicia no 0,7% (un 0,4% por riba do fixado inicialmente que era do 0,3%) e maiores ingresos derivados da liquidación definitiva do sistema de financiamento do exercicio 2014.
- Baixas de créditos procedentes doutros órganos (Consellería de Economía, Emprego e Industria, Inega e Axencia Galega de Innovación).

O cadro seguinte mostra os importes e capítulos que financia:

Cadro 18: Recursos de financiamento do Sergas 2016 (miles de euros)

	Importe	Capítulo que financia						
		I	II	III	IV	V	VI	VII
Fondo Continxencia Sergas	39.090	30.359		8.731				
Total recursos internos	39.090	30.359		8.731				
Imprevistos (sección 23)	253.891	60.668	122.800		46.507	5.000	17.976	940
Maior endebedamento e ingresos da liquidación definitiva do sistema de financiamento do ano 2014	75.200		75.200					
Baixas de crédito procedentes doutros órganos	3.165						3.165	
Total recursos externos	332.256	60.668	198.000		46.507	5.000	21.141	940
Total	371.346	91.027	198.000	8.731	46.507	5.000	21.141	940

Retomando a situación da asignación inicial dos créditos segundo a clasificación económica do gasto, cabe destacar o incremento das operacións correntes (2,7%) respecto do exercicio anterior. A maior variación, en termos absolutos, prodúcese no capítulo I que se incrementa en 85,635 millóns de euros, un 5,8%, e nos demais capítulos a análise vén condicionada polo cambio de criterio de orzamentación dos programas especiais que pasan do capítulo IV ao capítulo II.

Respecto do Fondo de Continxencia en función da efectiva aplicación que tivo durante o exercicio, deberían terse en conta os datos reflectidos no seguinte cadro no que se realiza este axuste:

Cadro 19: Axuste créditos iniciais por Fondo de Continxencia (miles de euros)

	Cap I	Cap III
Crédito inicial [A]	1.551.480	0
Fondo Continxencia inicial [B]	30.359	8.731
Crédito axustado [C]=[A]+[B]	1.581.839	8.731
% variación [C]/[A]	1,96%	--

Clasificación orgánica

Desde a perspectiva orgánica, o organismo autónomo ordénase ao redor dun departamento central e dunha estrutura periférica constituída polas EOXI.

Cadro 20: Créditos por clasificación orgánica 2015-2016 (miles de euros)

Centro	2015	2016	% var 16/15
1501 EOXI A Coruña	565.256	577.508	2,2%
1505 EOXI Ferrol	208.281	213.206	2,4%
1571 EOXI Santiago	500.486	514.013	2,7%
A Coruña	1.274.022	1.304.727	2,4%
2701 EOXI Lugo	422.322	435.408	3,1%
Lugo	422.322	435.408	3,1%
3201 EOXI Ourense	404.533	414.220	2,4%
Ourense	404.533	414.220	2,4%
3601 EOXI Vigo	612.300	679.891	11,0%
3603 EOXI Pontevedra	325.075	332.156	2,2%
Pontevedra	937.375	1.012.048	8,0%
5001 Servizos Centrais	303.163	269.540	-11,1%
Servizos Centrais	303.163	269.540	-11,1%
Total	3.341.416	3.435.942	2,8%

Como se pode observar, os créditos incrementáanse en todos os centros agás en Servizos Centrais que se reducen nun 11,1%.

IV.3. MODIFICACIÓNS ORZAMENTARIAS

IV.3.1. ASPECTOS XERAIS

No ano 2016 as modificacións orzamentarias contabilizadas alcanzan un importe neto de 357,198 millóns de euros, o que supón un incremento do orzamento inicial do 10,4%, fixando o orzamento definitivo en 3.793,140 millóns de euros. A súa distribución, segundo a clasificación funcional, detállase no anexo 1.

Atendendo á clasificación económica do orzamento de gastos, as variacións que rexistran os importes inicialmente autorizados como consecuencia da aprobación das modificacións de crédito son as seguintes:

Cadro 21: Modificacións orzamentarias por clasificación económica (miles de euros)

Modificación	Capítulo									Total
	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX	
Créditos extraordinarios	0	0	8.731	0	0	0	0	0	0	8.731
Suplementos de crédito	30.359	0	0	0	0	0	0	0	0	30.359
Ampliacións de crédito	72.974	201.179	0	47.527	5.000	21.566	940	0	4.228	353.414
Transferencias positivas	88.709	12.334	0	1.307	0	18.761	61	1	0	121.173
Transferencias negativas	-85.718	-13.180	0	-1.139	-5.000	-15.486	-651			-121.173
Incorporacións de crédito	334	2	0	26	0	28.451	123	0	0	28.936
Xeracións de crédito	1.802	6.019	360	53	0	1.650	0	16	0	9.899
Baixas en créditos	-1.806	-4.167	0	-298	-39.090	-27.732	-849	-200	0	-74.141
Total	106.653	202.187	9.090	47.476	-39.090	27.211	-376	-182	4.228	357.198

Como se pode apreciar, seguen sendo os capítulos I (Gastos de persoal) e II (Gastos en bens e servizos) os que rexistran maiores dotacións complementarias dos seus créditos. A continuación está o capítulo IV Transferencias correntes (á diferenza do que acontecía no exercicio 2015 no que o terceiro lugar correspondíalle ao capítulo VI Investimentos reais e reproducindo a situación do exercicio 2014). Dentro dos capítulos II e IV destaca o gasto farmacéutico na súa dobre vertente, en concepto de subministracións (epígrafe 221) e como transferencias correntes (epígrafe 489).

En canto á variación interanual dos expedientes tramitados, reflectida no seguinte cadro, obsérvase que o seu número increméntase en 12, invertendo a tendencia dos anos precedentes. Porén, apréciase unha considerable diminución no importe das modificacións a nivel global (31,7%).

Cadro 22: Modificacións orzamentarias 2015-2016 (miles de euros)

Modificación	2015		2016		Variación do importe	
	Núm. expedientes	Importe	Núm. expedientes	Importe	Absoluta	%
Créditos extraordinarios	(*) 1	11.064	1	8.731	-2.334	-21,1%
Suplementos de crédito	(*) 3	58.723	1	30.359	-28.364	-48,3%
Ampliacións de crédito	26	453.602	19	353.414	-100.188	-22,1%
Incorporacións de crédito	2	77.208	6	28.936	-48.273	-62,5%
Xeracións de crédito	52	9.842	54	9.899	58	0,6%
Baixas de crédito	16	-87.704	19	-74.141	13.563	-15,5%
Transferencias de crédito	43	(+/-)57.610	55	(+/-)121.173	63.563	110,3%
Total	143	522.736	155	357.198	-165.538	-31,7%

(*) Nun mesmo expediente tramitase conxuntamente o crédito extraordinario e un suplemento de crédito

Desde a perspectiva temporal, mostrada a continuación, apréciase a concentración no mes de decembro da contía máis elevada das modificacións de crédito (52%), principalmente as ampliacións, seguindo a mesma tendencia de anos anteriores, situación que denota carencias nas previsións orzamentarias. A orde de peche do exercicio fiscalizado fixou como data límite de entrada na Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos dos expedientes de modificacións orzamentarias o 25 de novembro (aumentando o prazo previsto en exercicios anteriores) agás as destinadas á cobertura de gastos de persoal.

Cadro 23: Cronoloxía da xestión das modificacións orzamentarias 2016 (miles de euros)

Mes	Extraordinarios		Suplementos		Ampliacións		Xeracións		Incorporacións		Baixas		Transferencias	
	Exptes.	Importe	Exptes.	Importe	Exptes.	Importe	Exptes.	Importe	Exptes.	Importe	Exptes.	Importe	Exptes.	Importe
Xaneiro													2	114
Febreiro									1	16.641	1	-516	1	14
Marzo					1	146	12	7.541	4	10.717			7	18.589
Abril	1	8.731					6	382	1	1.578	3	-8.758	4	404
Maio					1	4.228	3	198			3	-347	8	370
Xuño					1	23.916	2	22			1	-44	4	19.299
Xullo					2	3.675	7	311			1	-149	4	17.261
Agosto							3	788			1	-16	2	23.895
Setembro			1	30.359	1	47	6	366			1	-30.359	4	16.988
Outubro					4	3.973	3	61			2	-2.621	5	2.724
Novembro					4	100.401	7	204			2	-400	7	10.511
Decembro					5	217.028	5	27			4	-30.933	7	11.004
Total	1	8.731	1	30.359	19	353.414	54	9.899	6	28.936	19	-74.141	55	(+-)121.173

A evolución na contía das modificacións orzamentarias, atendendo á estrutura da clasificación económica, é a que reflicte o seguinte cadro co detalle desagregado no anexo 2:

Cadro 24: Modificacións orzamentarias por clasificación económica 2015-2016 (miles de euros)

Capítulo	2015		2016		Variación importe	
	Importe	% s/total	Importe	% s/total	Absoluta	%
I Gastos de persoal	147.696	28,3%	106.653	29,9%	-41.043	-27,8%
II Gastos correntes	282.304	54,0%	202.187	56,6%	-80.117	-28,4%
III Gastos financeiros	11.064	2,1%	9.090	2,5%	-1.974	-17,8%
IV Transferencias correntes	41.389	7,9%	47.476	13,3%	6.087	14,7%
V Fondo de Continxencia	-72.819	-13,9%	-39.090	-10,9%	33.729	-46,3%
VI Investimentos reais	80.271	15,4%	27.211	7,6%	-53.060	-66,1%
VII Transferencias de capital	160	0,0%	-376	-0,1%	-537	-334,3%
VIII Activos financeiros	32	0,0%	-182	-0,1%	-215	-661,9%
IX Pasivos financeiros	32.637	6,2%	4.228	1,2%	-28.409	-87,0%
Total	522.736	100,0%	357.198	100,0%	195.065	-31,7%

O detalle das modificacións orzamentarias nos distintos centros xestores do Sergas é o que se reflicte no anexo 3.

IV.3.2. ANÁLISE POR TIPOS DE MODIFICACIÓNS

AMPLIACIÓNS DE CRÉDITO

Son ampliables aqueles créditos respecto dos que especificamente unha lei establece que a súa contía máxima é modificable. Mediante operacións de ampliación as cifras do orzamento modifícanse contablemente, aínda que, en rigor, non se altera o mandato do legislativo senón que

este se concreta cuantitativamente na execución do orzamento. Isto non quere dicir que os importes recollidos con carácter inicial nunha partida orzamentaria se deban afastar do que sería previsible.

O importe das ampliacións de crédito autorizadas en 2016 elevouse a 353,414 millóns de euros, o que representa unha redución do 22,1% con respecto ao exercicio precedente. A súa distribución funcional-económica é a que se reflicte no seguinte cadro:

Cadro 25: Ampliacións de crédito por clasificación funcional e económica (miles de euros)

Programa	Capítulo							Total	% s/total
	I	II	IV	V	VI	VII	IX		
411A Dirección e servizos xerais de sanidade					47		4.228	4.275	1,2%
412A Atención especializada	54.833	201.179		5.000	19.870	400		281.282	79,6%
412B Atención primaria	14.368		46.507		1.649	540		63.064	17,8%
413A Protección e promoción saúde pública			1.020					1.020	0,3%
414A Formación graduados e posgraduados	3.661							3.661	1,0%
561C Fondo de investigación sanitaria	112							112	0,0%
Total	72.974	201.179	47.527	5.000	21.566	940	4.228	353.414	100,0%
% s/total	20,6%	56,9%	13,4%	1,4%	6,1%	0,3%	1,2%	100,0%	

Os capítulos I, II e IV absorben o 90,9% das ampliacións de crédito, concentrándose o gasto en produtos farmacéuticos e material sanitario (epígrafe 221.06), outro material sanitario (epígrafe 221.16) e gasto en receitas médicas (epígrafe 489.0).

Entre as ampliacións recóllese, do mesmo xeito que no exercicio precedente, un expediente en formalización por importe de 4,228 millóns de euros. As fontes de financiamento do resto de ampliacións de crédito reflíctense no seguinte cadro, estruturadas ao redor de tres grandes eixes:

Fontes financiamento		Importe
1. Financiamento interno		14.054
2. Financiamento externo para cubrir insuficiencias de crédito		332.256
2.a. Sección 23 "Gastos de diversas consellerías" -concepto 520 (*)		253.891
2.b. Maior endebedamento e ingresos da liquidación definitiva do sistema de financiamento do ano 2014		75.200
2.c. Baixas de crédito procedentes doutros órganos		3.165
3. Financiamento externo para actuacións específicas		2.876
Total financiamento ampliacións		349.186

(*) Inclúe unha parte que foi ampliada co incremento do obxectivo de estabilidade (23,916 millóns de euros)

1. Financiamento interno. Ten a súa orixe en baixas que se producen noutros créditos do propio orzamento do Sergas e ten un efecto redistributivo. Redúcese nun 18,3% respecto do exercicio anterior.

2. Financiamento externo destinado a cubrir insuficiencias nos créditos do Sergas. Cun importe no exercicio de 332,256 millóns de euros e unha redución do 17,6% respecto do exercicio anterior, diferénciase, atendendo á súa orixe, en tres compoñentes:

- a) O que provén da aplicación de créditos do orzamento de gastos xestionado a través da Sección 23 programa de "Imprevistos e Funcións non Clasificadas" (621B), cun importe neste exercicio de 253,891 millóns de euros.
- b) O que provén do maior endebedamento dentro dos límites autorizados, xa que o Consello de Política Fiscal y Financeira aproba fixar o obxectivo de déficit para Galicia no 0,7% (un 0,4% por riba do fixado inicialmente que era do 0,3%). O importe previsto inicialmente estaba cuantificado en 174,127 millóns de euros. A contía equivalente ao 0,7% do PIB é de 402,774 millóns de euros. Como xa se tiña autorizado unha xeración de crédito por importe de 160 millóns de euros, quedan pendentes de utilizar, polo tanto, 68,647 millóns de euros. En definitiva, propóñense como fonte de financiamento desta ampliación, ademais do endebedamento sinalado, maiores ingresos derivados da liquidación definitiva do sistema de financiamento do exercicio 2014. Ten por obxecto ampliar crédito por importe de 75,200 millóns de euros no concepto 221.06 "Produtos farmacéuticos e material sanitario" das sete EOXI.
- c) O que provén de baixas de créditos procedentes doutros órganos (Consellería de Economía, Emprego e Industria, Inega e da Axencia Galega de Innovación). Ampliáse crédito no capítulo VI por importe de 3,165 millóns de euros.

3. Financiamento externo para actuacións específicas, que ten a súa orixe nos fondos transferidos pola Consellería de Sanidade, cun importe de 2,876 millóns de euros.

TRANSFERENCIAS DE CRÉDITO

Supoñen un cambio no destino ou finalidade dun crédito como resultado da asignación da dotación a outro diferente. Estas modificacións están sometidas a limitacións na normativa orzamentaria.

Os expedientes de transferencia de crédito do exercicio fiscalizado ascenden a 121,173 millóns de euros, cun incremento do 110,3% respecto do anterior, e supón o maior volume dos últimos catro exercicios, segundo se detalla na seguinte táboa:

Cadro 26: Transferencias de crédito. Evolución 2013-2016 (miles de euros)

	Exercicios			
	2013	2014	2015	2016
Número de expedientes	82	58	43	55
Importe	105.464	118.438	57.610	121.173

Atendendo aos efectos que estas modificacións tiveron no orzamento de gastos do organismo autónomo, advírtese a redución que experimentan, en maior medida, os créditos de atención especializada e tamén os de protección e promoción da saúde pública fronte ao incremento dos de atención primaria e, de forma salientable, os de formación, constituíndo os capítulos de investimentos reais e de persoal os principais receptores de transferencias e o Fondo de Continxencia o principal financiador (de xeito similar ao exercicio 2014 e á diferenza do ano anterior no que o era o capítulo de transferencias correntes), tal e como se reflicte no seguinte cadro:

Cadro 27: Transferencias de crédito por clasificación funcional e económica (miles de euros)

Programa	Capítulo							Total
	I	II	IV	V	VI	VII	VIII	
411A Dirección e servizos xerais de sanidade	-535	76	114		-66		1	-409
412A Atención especializada	-11.817	-680	55	-5.000	5.386	-590		-12.646
412B Atención primaria	7.072	-260			-1.747			5.064
413A Protección e promoción saúde pública		-5			-297			-302
414A Formación graduados e posgraduados	7.997	23						8.020
561C Fondo de investigación sanitaria	273							273
Total	2.991	-846	169	-5.000	3.275	-590	1	0

INCORPORACIÓNS DE CRÉDITO

Supoñen a translación de remanentes de crédito do exercicio anterior ao corrente. A normativa orzamentaria recoñece a posibilidade de incorporación dos remanentes de determinados créditos que na práctica véñse limitando aos que proceden de fondos ou subvencións finalistas, tanto da UE como do Estado.

No exercicio 2016 autorizáronse seis expedientes de incorporación de crédito por un total de 28,936 millóns de euros. Este importe redúcese nun 62,5% en relación co exercicio precedente. Sinalar ao respecto que esta modificación, que afecta a fontes de financiamento finalista, non deu lugar á modificación das previsións do orzamento de ingresos.

O detalle por programas e capítulos móstrase no seguinte cadro:

Cadro 28: Incorporacións de crédito por clasificación funcional e económica (miles de euros)

Programa	Capítulo					Total
	I	II	IV	VI	VII	
411A Dirección e servizos xerais de sanidade	0	0	26	578		605
412A Atención especializada	10	2	0	21.253	0	21.265
412B Atención primaria	50	0	0	6.221	0	6.271
413A Protección e promoción saúde pública		0	0	108		108
561C Fondo de investigación sanitaria	274			291	123	687
Total	334	2	26	28.451	123	28.936

XERACIÓNS DE CRÉDITO

A través das xeracións de crédito incrementábase o crédito dunha aplicación orzamentaria ou créase unha nova como consecuencia de ingresos que efectivamente se teñan realizado.

Na súa análise diferéncianse as seguintes:

- As que, cun importe de 8,903 millóns de euros resultado de 42 expedientes, proveñen:
 - Das achegas doutras administracións públicas ou de persoas físicas ou xurídicas (artigo 69.1.a) e c) do TRLRFOG). Aprobáronse 34 expedientes por un importe de 8,786 millóns de euros, alcanzando os derivados de ingresos producidos no último trimestre do exercicio anterior os 257.467 euros (soamente o 2,9% do importe destes expedientes fronte o 55% do exercicio pasado).
 - De compensacións económicas de pólizas subscritas con compañías de seguros, en aplicación do previsto no artigo 5.g) da Lei 12/2015, do 24 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016. Corresponden a 8 expedientes por importe de 116 miles de euros.
- As reposicións de crédito establecidas no artigo 70 do TRLRFOG. Tramítanse 12 expedientes por 997 miles de euros que responden ao reintegro de pagamentos indebidos.

O destino dos fondos que proveñen das xeracións de crédito (incrementáronse un 0,6% respecto do exercicio anterior) foi o seguinte atendendo á clasificación funcional e económica:

Cadro 29: Xeracións de crédito por clasificación funcional e económica (miles de euros)

Programa	Capítulo						Total
	I	II	III	IV	VI	VIII	
411A Dirección e servizos xerais de sanidade		1		23	522	16	562
412A Atención especializada	480	5.991	360	30	88		6.949
412B Atención primaria	171	27			398		596
414A Formación graduados e posgraduados					3		3
561C Fondo de investigación sanitaria	1.151				638		1.789
Total	1.802	6.019	360	53	1.650	16	9.899

SUPLEMENTOS DE CRÉDITO E CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS

Estas modalidades de modificación aplícanse cando é preciso realizar con cargo ao orzamento algún gasto que non se pode demorar ata o exercicio seguinte e para o que a dotación existente é insuficiente (suplemento de crédito) ou non existe crédito no estado de gastos (crédito extraordinario), e ademais non se pode financiar mediante transferencias doutras partidas do orzamento.

No exercicio 2016 autorizouse un expediente de suplemento de crédito e outro de crédito extraordinario por un total de 39,090 millóns de euros (30,359 millóns de euros corresponden ao suplemento e 8,731 millóns de euros ao crédito extraordinario). Este importe redúcese un 44% en relación co exercicio precedente. Os expedientes fináncianse co Fondo de Continxencia e presentan as seguintes características:

Expediente SC-11.80-001-16/BC-11.80-009-16:

Ten por obxecto a dotación de créditos para facer fronte a diversos conceptos do capítulo I por importe de 30,359 millóns de euros segundo o seguinte detalle:

miles de euros	
Concepto que financia	Importe
131.00 Retribucións básicas de persoal substituto (EOXI A Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo, Ourense e Vigo)	26.659
121.03 Complemento atención continuada en todas as EOXI	3.700
Total	30.359

Expediente CE-11.80-001-16/BC-11.80-002-16

O seu obxecto é a dotación orzamentaria precisa para atender o aboamento de xuros, en Servizos Centrais, derivados de sentenzas xudiciais por reclamacións de diversos provedores. O seu importe total é de 8,731 millóns de euros no concepto 352.

BAIXAS DE CRÉDITOS

Verdadeiramente non son un tipo de modificación orzamentaria e teñen como finalidade servir como instrumento de financiamento ou diminuír créditos do exercicio.

Durante o 2016 o importe das baixas de crédito alcanzou a cifra de 74,141 millóns de euros, un 15,5% inferior ao exercicio precedente. Atendendo á súa finalidade pódense agrupar en cinco categorías:

- As destinadas a financiar créditos do orzamento de gastos do Sergas por un importe total de 53,144 millóns de euros, articuladas a través de ampliacións (14,054 millóns de euros), un crédito extraordinario (8,731 millóns de euros) e un suplemento de crédito (30,359 millóns de euros).
- As destinadas ao financiamento de gastos na Consellería de Sanidade por importe de 480.701 euros. Os principais motivos destas baixas é financiar gastos relacionados con incentivos a determinado persoal da Consellería que realiza funcións de apoio á Inspección médica; gratificacións por traballos fóra da xornada laboral de persoal que depende da Consellería e que funcionalmente presta os seus servizos nas unidades e centros dependentes do Sergas; cotas da Seguridade Social; e reparacións nos edificios das Xefaturas Territoriais da Consellería na Coruña e en Ourense.

c) As destinadas a financiar gastos do Sergas pero xestionados no ámbito doutros departamentos. O seu importe ascendeu a 664.833 euros.

d) Baixa dos remanentes de crédito sen comprometer correspondentes aos fondos europeos e FCI por importe de 5,781 millóns de euros. Estes fondos traspásanse á aplicación 23.02.621B.653 (Programa de "Imprevistos e funcións non clasificadas").

e) Baixas que non teñen como finalidade o financiamento de modificacións orzamentarias senón que supoñen unha minoración dos créditos do Sergas no exercicio. Por un importe de 14,072 millóns de euros, trátase, principalmente, de remanentes de crédito non comprometidos correspondentes a fondos europeos e finalistas para a súa posterior reprogramación en exercicios posteriores (14,052 millóns de euros). A parte restante destas baixas (20.000 euros) corresponde a saldos non executados de proxectos de investigación do Instituto Carlos III. Cómpre indicar que esta modificación do orzamento de gastos, que afecta principalmente a modalidades de financiamento finalistas, non deu lugar á correspondente modificación das previsións iniciais de ingresos.

A distribución por programas e capítulos das baixas de crédito é a que reflicte o seguinte cadro:

Cadro 30: Baixas de crédito por clasificación funcional e económica (miles de euros)

Programa	Capítulo							Total
	I	II	IV	V	VI	VII	VIII	
411A Dirección e servizos xerais de sanidade	-232	-676			-3.178			-4.086
412A Atención especializada	-757	-3.420	-294	-39.090	-21.223	-400	-200	-65.384
412B Atención primaria	-747	-70	-5		-3.281	-449		-4.551
413A Protección e promoción saúde pública					-13			-13
414A Formación graduados e posgraduados	-10				-29			-39
561C Fondo de investigación sanitaria	-60				-8			-68
Total	-1.806	-4.167	-298	-39.090	-27.732	-849	-200	-74.141

REDISTRIBUCIÓN DE CRÉDITOS

Aínda que esta figura non está tipificada como unha modificación orzamentaria, a Lei 12/2015, do 24 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016, establece no seu artigo 8.5 que "ás transferencias de crédito que afecten unicamente á clasificación orgánica e que se efectúen entre estruturas de xestión integrada do Sergas, non lles serán de aplicación as limitacións previstas no artigo 68 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o TRLRFOG, por teren a consideración de simples redistribucións de crédito". Segue dicindo o artigo, apartado segundo, que "para os efectos do sinalado no parágrafo anterior, terán tamén a condición de redistribución de crédito as transferencias dentro das mesmas estruturas de xestión integrada, sempre que non afecten á clasificación económica".

Durante o exercicio 2016 autorizáronse expedientes de redistribución de crédito por importe de 71,414 millóns de euros. Aínda que coa conta rendida non se achega documentación ningunha sobre os expedientes de redistribucións de crédito, dos datos extraídos dela púidose determinar a incidencia que tiveron en cada un dos centros de gasto do Sergas, tal e como se observa no anexo 4. No seguinte cadro móstrase a súa evolución nos catro últimos exercicios, observándose que experimentan un 42% de aumento neste exercicio respecto ao anterior, situándose a niveis máis próximos ao exercicio 2013:

Cadro 31: Evolución das redistribucións de crédito período 2013-2016 (miles de euros)

2013	2014	2015	2016	% var 14/13	% var 15/14	% var 16/15
73.473	45.434	50.301	71.414	-38,2%	10,7%	42,0%

As EOXI de Santiago e da Coruña son as maiores receptoras das redistribucións positivas cun 32,9% e un 23,9%, respectivamente. Pola contra, as de Pontevedra e Ourense achegan o 27,8% e o 15,3%, respectivamente do total, ademais do 23,9% que achega Servizos Centrais.

Desde a perspectiva da clasificación funcional, a principal redistribución de créditos prodúcese desde o programa 412B (Atención primaria) ao programa 412A (Atención especializada) por 11,675 millóns de euros, importe moi superior aos 2,619 millóns de euros do exercicio 2015.

IV.3.3. EFECTOS SOBRE OS ORZAMENTOS APROBADOS

As modificacións orzamentarias presentan diferentes efectos sobre os créditos aprobados, podéndose estruturar ao redor de tres eixes básicos:

- Redistribucións de créditos por un importe total de 245,730 millóns de euros que se corresponden coas transferencias, as redistribucións *strictu sensu*, as ampliacións, os suplementos de créditos e os créditos extraordinarios financiados por baixas noutras partidas.
- Reducións de créditos mediante baixas por unha contía de 20,998 millóns de euros. Diferéncianse entre aquelas que son baixas de remanentes de crédito non comprometidos correspondentes a fondos europeos (FCI) e finalistas para a súa posterior reprogramación en exercicios posteriores (14,052 millóns de euros) así como outra parte correspondente ao FCI que se traspasa ao programa de "Imprevistos e funciones non clasificadas" (5,781 millóns de euros); os que financian gastos do organismo xestionados por outros departamentos e instrumentalizadas mediante ampliacións (664.833 euros); as destinadas ao financiamento de gastos na Consellería de Sanidade (480.701 euros); e, por último, as baixas en contabilidade no propio orzamento do Sergas por remanentes de crédito non executados de proxectos de investigación financiados polo Instituto Carlos III (19.662 euros).

c) Incremento dos recursos do orzamento por importe de 373,967 millóns de euros, resultado de ampliacións (335,132 millóns de euros), incorporacións (28,936 millóns de euros) e xeracións de créditos (9,899 millóns de euros).

O cadro seguinte amosa, de xeito resumido, os mencionados efectos para os exercicios 2013 a 2016:

Cadro 32: Efectos sobre os créditos aprobados nos exercicios 2013-2016 (miles de euros)

Exercicios	Crédito inicial	Modificacións con efectos redistributivos	% s/crédito inicial	Reducións	Incrementos	Total variación orzamento	% variación orzamento	Crédito definitivo
2013	3.348.885	221.963	6,6%	34.419	296.207	261.788	7,8%	3.610.673
2014	3.326.117	186.794	5,6%	1.101	328.772	327.671	9,9%	(*) 3.653.788
2015	3.341.416	136.945	4,1%	710	(*) 523.446	(*) 522.736	15,6%	(*) 3.864.152
2016	3.435.942	245.730	7,2%	20.998	(*) 378.195	(*) 357.198	10,4%	(*) 3.793.140

(*) Inclúe a ampliación do capítulo IX para a devolución dos anticipos dos proxectos Innova Saúde e H2050

IV.3.4. FONDO DE CONTINXENCIA

Este capítulo ten asignados créditos que non responden a un contido específico da clasificación económica do gasto e cuxa finalidade é financiar modificacións de crédito. A súa configuración como instrumento de axuste na asignación inicial dos créditos véñse cuestionando de forma recorrente nos informes desta institución, sen que a situación no exercicio fiscalizado modifique o exposto.

Respecto da consignación nos orzamentos do Sergas deste Fondo, que actúa como complemento do incluído na sección 23 dos orzamentos da Administración Xeral da CA, cómpre realizar as seguintes observacións:

- A finalidade para a que se dota está fundamentada na cobertura de necesidades, de carácter non discrecional, non previstas no orzamento inicial. Porén, destínase a gastos que se puideron estimar inicialmente, situación que se presenta con carácter recorrente como se puxo de manifesto en informes precedentes. Así mesmo, a existencia dun orzamento que se liquida de forma reiterada mantendo obrigas pendentes de aplicar cuestiona a súa finalidade como instrumento para disciplinar a execución orzamentaria.
- A normativa que o establece ten unha tripla referencia constituída polo artigo 31 da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, que obriga a consignar nos orzamentos iniciais o devandito fondo; polo artigo 55 bis do TRLRFOG, que determina a contía, en termos de porcentaxe, a consignar, e as seccións orzamentarias nas que se ten que dotar, e a Disposición transitoria segunda da Lei de Orzamentos para o exercicio 2016 que cifra o importe co que se dota o fondo no referido exercicio.

- Respecto ao seu destino, as mencionadas normas indican que se deben destinar ao financiamento de modificacións de crédito e para financiar gastos de natureza corrente non discrecional. Ao tempo, véñense establecendo disposicións normativas de carácter temporal que incorporan supostos de aplicación excepcional (disposición transitoria segunda da Lei 12/2015, do 24 de decembro, de orzamentos para o exercicio 2016). Esta situación provoca contradicións na aplicación normativa como se puxo de manifesto en informes precedentes e que se reproducen neste.

No exercicio fiscalizado, e á diferenza dos precedentes nos que a dotación deste Fondo no Sergas (sección 50.01) representaba o 4,4% dos créditos iniciais dos capítulos II e IV, redúcese a súa dotación inicial cunha representación do 2,3%. Os expedientes tramitados e o destino dos créditos reflíctese no seguinte cadro:

Cadro 33: Expedientes de modificación e distribución do Fondo de Continxencia 2016 (miles de euros)

Expediente	Importe	Capítulo que financia	
		I	III
CE-11.80-001-16	8.731		8.731
BC-11.80-002-16			
SC-11.80-001-16	30.359	30.359	
BC-11.80-009-16			
Total	39.090	30.359	8.731

Ademais, nun expediente de ampliación (AM-11.80-004-16) no que se transfiren 23,916 millóns de euros dende o programa de "Outros imprevistos" da Sección 23 con destino a un plan extraordinario de investimentos, unha parte vai destinado a ampliar Fondo de Continxencia do Sergas por importe de 5 millóns de euros.

Esta ampliación no Fondo de Continxencia utilízase para dotar crédito mediante transferencia nos capítulos I e II coa seguinte distribución:

Cadro 34: Distribución ampliación do Fondo de Continxencia 2016 (miles de euros)

Expediente	Importe	Capítulo que financia	
		I	II
TR-11.80-030-16	5.000	1.484	3.516
Total	5.000	1.484	3.516

A continuación móstrase a evolución da aplicación dos créditos do Fondo no período 2011-2016, que pon de manifesto que o destino principal foi a cobertura de insuficiencias no capítulo I, nas súas diferentes epígrafes.

Cadro 35: Fondo de Continxencia Sergas. Evolución 2011-2016 (miles de euros)

Exercicio	Crédito inicial Fondo Continxencia	% s/ cap II e IV	Capítulo que financia				
			I	II	III	IV	VI
2011	77.820	4,4%	53.520				24.300
2012	76.320	4,4%	33.085	37.611	158	5.466	
2013	77.233	4,6%	71.207	5.514	512		
2014	72.819	4,4%	64.220	7.890	708		
2015	72.819	4,4%	60.991	763	11.064		
2016	39.090	2,3%	30.359		8.731		

A Lei 5/2002 prevé que o importe do Fondo irá destinado aos capítulos II e IV, sinalando que a aplicación para outras atencións se fará na medida en que as previsións de gasto nos ditos capítulos non faga necesaria a súa utilización. A limitación que establece o TRLRFOG (artigo 55 bis) respecto do tipo de modificacións ás que debe ser aplicable, unida ao sinalado na exposición de motivos da antedita Lei 5/2002, orienta o destino á cobertura das insuficiencias que se producen na prestación farmacéutica (gasto derivado de receitas médicas con cargo ao capítulo IV de transferencias) e na epígrafe de prestacións sociais polo seu carácter de ampliable.

IV.4. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS

IV.4.1. ASPECTOS XERAIS

O orzamento de ingresos do Sergas para o exercicio 2016, aprobado en termos de equilibrio orzamentario, recolle unhas previsións iniciais de 3.435,942 millóns de euros, amosando a execución orzamentaria uns dereitos recoñecidos de 3.766,396 millóns de euros, que supoñen un 110% das previsións iniciais e un incremento do 1,1% sobre os dereitos recoñecidos do exercicio anterior.

Por segundo ano consecutivo, recóllense modificacións das previsións iniciais de ingresos nos capítulos IV e VII, aínda que en ambos os dous os dereitos recoñecidos superan o orzamento definitivo nun 10,2% e nun 3,7%, respectivamente. Porén, algúns capítulos teñen recoñecidos ingresos sen previsións.

O seguinte cadro mostra o resumo da execución para os exercicios 2015 e 2016:

Cadro 36: Liquidación do orzamento de ingresos (miles de euros)

Concepto	Previsións de ingresos		Modificacións		Orzamento definitivo		Dereitos recoñecidos			Recadación neta	
	2016	% var. 16/15	2016	% var. 16/15	2016	% var. 16/15	2016	% s/total	% var. 16/15	2016	% var. 16/15
Taxas e outros ingresos	64.733	-12,2%	0		64.733	-12,2%	62.740	1,7%	-10,0%	48.875	-16,7%
Transferencias correntes	3.234.183	3,1%	12.099	776,4%	3.246.283	3,4%	3.577.679	95,0%	1,2%	3.353.243	4,6%
Ingresos patrimoniais	100	-71,4%	0		100	-71,4%	169	0,0%	1,3%	111	-8,1%
Alleamento investimentos reais	0		0		0		5	0,0%		5	
Transferencias de capital	136.276	6,2%	1.059	-46,7%	137.335	5,4%	142.408	3,8%	19,0%	113.936	55,0%
Activos financeiros	650	0,0%	0		650	0,0%	378	0,0%	0,7%	378	0,7%
Pasivos financeiros	0		0		0		-16.983	-0,5%		-16.983	
Total	3.435.942	2,8%	13.158	290,7%	3.449.101	3,1%	3.766.396	100,0%	1,1%	3.499.564	4,8%

IV.4.2. ANÁLISE POR CAPÍTULOS

IV.4.2.1. TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS

Este capítulo rexistra os ingresos pola prestación de servizos sanitarios a terceiros obrigados ao pagamento, pola aplicación de taxas e outros ingresos de natureza diversa, entre os que destacan os derivados das atencións e prestacións sanitarias. Representa, en termos de dereitos recoñecidos, un 1,7% do orzamento do organismo autónomo e mostra a capacidade da entidade para xerar ingresos ao ser estes os únicos directamente vinculados ao seu ámbito de xestión.

Os dereitos recoñecidos alcanzaron os 62,740 millóns de euros, inferiores nun 10% aos do exercicio anterior e nun 3,1% ás previsións orzamentarias.

Para a súa análise agrúpanse por categorías homoxéneas, reflectindo no seguinte cadro a súa comparativa respecto do exercicio anterior:

Cadro 37: Ingresos por taxas, prezos e outros ingresos (miles de euros)

Tipo ingreso	Dereitos recoñecidos			
	2015	2016	% s/total	% var 16/15
Taxas e prezos	2.039	928	1,5%	-54,5%
Ingresos derivados de compensacións económicas	3.343	1.440	2,3%	-56,9%
Prestación servizos sanitarios	47.185	54.194	86,4%	14,9%
Convenios	2.472	2.432	3,9%	-1,6%
Outros ingresos	14.688	3.746	6,0%	-74,5%
Total	69.727	62.740	100,0%	-10,0%

Débense destacar as seguintes observacións:

- Con aplicación á epígrafe 35 recóllense, ao igual que no exercicio anterior, ingresos con orixe nas compensacións económicas derivadas da execución dos contratos-programa coas entidades vinculadas pola utilización de servizos (loais, subministracións, ...), en particular Galaria e a F Ingo. Estas compensacións, obxecto de análise no apartado IV.11.1, mudaron no exercicio 2014 o seu

sistema de xestión. En exercicios anteriores ao 2014 retiñanse na epígrafe financiadora dos contratos-programa, realizándose a transferencia final ás entidades polo importe neto, e mediante modificacións orzamentarias dábase traslado aos centros de xestión nos que se consumían os recursos. Desde o 2014 cambia o sistema para reflectir na execución orzamentaria a realidade económica das operacións recíprocas entre o Sergas e as súas entidades dependentes. O que se transfire é o importe previsto no orzamento, incluíndo, como desconto, as cantidades facturadas polo Sergas polos servizos prestados.

- Na epígrafe 399 (englobada no apartado de outros ingresos) recoñécense dereitos por importe de 2,565 millóns de euros mentres que as previsións iniciais estaban cuantificadas en 11,747 millóns de euros.

A continuación faise unha análise por cada tipo de ingreso:

Taxas

Cadro 38: Ingresos por taxas (miles de euros)

Concepto	2015	2016			
	Dereitos recoñecidos	Previsións iniciais/ definitivas	Dereitos recoñecidos	Recadación neta	Dereitos recoñecidos pendentes cobro
301 Taxas por servizos administrativos	699	312	72	72	
302 Taxas por servizos profesionais	1.323	800	835	835	
303 Taxas por venda de bens	17		21	21	
Total	2.039	1.112	928	928	0

Os ingresos derivados da aplicación de taxas proceden basicamente de servizos profesionais en concepto de dirección de obras percibidos dos contratistas que as executan para o organismo autónomo (epígrafe 302). Os dereitos recoñecidos diminúen un 37% respecto do exercicio 2015. Na epígrafe 301, que rexistra os ingresos derivados de taxas por servizos administrativos, tamén se aprecia un significativo descenso respecto do exercicio precedente, un 90%.

Prestación servizos sanitarios

Cadro 39: Ingresos por prestación de servizos sanitarios (miles de euros)

Concepto	2015	2016			
	Dereitos recoñecidos	Previsións iniciais/ definitivas	Dereitos recoñecidos	Recadación neta	Dereitos recoñecidos pendentes cobro
362 Ingresos por farmacia hospitalaria	97	150	392	337	55
363 Debedores varios e particulares	21.838	22.000	26.324	19.154	7.169
364 Debedores accidentes de tráfico	10.439	10.500	11.442	9.427	2.014
365 Debedores mutuas patronais accid. traballo	14.812	14.260	16.036	11.532	4.504
Total	47.185	46.910	54.194	40.451	13.743

Estes ingresos representan o 86,4% deste capítulo e teñen a súa orixe básica na asistencia prestada a pacientes accidentados con cobertura en aseguradoras privadas ou na Seguridade Social (epígrafes 364 e 365, respectivamente), e os recoñecidos na epígrafe de debedores varios e particulares (363) que inclúe unha variada casuística.

A súa xestión realízase principalmente no ámbito dos centros hospitalarios e vén condicionada pola adecuada instauración de procedementos que aseguren o recoñecemento dos actos susceptibles de realización.

Mantense a incidencia reflectida en informes anteriores respecto dos efectos que no importe real dos dereitos recoñecidos se producen no rexistro dos ingresos derivados do Fondo de Cohesión Sanitaria, no que se articula un sistema de compensación do que se ten producido un resultado positivo nos últimos exercicios obxecto de contabilización en epígrafes do capítulo IV (transferencias correntes), pero que no proceso de facturación son recoñecidos na epígrafe 363. Non se ten arbitrado un procedemento que se adecúe á complexidade do sistema de xestión do Fondo. Sen que sexa posible a súa cuantificación, dérvase do sinalado unha sobrevaloración dos dereitos recoñecidos.

A evolución dos dereitos recoñecidos nos seus compoñentes básicos durante o período 2013-2016 móstrase no seguinte cadro:

Cadro 40: Evolución ingresos de prestacións por servizos sanitarios 2013-2016 (miles de euros)

Concepto	2013	2014	2015	2016	%	% var 16/15
362 Ingresos por farmacia hospitalaria		30	97	392	0,7%	306,4%
363 Debedores varios e particulares	23.759	26.112	21.838	26.324	48,6%	20,5%
364 Debedores accidentes de tráfico	11.769	10.858	10.439	11.442	21,1%	9,6%
365 Debedores mutuas patronais por AT	15.301	13.397	14.812	16.036	29,6%	8,3%
Total	50.829	50.397	47.185	54.194	100,0%	14,9%

O anexo 5 recolle a situación destes dereitos nos diferentes centros xestores.

Convenios

Cadro 41: Ingresos por convenios (miles de euros)

Concepto	2015	2016			
	Dereitos recoñecidos	Previsións iniciais/ definitivas	Dereitos recoñecidos	Recadación neta	Dereitos recoñecidos pendentes cobro
366 Convenio MUFACE	1.595	1.582	1.573	1.573	
367 Convenio ISFAS	809	800	793	793	
368 Convenio MUGEJU	68	67	65	65	
Total	2.472	2.449	2.432	2.432	

O Sergas mantén subscritos, desde o ano 2002, convenios coas mutualidades MUFACE, ISFAS e MUGEJU para a prestación sanitaria en zonas rurais e municipios menores de 20.000 habitantes. O importe recoñecido é o derivado de aplicar un prezo fixo por asegurado, sen que estas contías supoñan a cobertura do custo da asistencia prestada. Os dereitos recoñecidos no exercicio fiscalizado ascenden a 2,449 millóns de euros, representando o 4% deste capítulo.

Por cuarto ano consecutivo non se recoñece dereito ningún no concepto 369 por non se ter asinada a prórroga do convenio coa Secretaría de Asuntos Penais para a prestación de servizos sanitarios á poboación recluída nas instalacións penais da CA. Porén, o Sergas factura as prestacións efectivamente realizadas a cada institución penal.

No seguinte cadro reflíctese a evolución destes ingresos no período 2013-2016:

Cadro 42: Evolución de ingresos por convenios con aseguradoras 2013-2016 (miles de euros)

Concepto	2013	2014	2015	2016	%	% var 16/15
366 Convenio MUFACE	1.580	1.606	1.595	1.573	64,7%	-1,3%
367 Convenio ISFAS	780	801	809	793	32,6%	-2,0%
368 Convenio MUGEJU	69	71	68	65	2,7%	-3,7%
Total	2.429	2.477	2.472	2.432	100,0%	-1,6%

Outros ingresos

Cadro 43: Outros ingresos (miles de euros)

Concepto	2015	2016			
	Dereitos recoñecidos	Previsións iniciais/ definitivas	Dereitos recoñecidos	Recadación neta	Dereitos recoñecidos pendentos cobro
380 Reintegros exercicios pechados	18		113	113	
381 Reintegros exercicio corrente	609		1.068	1.068	
399 Ingresos diversos	14.060	11.747	2.565	2.443	122
Total	14.688	11.747	3.746	3.624	122

Na epígrafe de ingresos diversos rexístranse basicamente os que teñen a súa orixe no canon aboado polos concesionarios de servizos vinculados á cesión de chan público correspondente a cafeterías, entidades financeiras, quioscos, etc.

Non se contabilizan ingresos por ensaios clínicos. Nos hospitais, os ingresos por este concepto percíbense polas fundacións de investigación constituídas nos propios centros, cuxa problemática xurídica e contable foi obxecto de observacións en diferentes informes deste Consello.

Este grupo de ingresos supón o 6% do total do capítulo e diminuíu un 74,5%.

IV.4.2.2. INGRESOS POR TRANSFERENCIAS CORRENTES

Neste capítulo recóllense os ingresos procedentes, basicamente, de transferencias de distintas administracións e que constitúen a principal fonte de financiamento do Sergas, representando o 95% dos seus ingresos. O seu detalle é o seguinte:

Cadro 44: Ingresos por transferencias correntes (miles de euros)

Epígrafe	2015	2016			
	Dereitos recoñecidos	Previsións definitivas	Dereitos recoñecidos	Recadación neta	Dereitos recoñecidos pendentes cobro
401.02 Do INSS. Programa aforro IT	12.407	14.000			
401.11 Da Seguridade Social. Consellería de Sanidade		0	16.781	16.781	
402 De organismos autónomos do Estado	1.123	1.520	1.381	1.381	
404 Subvencións finalistas da Administración Xeral	86.585	88.977	89.395	81.716	7.679
406.01 Fondo de Cohesión Sanitaria	0	0	762	0	762
406.03 Asistencia a estranxeiros	32.847	31.265	46.831	46.831	
Transferencias da Administración do Estado	132.962	135.762	155.150	146.709	8.441
410.10 Plan de formación continua administracións públicas	481				
410.11 Transferencia por participación no sistema de financiamento	3.403.305	3.100.483	3.412.466	3.196.471	215.995
Transferencias da Xunta de Galicia	3.403.786	3.100.483	3.412.466	3.196.471	215.995
470.11 De empresas privadas. Consellería Sanidade	60	95	111	111	
Transferencias de empresas privadas	60	95	111	111	0
481.11 De institucións da Consellería de Sanidade	150	9.942	9.952	9.952	
Total outras transferencias	150	9.942	9.952	9.952	0
Total	3.536.958	3.246.283	3.577.679	3.353.243	224.437

Resulta salientable a xestión dos ingresos correspondentes ao convenio co INSS para o control das incapacidades temporais, no que as previsións iniciais se rexistran no concepto 401.02, mentres que os ingresos se contabilizan no concepto 401.11 sen que medie modificación das previsións iniciais.

Deseguido faise unha análise destes ingresos, estruturándoos en diferentes apartados segundo a súa orixe:

Transferencias da Administración Xeral do Estado

No exercicio fiscalizado as transferencias da Administración Xeral do Estado rexistran uns dereitos recoñecidos que ascenden a 155,150 millóns de euros, dos que o 57,3% proceden das transferencias das deputacións polos centros, servizos e establecementos sanitarios que foron transferidos por estas á CA. A problemática da imputación contable destes ingresos foi analizada nos informes de fiscalización anteriores (2014 e 2015).

En canto ao resto de ingresos faise a seguinte análise:

- O compoñente máis relevante corresponde á transferencia derivada da asistencia a estranxeiros que vén a compensar a asistencia sanitaria prestada ao abeiro das normas internacionais aos membros da familia dun traballador asegurado noutro Estado que residan no territorio da CA, así como aos titulares de pensión e membros da súa familia asegurados noutro Estado que residan nela. A súa xestión correspóndelle á Tesouraría Xeral da Seguridade Social, da que procede a transferencia, e o seu importe determínase mediante cotas de repartición calculadas para cada CA en función da diferenza entre os residentes en España e os residentes no estranxeiro. O importe recoñecido e recadado por este concepto foi de 46,831 millóns de euros, superando en 15,566 millóns de euros a previsión inicial (un 50%), e incrementándose un 42,6% respecto do recoñecido no exercicio anterior.
- A transferencia do INSS para o control da incapacidade temporal repártese entre as CCAA segundo uns obxectivos de mellora da xestión e control do gasto previstos nos convenios de colaboración que o regulan. Os dereitos recoñecidos no exercicio suman 16,781 millóns de euros, un 20% superior ás previsións iniciais. O convenio vixente abrangue o período 2013-2016.
- O Fondo de Cohesión Sanitaria ten como obxectivo compensar a asistencia sanitaria prestada a pacientes residentes en España derivados entre CCAA e asegurados desprazados a España en estancia temporal con dereito á asistencia a cargo doutro Estado. A súa xestión régúlase para os desprazados doutras CCAA mediante o Real decreto 1247/2002, do 3 de decembro, modificado polo Real decreto 1207/2006, do 20 de outubro, onde se determinan os procesos obxecto de compensación así como a porcentaxe de cobertura. Respecto dos desprazados estranxeiros, a distribución do saldo neto resultante atende a un sistema proporcional á facturación que presenta cada CA. A asistencia sanitaria prestada é obxecto de facturación e contabilización polos centros do organismo con cargo aos correspondentes conceptos orzamentarios do capítulo III, rexistrándose nesta epígrafe as transferencias do Estado resultado do proceso de compensación referido.
- Finalmente recoñécense dereitos, por importe de 1,381 millóns de euros (epígrafe 402) procedentes de organismos autónomos (maioritariamente derivados de proxectos de investigación concedidos polo Instituto de Saúde Carlos III).

Transferencias da Xunta de Galicia

A transferencia en concepto de participación no sistema de financiamento constitúe a principal fonte de ingresos do Sergas, correspondendo coa asignación que fai a Xunta de Galicia. As previsións iniciais víronse incrementadas en 311,983 millóns de euros. Os dereitos recoñecidos suman 3.412,466 millóns de euros, superiores nun 0,3% aos do exercicio anterior. O carácter recorrente desta ampliación pon de manifesto a insuficiencia estrutural de recursos cos que se dota inicialmente.

Transferencias de empresas privadas

Os dereitos recoñecidos corresponden ao programa de incapacidade temporal de orixe musculoesquelético (80.000 euros) e a fondos de formación (30.792 euros).

Outras transferencias

Igual que en exercicios anteriores, recoñécense dereitos procedentes das fundacións Biomédica Galicia Sur (30.000 euros), Ramón Domínguez (89.000 euros) e Novoa Santos (72.938 euros) que teñen como finalidade xerar crédito nos capítulos de gastos de persoal nos correspondentes centros do Sergas nos que realizan a actividade estas entidades. Estes ingresos teñen por obxecto a cobertura de gastos desta natureza derivados da execución de axudas de investigación nas que as fundacións actúan como xestoras.

Nesta epígrafe tamén se contabilizaron os ingresos correspondentes ás dúas anualidades (2015 e 2016) do convenio coa Fundación Amancio Ortega por importe de 9,748 millóns de euros.

IV.4.2.3. INGRESOS PATRIMONIAIS

Os dereitos recoñecidos no exercicio por ingresos patrimoniais ascenden a 169.343 euros, aumentando un 1,3% respecto do exercicio anterior. Derivan das contraprestacións en concepto de concesións administrativas no ámbito de xestión do CHUS (EOXI de Santiago). A natureza dos ingresos destes contratos responde máis á prestación de servizos que ao aproveitamento patrimonial derivado da cesión do uso público das instalacións do centro, razón pola que esta institución considera que o seu rexistro se debe consignar no capítulo III.

IV.4.2.4. ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS

Neste capítulo aparece rexistrado o importe da venda de vehículos dados de baixa por un total de 4.750 euros. A pesar de non contar con previsións iniciais, estas non se modificaron.

IV.4.2.5. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL

Os dereitos recoñecidos en concepto de transferencias de capital ascenden a 142,408 millóns de euros. A liquidación resúmese no seguinte cadro:

Cadro 45: Transferencias de capital (miles de euros)

Epígrafe	2015	2016			
	Dereitos recoñecidos	Previsións definitivas	Dereitos recoñecidos	Recadación neta	Dereitos pendentes de cobro
702 De organismos autónomos do Estado	100	66	59	59	
703 De empresas públicas e outros entes públicos	222				
704 Subvencións finalistas da Administración Xeral do Estado	1.535	982	982	52	930
Da Administración estatal	1.857	1.048	1.041	111	930
710.00 Fondos propios	45.530	120.170	100.728	73.824	26.905
710.01 Transferencias finalistas do Estado	1.413	475	2.610	2.589	21
710.03 FEDER P.O. 2007-2013	24.786				
710.06 FCI	7.493	0	21.055	20.588	467
710.23 FEDER P.O. 2014-2020	5.817	15.631	12.734	12.585	149
Da Administración Autonómica	85.039	136.276	137.127	109.586	27.541
770 De empresas privadas. Consellería de Sanidade	131	11	11	11	
De empresas privadas	131	11	11	11	0
790.03 FEDER. Innova Saúde e H2050	32.637	0	4.228	4.228	
Do exterior	32.637	0	4.228	4.228	0
Total	119.664	137.335	142.408	113.936	28.472

Dado que o recoñecemento destes dereitos ten lugar unha vez que se efectúa o recoñecemento da obriga e por un importe igual ao gasto realizado, advírtese a limitada execución de determinadas partidas respecto das previsións iniciais. Cómpre facer as seguintes consideracións:

- Os fondos propios para o financiamento de operacións de capital rexistran uns dereitos recoñecidos de 100,728 millóns de euros, representando o 84% das previsións.
- Nas subvencións e transferencias finalistas do Estado advírtese a baixa execución na epígrafe 704 que inclúe programas de saúde (transplantes, enfermidades raras) dos que destaca o destinado ao uso racional do medicamento. Na epígrafe 710.01 a pesar de contar con previsións iniciais de ingresos por importe de 475 mil euros, tivo uns dereitos recoñecidos por importe de 2,610 millóns de euros.
- Nas transferencias procedentes dos fondos "FEDER" e "FCI" sinalar que no ano 2016 xa se ten rematado o período de programación europeo 2007-2013, polo que non se reflicten ingresos. No caso dos fondos FEDER do período 2014-2020, ten unhas previsións por importe de 15,631 millóns de euros, mentres que o importe dos dereitos recoñecidos é de 12,734 millóns de euros debido ás dificultades que ao inicio dos períodos de programación presenta a xestión destes fondos. No caso do FCI chama a atención a existencia duns dereitos recoñecidos por importe de 21,055 millóns de euros, sen que contén con previsión neste concepto, tendo en conta de que se trata de fondos que financian gastos en investimentos e que requiren dun ciclo de execución orzamentaria longo.

- Sen que foran obxecto de previsión inicial, a pesar do seu carácter recorrente, recoñécense dereitos por transferencias de empresas privadas, resultado, principalmente, das prestacións derivadas do contrato de subministración sucesiva de apósitos por importe de 10.994 euros e que teñen como finalidade aplicar a gastos de formación.
- Finalmente recoñécense, en formalización, 4,228 millóns de euros na epígrafe 790.03 "FEDER. Innova Saúde e H2050" que se corresponden coa última certificación do convenio co Ministerio de Ciencia e Innovación para a execución dos proxectos de investigación H2050 e Innova Saúde.

IV.4.2.6. ACTIVOS FINANCEIROS

Os activos financeiros rexistran o reembolso de préstamos concedidos ao persoal por importe de 377.551 euros e presentan a seguinte execución:

Cadro 46: Activos financeiros (miles de euros)

Concepto	2015	2016			
	Dereitos recoñecidos	Previsións iniciais/ definitivas	Dereitos recoñecidos	Recadación neta	Dereitos pendentes de cobro
821 Reintegro de préstamos concedidos ao sector público	0	650	0	0	0
831 Reintegro de préstamos concedidos fóra do sector público	375	0	378	378	0
Total	375	650	378	378	0

IV.4.2.7. PASIVOS FINANCEIROS

O Sergas neste capítulo recoñece as cantidades recibidas, en concepto de anticipo, correspondentes aos convenios que en materia de innovación subscribe co MINECO. En concreto, foron o convenio Innova Saúde e H2050 correspondentes ao FEDER do período 2007-2013 que rematan este ano, e o Código 100 no novo período de programación do FEDER 2014-2020.

Cadro 47: Pasivos financeiros (miles de euros)

Concepto	2015	2016			
	Dereitos recoñecidos	Previsións iniciais/ definitivas	Dereitos recoñecidos	Recadación neta	Dereitos pendentes de cobro
950 Préstamos recibidos da Admón. Xeral do Estado	0	0	-16.983	-16.983	0
Total	0	0	-16.983	-16.983	0

Neste exercicio recoñécese como anticipo o primeiro pagamento do proxecto "Código 100" por importe de 3,432 millóns de euros.

Tamén se procede á devolución das cantidades non xustificadas dos anteriores convenios (H2050 e Innova Saúde) que, neste caso, tramítase como unha devolución de ingresos por importe de 20,415 millóns de euros.

Cabe resaltar que o convenio establecía, no apartado 6 da cláusula segunda, que o Sergas procederá á devolución do anticipo mediante o correspondente pagamento no capítulo IX do seu orzamento de gastos, que se realizará en formalización no caso de que se certifique e reciban os fondos FEDER, dando lugar ao correspondente ingreso.

O seguinte cadro amosa a situación orzamentaria dos mencionados convenios:

Cadro 48: Convenios FEDER (miles de euros)

Ano	Orzamento de ingresos		Orzamento de gastos
	Capítulo IX	Capítulo VII	Capítulo IX
2011	20.949		
2012			
2013	28.168		
2014	23.068	14.904	14.904
2015		32.637	32.637
2016		4.228	4.228
Total	72.185	51.769	51.769
Pendente devolución			20.415

Como se aprecia, recibíronse en concepto de anticipo 72,185 millóns de euros dos que se certificaron e se recibiron da UE 51,769 millóns de euros, quedando unha cantidade pendente de xustificar de 20,415 millóns de euros. Se ben no exercicio 2016 se realizou unha devolución da débeda pola parte xustificada dando lugar ao correspondente ingreso, pola parte non xustificada non se produciu unha devolución da débeda, senón que se fixo unha devolución dun ingreso, rompendo desta forma o modelo de xestión previsto no convenio e desvirtuando a imputación orzamentaria, xa que as cantidades recibidas tiñan o carácter de débeda do Sergas.

IV.5. EXECUCIÓN E LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS

IV.5.1. ASPECTOS XERAIS

Os créditos iniciais do orzamento de gastos do Sergas para o exercicio 2016 ascenderon a 3.435,942 millóns de euros. As modificacións aprobadas, por importe de 357,198 millóns de euros, elevaron os créditos definitivos a 3.793,140 millóns de euros.

Estes créditos teñen que asumir gastos pendentes de recoñecemento do exercicio anterior ao tempo que se xeran obrigas que non son obxecto de aplicación aos créditos do exercicio. Esta situación ten como resultado a limitada información que ofrece a liquidación do orzamento para o recoñecemento do gasto real do exercicio.

O Sergas non dispón de tesouraría propia e, polo tanto, non ten competencias na xestión dos pagamentos. O grao de cumprimento mídese en función do nivel de propostas de pagamento

dirixidas ao órgano pagador e formalizadas durante o exercicio, por ser o último acto da xestión orzamentaria desenvolvida polo organismo autónomo.

Tendo en conta o sinalado, o seguinte cadro amosa a execución orzamentaria desde a perspectiva da clasificación económica, apreciándose un elevado grao de execución (99,3%) e de cumprimento total das propostas de pagamento.

Cadro 49: Liquidación do orzamento de gastos exercicio 2016 (miles de euros)

Capítulo	Crédito definitivo	Obrigas recoñecidas	Remanente	Grao de execución	Propostas de pagamento	Grao de cumprimento	Saldo de obrigas
I Gastos de persoal	1.658.133	1.657.916	217	100,0%	1.657.916	100,0%	0
II Gastos en bens correntes e servizos	1.144.615	1.141.192	3.423	99,7%	1.141.192	100,0%	0
III Gastos financeiros	9.090	9.090	0	100,0%	9.090	100,0%	0
IV Transferencias correntes	813.495	813.223	272	100,0%	813.223	100,0%	0
VI Investimentos reais	160.133	135.960	24.174	84,9%	135.960	100,0%	0
VII Transferencias de capital	2.977	2.833	144	95,2%	2.833	100,0%	0
VIII Activos financeiros	468	434	33	92,9%	434	100,0%	0
IX Pasivos financeiros	4.228	4.228	0	100,0%	4.228	100,0%	0
Total	3.793.140	3.764.876	28.264	99,3%	3.764.876	100,0%	0

En 2016 as obrigas diminuíron un 0,6% respecto de 2015 cun importe de 21,3 millóns de euros; porén, considerando o impacto que tivo o Plan extraordinario da hepatitis C, esta evolución revértese incrementándose as obrigas de 2016 un 1% respecto do 2015.

Atendendo á clasificación funcional, o detalle é o seguinte:

Cadro 50: Obrigas recoñecidas 2015-2016. Clasificación funcional por programas (miles de euros)

Programa	2015	2016	Variación 16/15	
			Absoluta	%
411A Dirección e servizos xerais de sanidade	90.710	37.655	-53.054	-58,5%
412A Atención especializada	2.398.506	2.456.233	57.728	2,4%
412B Atención primaria	1.221.821	1.194.727	-27.094	-2,2%
413A Protección e promoción da saúde pública	6.905	7.978	1.073	15,5%
414A Formación de graduados e posgraduados	63.930	64.082	152	0,2%
561C Fondo de investigación sanitaria	4.340	4.200	-140	-3,2%
Total	3.786.212	3.764.876	-21.336	-0,6%

En canto á execución das propostas de pagamento, que como sinalamos non corresponde ao ámbito de xestión do Sergas, o cadro seguinte informa sobre o seu grao de realización que acada o 94,8%, quedando pendentes de ordenar 194,285 millóns de euros:

Cadro 51: Pagamentos realizados 2016 (miles de euros)

Capítulo	Propostas de pagamento	Pagamentos ordenados	Porcentaxe sobre propostas	Pagamentos realizados	Propostas de pagamento pendentes de ordenar
I Gastos de persoal	1.657.916	1.657.907	100,0%	1.657.907	9
II Gastos en bens correntes e servizos	1.141.192	1.023.940	89,7%	1.023.940	117.252
III Gastos financeiros	9.090	9.090	100,0%	9.090	0
IV Transferencias correntes	813.223	754.325	92,8%	754.325	58.898
VI Investimentos reais	135.960	118.041	86,8%	118.041	17.919
VII Transferencias de capital	2.833	2.625	92,7%	2.625	208
VIII Activos financeiros	434	434	100,0%	434	0
IX Pasivos financeiros	4.228	4.228	100,0%	4.228	0
Total	3.764.876	3.570.591	94,8%	3.570.591	194.285

O importe dos remanentes de crédito diminúen nun 63,7% respecto do exercicio anterior, representando o 0,8% dos créditos iniciais. No seguinte cadro móstrase a evolución do seu importe distribuíndoo entre comprometido e non comprometido:

Cadro 52: Evolución dos remanentes de crédito 2013-2016 (miles de euros)

Remanentes	2013	2014	2015	2016
Comprometidos	4.135	866	33.183	17.065
Non comprometidos	37.551	86.680	44.757	11.199
Total	41.686	87.546	77.940	28.264
% s/créditos iniciais	1,2%	2,6%	2,3%	0,8%

A continuación amósase a súa distribución no exercicio 2016 segundo a clasificación económica, observándose que o capítulo VI absorbe o 85,5%.

Cadro 53: Distribución dos remanentes de crédito exercicio 2016 (miles de euros)

Capítulo	Remanentes comprometidos (A)		Remanentes non comprometidos (B)		Total remanentes (C) = (A)+(B)	% /total	% variación 16/15	% s/créditos definitivos
	Importe	% s/ (C)	Importe	% s/ (C)				
I Gastos de persoal	0	0,0%	217	100,0%	217	0,8%	-86,9%	0,0%
II Gastos en bens correntes e servizos	3.376	98,6%	47	1,4%	3.423	12,1%	5,7%	0,3%
III Gastos financeiros	0	0,0%	0	100,0%	0	0,0%	-85,2%	0,0%
IV Transferencias correntes	217	79,8%	55	20,2%	272	1,0%	-5,2%	0,0%
VI Investimentos reais	13.327	55,1%	10.847	44,9%	24.174	85,5%	-66,5%	15,1%
VII Transferencias de capital	144	100,0%	0	0,0%	144	0,5%	-68,8%	4,8%
VIII Activos financeiros	0	0,0%	33	100,0%	33	0,1%	-85,0%	7,1%
IX Pasivos financeiros	0	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	0,0%	0,0%
Total	17.065	60,4%	11.199	39,6%	28.264	100,0%	-63,7%	0,7%

De conformidade co establecido no artigo 59 do TRLRFOG, os créditos destinados a atender gastos que no último día do exercicio orzamentario non estean afectos ao cumprimento de obrigas

recoñecidas quedarán anulados de pleno dereito, agás as excepcións previstas no artigo 71 que se refiren aos créditos susceptibles de incorporación, entre os que unicamente teñen carácter obrigatorio aqueles remanentes que amporen proxectos financiados con ingresos afectados. Vén sendo práctica xeral no ámbito do Sergas que estas incorporacións se limiten a este suposto, que afecta basicamente a créditos de investimentos.

IV.5.2. ANÁLISE DO GASTO POR CAPÍTULO

Neste apartado faise unha análise do gasto atendendo aos diferentes compoñentes da clasificación económica. A variación interanual das obrigas recoñecidas foi a seguinte:

Cadro 54: Obrigas recoñecidas 2015-2016. Clasificación económica (miles de euros)

Capítulo	2015	2016	Variación	
			Absoluta	%
I Gastos de persoal	1.611.883	1.657.916	46.033	2,9%
II Gastos en bens correntes e servizos	1.143.868	1.141.192	-2.677	-0,2%
III Gastos financeiros	11.063	9.090	-1.973	-17,8%
IV Transferencias correntes	850.094	813.223	-36.871	-4,3%
VI Investimentos reais	133.919	135.960	2.041	1,5%
VII Transferencias de capital	2.287	2.833	546	23,9%
VIII Activos financeiros	460	434	-26	-5,6%
IX Pasivos financeiros	32.637	4.228	-28.409	-87,0%
Total	3.786.212	3.764.876	-21.336	-0,6%

Cabe destacar que a diminución do capítulo IV obedece ao cambio de criterio na imputación dos gastos derivados dos programas especiais de farmacia e a do capítulo IX á devolución dos préstamos concedidos polo MINECO no marco dos proxectos Innova Saúde e H2050. En canto aos gastos de capítulo II, a pesar de que reflicte unha diminución do 0,2%, incrementaríase un 6,3% se consideramos o impacto do gasto derivado do programa da hepatitis C no exercicio 2015.

A evolución neste período é a que se mostra no seguinte gráfico:

Gráfico 4: Evolución obrigas 2013-2016 (miles de euros)



IV.5.2.1. GASTOS DE PERSOAL

O orzamento inicial do capítulo I ascendeu a 1.551,480 millóns de euros, incrementándose mediante modificacións de crédito ata 1.658,133 millóns de euros e representa o 43,7% do orzamento definitivo do organismo autónomo para o exercicio 2016. A liquidación orzamentaria reflíctese no seguinte cadro, figurando no anexo 6 as clasificacións funcional e orgánica:

Cadro 55: Execución do capítulo I do orzamento de gastos 2016 (miles de euros)

Artigos	2015	2016				Ratios		
	Obrigas recoñecidas (A)	Crédito inicial (B)	Crédito definitivo (C)	Obrigas recoñecidas (D)	Pagamentos realizados (E)	% var obrigas 16/15 (D-A)/A	% obrigas / definitivo D/C	% pagamentos / obrigas E/D
10 Altos cargos	215	209	216	216	216	0,3%	100,0%	100,0%
12 Persoal funcionario e estatutario	995.241	976.108	1.009.811	1.009.811	1.009.811	1,5%	100,0%	100,0%
13 Persoal laboral	192.516	134.781	213.410	213.265	213.265	10,8%	99,9%	100,0%
14 Outro persoal	611	683	587	587	587	-3,9%	100,0%	100,0%
15 Incentivos ao rendemento	127.384	125.591	133.817	133.814	133.814	5,0%	100,0%	100,0%
16 Cotas, prestacións e cargas sociais	295.915	279.074	300.293	300.223	300.214	1,5%	100,0%	100,0%
17 Fondo de recuperación retributiva		35.033	0	0	0			
Total	1.611.883	1.551.480	1.658.133	1.657.916	1.657.907	2,9%	100,0%	100,0%

O importe consignado inicialmente no artigo 17 "Fondo de recuperación retributiva", segundo o indicado na Memoria dos orzamentos, vén motivado pola "dotación do Fondo de Recuperación Retributiva para a devolución do 49,7% da paga extra de 2012". Porén, nos datos de execución non aparece reflectido, xa que mediante modificacións orzamentarias estes créditos distribuíronse entre os correspondentes conceptos para o pagamento da mencionada retribución.

O gasto de persoal, segundo se recolle na liquidación orzamentaria, ascende a 1.657,916 millóns de euros e representa o 44% das obrigas totais do organismo no ano 2016. Os graos de execución e de cumprimento alcanzaron o 100%.

Respecto ao exercicio precedente aumentou un 2,9% (46,033 millóns de euros) e, atendendo á clasificación por artigos, destaca o incremento da epígrafe de persoal laboral cun 10,8%.

A evolución do gasto por artigos no período 2013-2016 reflíctese no seguinte cadro, detallándose no anexo 7 as súas clasificacións orgánica e funcional:

Cadro 56: Evolución dos gastos de persoal 2013-2016 (miles de euros)

Artigo	2013	2014	2015	2016	% s/total	% var 16/15	% var 16/13
10 Altos cargos	203	208	215	216	0,0%	0,3%	6,2%
12 Persoal funcionario e estatutario	992.371	974.789	995.241	1.009.811	60,9%	1,5%	1,8%
13 Persoal laboral	154.676	167.971	192.516	213.265	12,9%	10,8%	37,9%
14 Outro persoal	578	581	611	587	0,0%	-3,9%	1,6%
15 Incentivos ao rendemento	129.767	127.267	127.384	133.814	8,1%	5,0%	3,1%
16 Cotas, prestacións e cargas sociais	288.193	290.915	295.915	300.223	18,1%	1,5%	4,2%
Total	1.565.788	1.561.730	1.611.883	1.657.916	100,0%	2,9%	5,9%

Sen reflexo neste capítulo de gasto, pero con incidencia nel, deben terse en consideración os Convenios con Universidades a través dos que se sufraga unha parte dos gastos do persoal docente universitario que ocupa prazas vinculadas nos centros sanitarios públicos nos que desenvolven funcións docentes, investigadoras e asistenciais. O gasto do exercicio 2016 ascendeu a 4,345 millóns de euros, imputándose con cargo aos créditos do capítulo IV.

IV.5.2.2. GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS

Este capítulo comprende os créditos, en concepto de bens e servizos, para o desenvolvemento das funcións asignadas ao organismo autónomo e que non producen un incremento do capital ou do patrimonio público.

Para a súa axeitada análise desagregase nos seus compoñentes básicos: consumo intermedio e asistencia sanitaria con medios alleos. O primeiro rexistra os créditos por gastos correntes, destinados ao funcionamento dos centros e servizos propios, e o segundo recolle os créditos para a cobertura da actividade concertada con centros sanitarios do sector privado.

Cómpre indicar que, como consecuencia da nova fórmula de relación entre o Sergas e a ADOS, figura no orzamento do Sergas o artigo 24 "encomendas de xestión" que ten por obxecto reflectir os pagamentos á entidade polo subministro de hemoderivados aos diferentes centros.

A liquidación orzamentaria amósase no seguinte cadro, mostrando maior detalle nos anexos 8, 9 e 10:

Cadro 57: Execución do capítulo II do orzamento de gastos 2016 (miles de euros)

Artigo	2015	2016				Ratios		
	Obrigas recoñecidas (A)	Crédito inicial (B)	Crédito definitivo (C)	Obrigas recoñecidas (D)	Pagamentos realizados (E)	% var obrigas 16/15 (D-A)/A	% obrigas / definitivo D/C	% pagamentos / obrigas E/D
20 Alugamentos e canons	13.082	41.579	35.359	33.388	32.534	155,2%	94,4%	97,4%
21 Reparacións, mantemento e conservación	30.471	33.535	30.354	30.287	29.813	-0,6%	99,8%	98,4%
22 Material, subministracións e outros	890.549	647.325	832.400	831.273	745.214	-6,7%	99,9%	89,6%
23 Indemnizacións por razón servizo	1.525	1.629	1.574	1.574	1.574	3,2%	100,0%	100,0%
24 Encomendas de xestión		19.308	19.150	19.150	18.864		100,0%	98,5%
Consumo intermedio	935.626	743.376	918.837	915.673	828.000	-2,1%	99,7%	90,4%
25 Asistencia con medios alleos	208.242	199.051	225.777	225.519	195.940	8,3%	99,9%	86,9%
Concertos	208.242	199.051	225.777	225.519	195.940	8,3%	99,9%	86,9%
Total	1.143.868	942.427	1.144.615	1.141.192	1.023.940	-0,2%	99,7%	89,7%

O incremento que se produce no artigo de alugamentos e canons deriva da posta en marcha do novo hospital de Vigo, sendo o 2016 o primeiro exercicio completo de actividade (incrementándose o gasto en 17 millóns de euros respecto de 2015), e do contrato de alta tecnoloxía para equipamentos de diagnóstico de nova xeración (incrementándose o gasto en 5 millóns de euros). Pola contra, o gasto no artigo 22 de material, subministracións e outros, se ben reflicte unha redución do 6,7% respecto do 2015, se consideramos o gasto derivado da hepatitis C, incrementaríase un 1,3%.

O gasto en consumo intermedio, cun importe de 915,673 millóns de euros, representa o 80,2% do total e concéntrase nos conceptos 221 "Material e subministracións" (78,1%) e 227 "Traballos realizados por outras empresas" (10,9%).

Porén, esta epígrafe é obxecto da recorrente contabilización dun significativo importe de obrigas pendentes de recoñecer (112,843 millóns de euros no exercicio fiscalizado). No seguinte cadro móstrase a súa incidencia nesta epígrafe orzamentaria onde se incorporan as obrigas de exercicios anteriores imputadas no fiscalizado para determinar o gasto real.

Cadro 58: Consumo intermedio. Gasto real (miles de euros)

Artigo	Obrigas recoñecidas 2016 (A)	Obrigas do exercicio 2016 non contabilizadas (B)	Obrigas de exercicios anteriores imputadas en 2016 (C)	Gasto real (A+B-C)
20 Alugamentos e canons	33.388	1.161	1	34.549
21 Reparacións, mantemento e conservación	30.287	2.943	1.442	31.788
22 Material, subministracións e outros	831.273	105.570	76.699	860.144
23 Indemnizacións por razón de servizo	1.574	11	12	1.573
24 Encomendas de xestión	19.150	3.158		22.308
Total	915.673	112.843	78.155	950.361

O gasto relativo á actividade concertada alcanza os 225,519 millóns de euros e representa o 19,8% do total, rexistrando obrigas non contabilizadas por contía de 277 miles de euros. Para a análise deste gasto cómpre facer remisión ao apartado IV.11.2 deste informe.

IV.5.2.3. GASTOS FINANCIEROS

Os créditos deste capítulo carecen de dotación orzamentaria inicial, polo que o seu importe se habilita mediante modificacións de créditos noutros capítulos de gasto ata acadar un orzamento definitivo de 9,090 millóns de euros. O resumo da súa execución amósase no seguinte cadro:

Cadro 59: Execución do capítulo III do orzamento de gastos 2016 (miles de euros)

Concepto	2015	2016				Ratios		
	Obrigas recoñecidas (A)	Crédito inicial (B)	Crédito definitivo (C)	Obrigas recoñecidas (D)	Pagamentos realizados (E)	% var obrigas 16/15 (D-A)/A	% obrigas / definitivos D/C	% pagamentos / obrigas E/D
352 Xuros de demora	11.063	0	9.090	9.090	9.090	-17,8%	100,0%	100,0%

Este gasto diminúe un 17,8% respecto do exercicio anterior polo menor importe satisfeito como consecuencia das sentenzas xudiciais derivadas do retraso no pagamento a diversos provedores.

É preciso observar que o Sergas dispoñía de información suficiente para que unha parte significativa deste gasto fose previsto no orzamento inicial.

Ao peche do exercicio 2016 constan rexistrados 57 expedientes de reclamacións de xuros de demora por un importe de 6,119 millóns de euros.

IV.5.2.4. TRANSFERENCIAS CORRENTES

O orzamento inicial neste capítulo de gasto ascendeu a 766,019 millóns de euros, aumentando mediante modificacións de crédito ata a cifra de 813,495 millóns de euros (un 6,2%). A liquidación orzamentaria amósase no seguinte cadro por artigos, mostrando os anexos 11 e 12 unha maior desagregación:

Cadro 60: Execución do capítulo IV do orzamento de gastos 2016 (miles de euros)

Artigo	2015	2016				Ratios		
	Obrigas recoñecidas (A)	Crédito inicial (B)	Crédito definitivo (C)	Obrigas recoñecidas (D)	Pagamentos realizados (E)	% var obrigas 16/15 (D-A)/A	% obrigas / definitivos D/C	% pagamentos / obrigas E/D
40 A Admón. xeral e organismos do Estado	8					-100,0%		
43 A organismos autónomos e axencias da CA		0	163	104	104		64,3%	100,0%
44 A sociedades públicas	73.637	65.998	65.187	65.028	64.395	-11,7%	99,8%	99,0%
46 A corporacións locais		0	1.020	1.020	1.020		100,0%	100,0%
48 A familias e inst. sen fins de lucro	776.450	700.022	747.125	747.070	688.806	-3,8%	100,0%	92,2%
Total	850.094	766.019	813.495	813.223	754.325	-4,3%	100,0%	92,8%

As obrigas recoñecidas reflicten unha diminución do 4,3% respecto do exercicio 2015 motivada, na súa maior parte, pola redución dos gastos derivados da prestación farmacéutica (epígrafe 489.0) que concentra o 89,5% do gasto deste capítulo. Porén, esta minoración non supón un aforro senón que deriva, como se indicou anteriormente, dun cambio de criterio na imputación dos gastos de programas especiais de farmacia, que se traslada ao capítulo II.

Deseguido faise unha análise por cada compoñente deste gasto:

A) Na epígrafe relativa a familias e institucións sen fins de lucro inclúese a prestación farmacéutica, analizada no apartado IV.11.3 deste informe. Destacan ademais as seguintes compoñentes:

- Transferencias para a cobertura de diferentes prestacións (próteses, entregas complementarias e vehículos para inválidos), por importe de 12,382 millóns de euros, que incrementan o seu gasto conxunto nun 11%. As obrigas pendentes de recoñecer no exercicio elévanse a 12.996 euros.
- Subvencións nominativas, cun gasto de 6,738 millóns de euros, que se destinan a entidades e institucións que desenvolven a actividade asistencial dentro do programa de protección e promoción da saúde, tendo especial significación o programa de drogodependencias. Incrementáanse no exercicio un 0,2%.

Nas epígrafes correspondentes a sociedades públicas, organismos autónomos e axencias da CA intégranse as transferencias destinadas a financiar as axencias, empresas e fundacións públicas adscritas ao organismo autónomo. Así mesmo, inclúese o financiamento das prazas vinculadas de persoal das universidades que presta servizos nos centros sanitarios do Sergas, regulados mediante convenios subscritos con aquelas institucións. A súa execución foi a seguinte:

Cadro 61: Transferencias a sociedades, fundacións e universidades en 2016 (miles de euros)

Destinatario	2015	2016				Variación obrigas	
	Obrigas recoñecidas	Crédito inicial	Modificacións	Crédito definitivo	Obrigas recoñecidas	Absoluta	%
Galaria	23.695	14.167	99	14.267	14.207	-9.488	-40,0%
F Ingo	1.102	1.107	0	1.107	1.107	5	0,4%
ACIS	1.477	0	163	163	104	-1.372	-92,9%
FPUSG-061	42.471	42.601	367	42.968	42.868	397	0,9%
ADOS	128					-128	-100,0%
FPGMX	100	2.403	97	2.500	2.500	2.400	2.400,2%
Entidades dependentes	68.972	60.279	726	61.004	60.787	-8.185	-11,9%
Universidades	4.664	5.719	-1.373	4.345	4.345	-319	-6,8%
Total	73.637	65.998	-648	65.350	65.132	-8.504	-11,5%

As transferencias destinadas ao financiamento das entidades dependentes diminuíron un 12% respecto ao exercicio anterior sendo Galaria e a FPUSG-061 as que absorben o 94% deste gasto. Cabe sinalar que a ADOS, a partir da súa transformación recibe o seu financiamento a través dunha

encomenda de xestión, e que a FPGMX pasa a recibir o seu financiamento como transferencia, cando no exercicio anterior se financiaba basicamente a través do capítulo II. Por último, cabe indicar que a diminución do financiamento de Galaria é consecuencia da reestruturación realizada a mediados de 2015, derivada do traspaso ao Sergas das unidades de cirurxía que viña xestionando.

As obrigas pendentes de recoñecer referidas a esta epígrafe ascenden a 1,771 millóns de euros correspondentes a Galaria e a FPGMX.

IV.5.2.5. INVESTIMENTOS

O crédito definitivo acadou os 160,133 millóns de euros. A xestión dos créditos presenta un carácter moi centralizado, aglutinando Servizos Centrais o 64% do total. Porén, produciuse unha modificación na xestión do contrato do novo hospital de Vigo, que pasa de Servizos Centrais á EOXI de Vigo.

A continuación móstrase a súa execución atendendo á clasificación económica, reflectindo o anexo 13 o detalle segundo a clasificación funcional e orgánica.

Cadro 62: Execución do capítulo VI do orzamento de gastos 2016 (miles de euros)

Artigo	2015	2016				Ratios		
	Obrigas recoñecidas (A)	Crédito inicial (B)	Crédito definitivo (C)	Obrigas recoñecidas (D)	Pagamentos realizados (E)	% var obrigas 16/15 (D-A)/A	% obrigas / definitivos D/C	% pagamentos / obrigas E/D
62 Investimento novo	129.334	131.606	155.611	133.137	115.429	2,9%	85,6%	86,7%
63 Investimento de reposición	0	100	1.700	1.675	1.664		98,5%	99,4%
64 Gastos en investimento inmaterial	4.585	1.217	2.822	1.148	947	-75,0%	40,7%	82,5%
Total	133.919	132.923	160.133	135.960	118.041	1,5%	84,90%	86,8%

O gasto finalmente executado en investimentos ascendeu a 135,960 millóns de euros, aumentando un 1,5% respecto do exercicio anterior.

O investimento novo, cun nivel de obrigas recoñecidas de 133,137 millóns de euros, absorbe o 98% do gasto deste capítulo e presenta, fronte ao exercicio anterior, un aumento do 2,9% (3,803 millóns de euros). O detalle deste investimento comprende as seguintes actuacións:

Cadro 63: Investimento novo 2016 (miles de euros)

Concepto	Obrigas recoñecidas	% s/total	% var 16/15
620.0 Terreos e bens materiais	63	0,0%	931,0%
621.0 Construcións de centros	52.439	39,4%	64,9%
621.1 Ampliacións e melloras de centros de saúde	24.136	18,1%	-26,3%
621.2 Equipamento	30.464	22,9%	57,8%
621.3 Material de transporte	17	0,0%	
621.4 Equipamento informático	24.506	18,4%	-44,2%
628.1 Outro inmovilizado material	1.512	1,1%	-4,0%
Total	133.137	100,0%	2,9%

O investimento en equipamento informático, que absorbe o 18% do gasto, xestiónase no ámbito de Servizos Centrais e, como se vén poñendo de manifesto en informes precedentes, inclúe gastos que teñen natureza de gasto corrente e non de investimento.

O investimento de carácter inmaterial rexistra no exercicio un total de 1,148 millóns de euros cun descenso do 75%. Detéctase, ao igual que en exercicios anteriores, a contabilización de gastos que non teñen natureza de investimento inmaterial.

A asunción dos compromisos derivados de exercicios anteriores e a imputación da débeda no exercicio fiscalizado limita a capacidade dos créditos deste capítulo para facer fronte a novos compromisos, tal e como se pon de manifesto a continuación:

	miles de euros
Créditos definitivos (1)	160.133
Compromisos plurianuais (2)	82.672
Débeda imputada (3)	7.961
Total compromisos (4) = (2) + (3)	90.633
Marxe de manobra (5) = (1) – (4)	69.500

A evolución do investimento no período 2013-2016 atendendo ás obrigas recoñecidas e ao gasto real móstrase no seguinte cadro:

Cadro 64: Evolución do investimento 2013-2016 (miles de euros)

		2013	2014	2015	2016	% variación 16/13
Obrigas recoñecidas		54.930	54.250	133.919	135.960	147,51%
Gasto real		50.061	54.055	141.865	132.739	165,15%
% variación interanual	Obrigas recoñecidas	9,7%	-1,2%	146,9%	1,5%	
	Gasto real	11,1%	8,0%	162,4%	-6,4%	

IV.5.2.6. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL

O seguinte cadro amosa a execución deste capítulo segundo a clasificación económica:

Cadro 65: Execución do capítulo VII do orzamento de gastos 2016 (miles de euros)

Artigo	2015	2016				Ratios		
	Obrigas recoñecidas (A)	Crédito inicial (B)	Crédito definitivo (C)	Obrigas recoñecidas (D)	Pagamentos realizados (E)	% var obrigas 16/15 (D-A)/A	% obrigas / definitivos D/C	% pagamentos / obrigas E/D
74 A sociedades públicas e outros entes públicos	2.287	3.353	2.763	2.703	2.495	18,2%	97,8%	92,3%
76 A corporacións locais	0	0	91	91	91		100,0%	100,0%
78 A familias e inst. sen fins de lucro	0	0	123	39	39		31,6%	100,0%
Total	2.287	3.353	2.977	2.833	2.625	23,9%	95,2%	92,7%

No exercicio fiscalizado ten lugar a aplicación da subvención á FPUSG-061 con destino a un helicóptero medicalizado por importe de 2,703 millóns de euros.

IV.5.2.7. ACTIVOS FINANCEIROS

Este capítulo, que recolle os créditos destinados a anticipos e empréstitos ao persoal a curto e a longo prazo, reflicte a seguinte execución, co detalle por conceptos, programas e centros no anexo 14:

Cadro 66: Execución do capítulo VIII do orzamento de gastos 2016 (miles de euros)

Concepto	2015	2016				Ratios		
	Obrigas recoñecidas (A)	Crédito inicial (B)	Crédito definitivo (C)	Obrigas recoñecidas (D)	Pagamentos realizados (E)	% var obrigas 16/15 (D-A)/A	% obrigas / definitivos D/C	% pagamentos / obrigas E/D
830 Préstamos a curto prazo	438	572	423	420	420	-4,1%	99,2%	100,0%
831 Préstamos a longo prazo	23	78	44	14	14	-40,0%	31,0%	100,0%
860 Adquisición accións empresas participadas		0	1	1	1		100,0%	100,0%
Total	460	650	468	434	434	-5,6%	92,9%	100,0%

IV.5.2.8. PASIVOS FINANCEIROS

Neste capítulo recoñécese a devolución dos anticipos recibidos no marco dos convenios co MINECO (Innova Saúde e H2050), vinculada cos ingresos recibidos do FEDER, de modo que coincide cos ingresos recibidos por este concepto no capítulo VII de ingresos.

Porén, faltaría por contabilizar a devolución das cantidades recibidas como anticipo por eses convenios e que non se puideron xustificar, xa que os ditos convenios rematan neste exercicio. Como se indicou ao analizar os ingresos do capítulo IX, esta institución non considera axeitada a contabilización dunha débeda como minoración de ingresos.

Cadro 67: Execución do capítulo IX do orzamento de gastos 2016 (miles de euros)

Concepto	2015	2016				Ratios		
	Obrigas recoñecidas (A)	Crédito inicial (B)	Crédito definitivo (C)	Obrigas recoñecidas (D)	Pagamentos realizados (E)	% var obrigas 16/15 (D-A)/A	% obrigas / definitivos D/C	% pagamentos / obrigas E/D
952 Devolución de préstamos	32.637	0	4.228	4.228	4.228	-87,0%	100,0%	100,0%
Total	32.637	0	4.228	4.228	4.228	-87,0%	100,0%	100,0%

IV.6. OPERACIÓNS DE EXERCICIOS PECHADOS

IV.6.1. DEREITOS ORZAMENTARIOS PENDENTES DE COBRO

O Sergas presentaba ao inicio do exercicio uns dereitos orzamentarios pendentes de cobro procedentes de exercicios anteriores de 491,056 millóns de euros. A información da liquidación da Conta non ofrece detalle respecto da súa antigüidade, o que non permite avaliar a situación destes dereitos.

A súa evolución nos últimos anos é a seguinte:

Cadro 68: Evolución de dereitos pendentes de exercicios pechados (miles de euros)

Data	Capítulo III	Capítulo IV	Capítulo V	Capítulo VII	Capítulo IX	Total
31.12.2002	72.125	10.400	---	2.781		85.306
31.12.2003	76.598	8.183	---	7.153		91.934
31.12.2004	77.509	32.649	---	2.255		112.414
31.12.2005	80.104	238.812	17	165		319.098
31.12.2006	79.944	233.450	27	1.157		314.579
31.12.2007	84.600	332.508	35	257		417.400
31.12.2008	89.515	306.446	82	1.162		397.205
31.12.2009	93.407	290.069	110	9.513		393.098
31.12.2010	97.293	214.751	117	10.536		322.698
31.12.2011	101.137	234.775	145	827		336.884
31.12.2012	102.851	321.985	335	3530		428.701
31.12.2013	110.486	333.318	409	14.525	28.168	486.907
31.12.2014	113.413	103.275	370	15.576	23.068	255.702
31.12.2015	113.739	330.609	383	46.323		491.056

Sobre este saldo, anuláronse dereitos por importe de 0,851 millóns de euros, deixando un saldo neto pendente de cobro de 490,204 millóns de euros, do que o 78% foi ingresado no exercicio 2016, quedando pendentes de cobro 106,800 millóns de euros. O detalle por capítulos é o seguinte:

Cadro 69: Operacións sobre dereitos de orzamentos pechados (miles de euros)

Capítulo	Dereitos recoñecidos	Dereitos anulados	Dereitos pendentes de cobro	Liquidacións canceladas por recadación	Liquidacións canceladas por insolvencias	Dereitos pendentes de cobro
III Taxas, prezos públicos e outros	113.739	851	112.888	7.156		105.732
IV Transferencias correntes	330.609		330.609	330.047		562
V Ingresos patrimoniais	383		383	43		341
VII Transferencias de capital	46.323		46.323	46.158		165
Total	491.056	851	490.204	383.404	0	106.800

A continuación móstrase o detalle dos dereitos pendentes de cobro a 31 de decembro de 2016 correspondentes ao capítulo III que concentra o 99% do total:

Cadro 70: Dereitos pendentes de cobro de exercicios anteriores. Capítulo III (miles de euros)

Concepto	Dereitos pendentes de cobro
363 Debedores varios e particulares	77.862
364 Debedores accidentes de tráfico	13.708
365 Debedores mutuas patronais por AT	12.739
Resto conceptos	1.423
Total	105.732

Como corolario deste apartado, os dereitos pendentes de cobro resultantes da liquidación do exercicio corrente, por importe de 266,832 millóns de euros, xunto aos 106,800 millóns de euros que quedan pendentes de cobro de exercicios anteriores a 2016, acumulan un importe pendente de cobro a 31 de decembro de 2016 de 373,632 millóns de euros.

A situación analizada recomenda realizar de forma periódica a regularización contable destes saldos, de tal xeito que respondan á realidade económico-financeira.

IV.6.2. OBRIGAS ORZAMENTARIAS PENDENTES DE PAGAMENTO PROCEDENTES DE EXERCICIOS ANTERIORES

Nos últimos exercicios a liquidación do orzamento rexistra un grao de cumprimento total, en termos de propostas de pagamento, derivado das disposicións establecidas nas ordes de pechamento de cada exercicio sendo o detalle por exercicio o que reflicte o seguinte cadro:

Cadro 71: Estado das obrigas pendentes de pagamento procedentes de exercicios anteriores (euros)

Exercicio	Saldo inicial	Rectificacións	Saldo neto	Propostas de pagamento expedidas	Obrigas pendentes de propoñer o pagamento
1999	102		102		102
2002	6.347		6.347		6.347
2004	633		633		633
2005	124.843		124.843		124.843
2006	162.348		162.348		162.348
2007	1.874		1.874		1.874
2008	3.004		3.004		3.004
2014	4.565		4.565		4.565
Total	303.717	0	303.717	0	303.717

Non se contabilizaron rectificacións nin propostas de pagamento, polo que o importe das obrigas pendentes de propoñer o pagamento ao final de exercicio mantense invariable. Dada a súa antigüidade, susceptible de encontrarse en prescrición, aconséllase iniciar actuacións tendentes á súa depuración.

En canto ás propostas de pagamento, o Sergas presentaba ao inicio do exercicio un saldo de 372,146 millóns de euros, quedando pendentes de ordenar 3.259 euros procedentes do orzamento do exercicio 1992.

IV.7. COMPROMISOS DE GASTOS CON CARGO A ORZAMENTOS DE EJERCICIOS POSTERIORES

O artigo 58 do TRLRFOG establece a posibilidade de adquirir compromisos de gastos de carácter plurianual coas condicións e limitacións que nel se especifican. Atendendo á información da conta rendida, a finais de 2016 os compromisos adquiridos con cargo a exercicios posteriores ascendían a 2.417,199 millóns de euros. No seguinte cadro reflíctese o detalle por capítulos e anualidades:

Cadro 72: Compromisos de gastos con cargo a exercicios futuros segundo clasificación económica (miles de euros)

Capítulo	2017	2018	2019	2020	Anos sucesivos	Total
II Gastos correntes	315.758	218.296	193.034	165.434	699.040	1.591.562
IV Transferencias correntes	59.092	333	316	320	0	60.062
Gastos correntes	374.850	218.629	193.350	165.753	699.040	1.651.624
VI Investimentos reais	72.393	53.902	44.536	39.181	553.070	763.081
VII Transferencias de capital	2.495					2.495
Gastos de capital	74.888	53.902	44.536	39.181	553.070	765.576
Total	449.738	272.531	237.886	204.934	1.252.110	2.417.199

Respecto do exercicio anterior, os créditos comprometidos en 2016 para exercicios futuros experimentan un descenso do 4,8%. Desde a perspectiva económica, estes compromisos repártense en gastos correntes e gastos de capital, cunha proporción do 68% e 32%, respectivamente.

Da análise da información que reflicte a Conta rendida extraíanse os seguintes datos:

Cadro 73: Compromisos de gastos con cargo a exercicios futuros (miles de euros)

	2017	2018	2019	2020	Anos sucesivos	Total
Compromisos adquiridos con anterioridade a 2016	216.739	141.324	127.114	115.305	288.913	889.396
Compromisos adquiridos en 2016	232.998	131.207	110.772	89.629	963.197	1.527.804
Situación a finais de 2016	449.738	272.531	237.886	204.934	1.252.110	2.417.199

Os compromisos derivados do contrato de concesión de obra para a construción e explotación do novo hospital de Vigo (1.225,814 millóns de euros para os exercicios 2017-2035) e o contrato da Central loxística (57,140 millóns de euros para os exercicios 2017-2022) absorben o 53,1% do total dos compromisos futuros do organismo. Os compromisos derivados do primeiro rexístranse nos capítulos II en concepto de canon (510,492 millóns de euros) e VI en concepto de investimentos (715,321 millóns de euros); no segundo os compromisos contabilízanse na epígrafe 227.99.

IV.8. OPERACIÓNS EXTRAORZAMENTARIAS

IV.8.1. DEREITOS NON ORZAMENTARIOS PENDENTES DE COBRO

O saldo a 31.12.2016 destes dereitos pendentes de cobro ascende a 568 miles de euros, sen variación respecto do exercicio anterior, segundo se mostra no seguinte cadro:

Cadro 74: Saldo dos debedores non orzamentarios a 31.12.2016 (euros)

Concepto	Saldo inicial	Pagamentos	Total	Ingresos	Saldo debedor
Pagamentos duplicados ou excesivos	18.863	0	18.863	0	18.863
Fondo de Manobra	546.365	0	546.365	0	546.365
Ingresos Administración Xeral pendentes de transferir	3.245	0	3.245	0	3.245
Total	568.474	0	568.474	0	568.474

O saldo de pagamentos duplicados ou excesivos derivan de exercicios anteriores ao 2004 e véñense reflectindo anualmente como debedores na Conta Xeral. Non consta máis información que permita pronunciarse sobre a realidade deste dereito de cobro.

O Fondo de Manobra non experimentou ningunha variación.

En canto aos ingresos da Administración Xeral pendentes de transferir, reflecten os movementos da caixa 07 (Sergas) integrada na Tesouraría Xeral da Xunta de Galicia.

IV.8.2. OBRIGAS NON ORZAMENTARIAS PENDENTES DE PAGAMENTO

Ao inicio do exercicio o Sergas mantiña unhas obrigas pendentes de pagamento con acredores non orzamentarios por importe de 83,179 millóns de euros. Os ingresos do exercicio incrementaron este saldo ata os 707,709 millóns de euros. Os pagamentos realizados, por importe de 624,528 millóns de euros, deixan unha débeda final de 83,181 millóns de euros.

Cadro 75: Estado de acredores non orzamentarios (miles de euros)

Saldo a 1 de xaneiro	Ingresos	Pagamentos	Saldo pendente de pagamento
83.179	624.531	624.528	83.181

Estas obrigas derivan principalmente das retencións practicadas na nómina dos traballadores en concepto de IRPF, Seguridade Social ou MUFACE, así como fianzas en metálico ou ingresos duplicados ou excesivos.

IV.9. OBRIGAS PENDENTES DE RECOÑECER

As características da xestión da prestación sanitaria limitan a capacidade do orzamento como instrumento para a planificación e control do gasto sanitario. A súa manifestación máis visible é a

recorrente xeración de obrigas pendentes de contabilizar resultado de insuficiencias nos créditos aprobados.

Como se sinalou no apartado III deste informe, a substitución da función interventora polo control financeiro permanente limitou a capacidade dos instrumentos de control interno para o axeitado recoñecemento deste gasto.

A determinación do importe das obrigas pendentes de imputar ao orzamento foi realizada seguindo os criterios e metodoloxía aplicados nos informes precedentes baseándose na información facilitada polo organismo autónomo. A súa contía ao final do exercicio 2016 ascendeu a 119,644 millóns de euros, un 35% superior á declarada no exercicio anterior. No seguinte cadro detállase a súa distribución por capítulo:

Cadro 76: Obrigas non contabilizadas (miles de euros)

Capítulo	Obrigas non contabilizadas a 31.12.2016	% s/total
II Gastos en bens correntes e servizos	113.120	95,4%
IV Transferencias correntes	1.784	1,5%
VI Investimentos reais	4.741	4,0%
Total	119.644	100,0%

Fonte: Dirección Xeral de Recursos Económicos

Análise por capítulos

O capítulo II (Gastos en bens correntes e servizos) concentra o 95% da débeda e distribúese entre o consumo intermedio, que absorbe o 99,8%, e a asistencia sanitaria con medios alleos (concertos).

A débeda en consumo intermedio sitúase en 112,843 millóns de euros, incrementándose un 44% respecto ao 2015. No seguinte cadro reflíctese a evolución da débeda nos diferentes conceptos de gasto, debendo sinalar o cambio que se produce nos conceptos aos que se imputa a débeda respecto de 2015, pasando a distribuírse entre todos os conceptos mentres que no 2015 o maior peso correspondía ao 221.06. Esta situación é debida, principalmente, ao cambio na vinculación do concepto 221.06 a partires do 2014.

Cadro 77: Débeda en consumo intermedio (miles de euros)

Epígrafe	2015	% s/total	2016	% s/total	% variación 16/15
221.06 Produtos farmacéuticos e material sanitario	50.465	64,6%	16.742	14,8%	-66,8%
221.15 Implantas	6.692	8,6%	26.680	23,6%	298,7%
221.16 Outro material sanitario	9.319	11,9%	33.278	29,5%	257,1%
221.19 Material de laboratorio	4.768	6,1%	16.646	14,8%	249,1%
Resto consumo intermedio	6.910	8,8%	19.496	17,3%	182,1%
Total	78.155	100,0%	112.843	100,0%	44,4%

Fonte: Dirección Xeral de Recursos Económicos

A débeda en actividade concertada, representa un exíguo 0,1% respecto das obrigas recoñecidas, cuns valores inferiores aos do exercicio anterior nun 81,7% tal e como se mostra no seguinte cadro:

Cadro 78: Actividade concertada. Obrigas pendentes de recoñecer (miles de euros)

Epígrafe	2015	% s/total	2016	% s/total	% variación 16/15
252. Concertos con institucións de atención especializada	413	27,2%	237	85,8%	-42,5%
253. Concertos por programas especiais de hemodiálise	556	36,7%	39	14,1%	-93,0%
254. Concertos con centros de diagnóstico e tratamento	355	23,4%		0,0%	-100,0%
255. Concertos polo programa especial de transporte	0	0,0%		0,0%	-100,0%
258. Outros servizos de asistencia sanitaria	192	12,7%	0	0,0%	-100,0%
Total	1.516	100,0%	277	100,0%	-81,7%

Fonte: Dirección Xeral de Recursos Económicos

O **capítulo IV** (Transferencias correntes) absorbe o 1,5% da débeda, cun significativo incremento respecto do exercicio anterior (43%). A súa distribución por conceptos é a seguinte, representando a epígrafe 441.15 o 90% deste capítulo:

Cadro 79: Transferencias correntes. Obrigas pendentes de recoñecer (miles de euros)

Epígrafe	2015	% s/total	2016	% s/total	% variación 16/15
441.15 Galaria	1.154	92,4%	1.610	90,2%	39,5%
443.14 Fundación Galega de Medicina Xenómica			161	9,0%	-
480 A familias e institucións sen fins de lucro	57	4,6%	13	0,7%	-77,3%
489.0 Farmacia (receitas médicas)	37	3,0%		0,0%	-100,0%
Total	1.248	100,0%	1.784	100,0%	42,9%

Fonte: Dirección Xeral de Recursos Económicos

O **capítulo VI** (Investimentos reais) acada unha débeda de 4,741 millóns de euros (4% do total).

Distribución por centros

A distribución da débeda por centros xestores móstrase no seguinte cadro xunto co seu peso respecto dos créditos iniciais do exercicio seguinte o que permite apreciar a súa incidencia na execución orzamentaria:

Cadro 80: Obrigas pendentes de recoñecer. Distribución por centros (miles de euros)

Centro	2016	% s/total	% débeda sobre orzamento inicial 2017			
			Capítulo II	Capítulo IV	Capítulo VI	Total
1501 EOXI A Coruña	26.659	22,3%	13,7%	0,0%		4,4%
1505 EOXI Ferrol	2.565	2,1%	3,8%	0,0%		1,1%
1571 EOXI Santiago	22.602	18,9%	13,0%	0,0%		4,1%
2701 EOXI Lugo	13.910	11,6%	12,0%	0,1%		3,1%
3201 EOXI Ourense	18.942	15,8%	16,9%	0,4%		4,4%
3601 EOXI Vigo	15.787	13,2%	6,1%	0,5%		2,2%
3603 EOXI Pontevedra	12.863	10,8%	15,2%	0,8%		3,9%
5001 Servizos Centrais	6.316	5,3%	5,0%	0,0%	5,7%	2,8%
Total	119.644	100,0%	11,1%	0,2%	3,8%	3,4%

Evolución

A débeda a 31 de decembro representa o 3,2% do total das obrigas recoñecidas, podendo apreciarse no seguinte cadro a súa evolución no período 2002-2016:

Cadro 81: Evolución débeda/obrigas 2002-2016 (miles de euros)

Exercicio	Obrigas recoñecidas	Débeda do exercicio	% débeda do exercicio/obrigas
2002	2.334.678	91.679	3,9%
2003	2.338.981	207.477	8,9%
2004	2.572.151	308.500	12,0%
2005	3.079.948	110.796	3,6%
2006	3.241.982	751	0,0%
2007	3.354.632	349	0,0%
2008	3.697.961	214	0,0%
2009	3.888.147	69.184	1,8%
2010	3.744.207	188.251	5,0%
2011	3.471.292	300.212	8,6%
2012	3.656.264	164.294	4,5%
2013	3.568.987	172.711	4,8%
2014	3.566.242	105.599	3,0%
2015	3.786.212	88.884	2,3%
2016	3.764.876	119.644	3,2%

Fonte: Conta Xeral Servizo Galego de Saúde e Dirección Xeral de Recursos Económicos

Imputación

A débeda a 31.12.2016 impútase en case a súa totalidade ao exercicio seguinte, quedando pendente 90 euros.

O proceso de imputación contable realízase sen un marco que o regule e un sistema normalizado que o identifique, asignando os órganos xestores un código de tipo de pagamento no sistema contable-orzamentario para a súa referencia.

IV.10. RESULTADO DO EXERCICIO

Segundo os datos contidos na liquidación da Conta Xeral do Sergas de 2016 reflíctese un superávit de financiamento segundo o seguinte detalle:

Cadro 82: Resultado do exercicio 2016 (miles de euros)

Conceptos	Dereitos recoñecidos netos	Obrigas recoñecidas netas	Importes
(+) Operacións correntes	3.640.589	3.621.421	19.168
(+) Operacións de capital	142.413	138.793	3.620
1. (+) Operacións non financeiras	3.783.001	3.760.213	22.788
2. (+) Operacións con activos financeiros	378	434	-57
I. RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO (1+2)	3.783.379	3.760.648	22.731
II. VARIACIÓN NETA DE PASIVOS FINANCEIROS	-16.983	4.228	-21.212
III. SALDO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO (I +II)			1.519
3. (-) Desviacións de financiamento positivas por recursos do exercicio en gastos con financiamento afectado			
4. (+) Desviacións de financiamento negativas en gastos con financiamento afectado			
IV. SUPERAVIT DE FINANCIAMENTO DO EXERCICIO (III-3+4)			1.519

O resultado orzamentario, que expresa en que medida os recursos orzamentarios propios son suficientes para financiar os gastos da mesma natureza, amosa un saldo positivo de 22,731 millóns de euros, cun superávit no compoñente de operacións non financeiras e cun déficit no de operacións financeiras.

O saldo orzamentario, obtido da aplicación ao resultado orzamentario da variación neta de pasivos financeiros, reflicte un resultado positivo de 1,519 millóns de euros.

O anterior saldo non foi corrixido coas desviacións de financiamento que poderían afectar ao déficit/superávit de financiamento, constatándose na execución do orzamento a existencia de ingresos vinculados a determinados proxectos con financiamento afectado.

Ao tempo, o resultado do exercicio debe axustarse coas anulacións de obrigas e dereitos de exercicios anteriores e o efecto de considerar o gasto desprazado entre exercicios.

As operacións de anulacións que sobre exercicios pechados se fan en cada exercicio obrigan a correccións nos resultados de exercicios anteriores. Porén, este axuste presenta unha limitación derivada de que, se ben as anulacións de gastos rexistran o exercicio do que deriva a obriga, as de ingresos non especifican o ano ao que corresponden. Esta limitación non permite un axuste no resultado do exercicio por este efecto.

O resultado do exercicio non recolle o gasto non contabilizado e desprazado a exercicios posteriores polo que procede realizar axustes que supoñen a inclusión dos gastos devindicados no exercicio e non aplicados, por importe de 119,644 millóns de euros, e a dedución daqueles xerados en exercicios anteriores e imputados ao corrente, que suman 88,850 millóns de euros. Deste xeito, o resultado derivado exclusivamente deste axuste determina un saldo negativo de 29,280 millóns de euros e a súa evolución para o período 2013-2016 é a seguinte:

Gráfico 5: Evolución do resultado axustado (miles de euros)



IV.11. ANÁLISE DE APARTADOS ESPECÍFICOS

IV.11.1. ENTIDADES VINCULADAS

Neste apartado analízase o financiamento que o Sergas e a Consellería establecen para ás súas entidades vinculadas (axencias, fundacións e sociedades públicas) mediante o exame dos instrumentos a través dos que se formaliza. Tomando como referencia as contas rendidas, faise unha análise da súa estrutura económico-financeira.

O importe das obrigas recoñecidas a favor destas entidades ascendeu no exercicio a 85,762 millóns de euros. Cun nivel de gasto orzamentario inferior nun 9,5% ao do exercicio precedente (94,802 millóns de euros), o Sergas reflicte obrigas non recoñecidas a favor destas entidades por importe de 4,916 millóns de euros.

IV.11.1.1. FINANCIAMENTO RECIBIDO DO SERGAS E DA CONSELLERÍA

Os instrumentos de relación entre o Sergas e as súas entidades vinculadas para o desenvolvemento das súas actividades adoptan tres modalidades: encomendas de xestión (ADOS), contratos de xestión e contratos-programa.

No caso das axencias, a Lei de organización e funcionamento da Administración Xeral de Galicia establece que o marco de relación para o seu financiamento se realice mediante o correspondente contrato de xestión coa consellería de adscrición. Non foron facilitados os mencionados contratos. En canto a ADOS o financiamento deriva dunha encomenda de xestión do Sergas para a subministración de hemoderivados aos seus centros.

Cadro 83: Liquidación orzamento Sergas e Consellería coas entidades vinculadas (miles de euros)

Entidade	Transferencias correntes		Transferencias de capital		Consumo intermedio		Concertos	Investimentos	Total
	Consignación orzamentaria	Obrigas recoñ.	Consignación orzamentaria	Obrigas recoñ.	Consignación orzamentaria	Obrigas recoñ.	Obrigas recoñ.	Obrigas recoñ.	Obrigas recoñ.
FPUSG-061	42.601	42.868	3.353	2.703				12	45.583
F Ingo	1.107	1.107							1.107
FPGMX	2.403	2.500					17		2.517
Galaria	14.167	14.207					1		14.208
ADOS	317	317	82	78	19.308	19.167			19.562
ACIS	1.993	2.314	834	472					2.785
Total	62.589	63.314	4.269	3.252	19.308	19.167	17	12	85.762

No exercicio 2016, seguindo as recomendacións deste Consello, mellórase a organización das fontes de financiamento das entidades vinculadas, homoxeneizando o tratamento das achegas como transferencias ou encomendas. Porén, aínda quedan pequenas achegas pendentes de regularizar.

A continuación desenvólvese a súa análise individualizada:

Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento (ACIS)

Non foi facilitado o contrato de xestión que vai a regular a relación ACIS coa Consellería, polo que non se pode analizar o cumprimento de obxectivos. Porén, as cantidades transferidas por parte da Consellería son as seguintes:

Cadro 84: ACIS Transferencias de financiamento (miles de euros)

Aplicación	Crédito inicial	Modificacións	Crédito definitivo	Obrigas recoñecidas
11.01.411A.432.14	1.993	247	2.239	2.209
11.01.411A.732.14	834	438	1.272	472
50.01.411A.432.14		163	163	104
	2.827	848	3.674	2.785

Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061

A continuación detállase a información sobre a execución neste exercicio do contrato-programa formalizado en 2014:

Cadro 85: FPUSG-061. Execución contrato-programa (miles de euros)

Documento	Data	Obxecto	Importe	Modificacións	Obrigas recoñecidas
Contrato-programa	01.01.2014	Carteira servizos	42.601	367	42.868
		Subvención capital	2.495	208	2.703
Total			45.096	575	45.571

Fonte: Elaboración propia a partir da información facilitada pola Dirección Xeral de Recursos Económicos

A modificación dos importes orzamentarios consignados para o financiamento da carteira de servizos é consecuencia da recuperación retributiva prevista nos orzamentos para o 2016.

A modificación da subvención de capital deriva do pagamento da mensuralidade de decembro do ano 2015 que quedou pendente.

Á marxe das prestacións e financiamento establecidos no contrato-programa, o Sergas ten recoñecidas obrigas coa fundación por importe de 11.826 euros (cursos e facturas diversas).

Fundación Instituto Galego de Oftalmoloxía (Ingo)

As relacións entre o Sergas e esta entidade derivan do contrato-programa asinado o 1 de outubro de 2002 manténdose no tempo mediante a formalización de prórrogas que axustan os importes económicos para cada exercicio. Estrutúrase ao redor de dous apartados: o denominado módulo I que recolle a actividade sanitaria a realizar pola fundación, e o módulo II destinado a programas especiais de colaboración que, como en exercicios anteriores, non se desenvolve. O contrato establece a carteira de servizos da fundación cunha desagregación de custos estimados das diferentes prestacións que realiza. Porén, para os efectos do seu financiamento, establécese un importe máximo a transferir por parte do Sergas.

A continuación detállase a información sobre a execución do contrato-programa e o seu financiamento:

Cadro 86: Fundación Ingo. Execución contrato-programa (miles de euros)

Documento	Data	Obxecto	Importe inicial	Compensación	Importe final	Obrigas recoñecidas
Contrato-programa	30.12.2015	Prórroga	1.107		1.107	1.107
Total			1.107		1.107	1.107
Compensación (concepto 354.10 de ingresos)				681	426	

Fonte: Elaboración propia a partir da información facilitada pola Dirección Xeral de Recursos Económicos

O importe do contrato-programa, en termos de obrigas recoñecidas, ascendeu a 1,107 millóns de euros, un 0,4% inferior ao exercicio anterior.

Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos (ADOS)

O financiamento desta axencia realízase mediante unha encomenda formalizada co Sergas, que non foi facilitada, para a subministración de hemoderivados aos seus centros.

Cadro 87: ADOS execución da encomenda de xestión por centro (miles de euros)

Centro	Crédito Inicial	Modificacións	Crédito definitivo	Obrigas recoñecidas
EOXI A Coruña	4.352	0	4.352	4.352
EOXI Ferrol	984	0	984	984
EOXI Santiago	3.760	0	3.760	3.760
EOXI Lugo	2.039	0	2.039	2.039
EOXI Ourense	1.912	0	1.912	1.912
EOXI Vigo	4.500	-1	4.499	4.499
EOXI Pontevedra	1.761	-156	1.605	1.605
Total	19.308	-158	19.150	19.150

Así mesmo, o Sergas rexistra obrigas pendentes de recoñecer a favor da axencia por importe de 3,145 millóns de euros, cuxo detalle se mostra no seguinte cadro:

Cadro 88: Obrigas pendentes de recoñecer con ADOS (miles de euros)

Centro	Epígrafe		Total
	227.99	241.01	
EOXI A Coruña		763	763
EOXI Ferrol	1	348	349
EOXI Santiago		974	974
EOXI Lugo		407	407
EOXI Ourense		188	188
EOXI Vigo		462	462
EOXI Pontevedra		2	2
Total	1	3.144	3.145

Fonte: Elaboración propia a partir da información facilitada pola Dirección Xeral de Recursos Económicos

A débeda recoñecida no 2015 a favor da fundación foi imputada ao 2016, constando no diario de operacións pagamentos ao NIF da antiga fundación cando a nova axencia se viña a subrogar nos seus dereitos e obrigas.

Atendendo ao exposto, as obrigas do exercicio totais a favor da entidade elévanse a 20,128 millóns de euros e, tendo en conta os axustes derivados da débeda, o gasto real do exercicio por parte do Sergas ascende a 22,312 millóns de euros.

Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica (FPGMX)

O contrato-programa establece a carteira de servizos cos prezos das súas prestacións e os orzamentos dos centros destinatarios. O contrato inicial, actualizado anualmente mediante prórrogas, formalizouse o 1 de xaneiro de 2005, e as tarifas (custos) aplicadas por esta fundación ao Sergas difiren (ao redor do 15%) das establecidas no Decreto que regula as derivadas da prestación de servizos a terceiros obrigados ao pagamento.

Seguindo as recomendacións deste Consello, no exercicio 2016 o financiamento deste contrato programa impútase ao subconcepto 443.14 como unha transferencia de financiamento.

No seguinte cadro detállase a información sobre a execución do contrato-programa e o seu financiamento:

Cadro 89: FPGMX. Execución contrato-programa (miles de euros)

Documento	Data	Importe inicial	Modificacións		Importe final	Obrigas recoñecidas
			Data	Importe		
Prórroga contrato-programa	17.12.2015	2.403			2.403	2.450
28ª addenda (5001.412A.443.14)			01.09.2016	50	50	50
Total		2.403		50	2.453	2.500

Fonte: Elaboración propia a partir da información facilitada pola Dirección Xeral de Recursos Económicos

O importe final do contrato-programa descendeu un 4% respecto do formalizado o ano anterior.

O día 1 de setembro, subscribiuse a 28ª addenda por 50.000 euros, no ámbito de xestión de Servizos Centrais (epígrafe 443.14), para promover a investigación relacionada coas bases xenéticas dos trastornos mentais.

O Sergas reconece no exercicio 2016 como débeda a favor da fundación 161.134 euros correspondentes a prestacións nos centros.

No exercicio anterior, o Sergas contraía unha débeda coa fundación de 16.655 euros, imputada no exercicio fiscalizado na epígrafe 254.07.

Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, SA

As prestacións vixentes derivan dun contrato-programa asinado o 1 de agosto de 2004, obxecto de prórrogas e addendas, que se estruturaba ao redor de 3 módulos destinados, os dous primeiros, á actividade asistencial e, o terceiro, aos servizos de consultaría. Estas prestacións iniciais foron complementadas mediante a formalización de addendas e convenios específicos que, incorporados ao contrato-programa, se concretaron en distintas áreas de actuación.

A actividade asistencial realízase nas seguintes unidades dedicadas á atención sanitaria especializada no sur de Galicia: Oncoloxía Radioterápica e Radiofísica hospitalaria, Medicina Nuclear en Vigo e Ourense, e Diagnóstico por imaxe (xestión dos equipos de Resonancias magnéticas móbiles do Sergas e dos equipos fixos da área de Vigo). O 1 de xullo de 2015, coa entrada en vigor do Decreto 88/2015, as unidades de Cirurxía Cardíaca e Cardiología Intervencionista, que ata ese momento eran xestionadas por Galaria, pasan a integrarse no Sergas que se subroga en todos os dereitos e obrigas con orixe nas citadas unidades e na totalidade das relacións laborais do persoal de Galaria que presta servizo naquelas.

As prestacións asistenciais complementanse coa actividade de consultaría centrada en dous departamentos: a Unidade Técnica de Protección Radiolóxica (UTPR) e a Unidade de Consultaría.

As prestacións referidas, para as que a entidade Galaria serve de soporte instrumental, figuran no contrato-programa mediante a asignación de importes globais sen que se poida recoñecer a estrutura de custos que xustifica os valores que se asocian a cada servizo.

No seguinte cadro detállase a información sobre a execución das prestacións e o seu financiamento:

Cadro 90: Galaria. Execución contrato-programa (miles de euros)

Documento	Data	Obxecto	Aplicación	Importe inicial 2016	Modificacións/ Compensacións	Importe final	Obrigas recoñecidas
Prórroga contrato-programa	30.12.2015	Módulo I e II (Ourense)	3201 412A 44115	277		277	679
		Módulo I e II (Pontevedra)	3601 412A 44115	6.907	-790	6.117	9.256
			3603 412A 44115	199			807
		Módulo III (Consultaría)	5001 412A 44115	300		300	300
		PET	1571 412A 44115	628	-79	548	548
		Telefonía	5001 412A 44115	812		812	812
		Servizo de protección radiolóxica	varios centros (todas as EOXI excepto 1571)	399		399	399
Total contrato-programa				9.522	-869	8.653	12.803
		RM Móbil	varios centros	1.426		1.426	(*) 1.404
Total				10.948	-869	10.078	14.207
Compensacións (concepto 353.15 de ingresos)					760	9.319	

(*) No centro 5001 Servizos Centrais

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Conta Xeral do Sergas e dos contratos-programa

O financiamento do contrato aplícase ao crédito de transferencias correntes, (epígrafe 441.15). As prestacións da resonancia magnética móbil non presentan unha cobertura orzamentaria definida no contrato-programa.

Para a prestación dos servizos, Galaria utiliza recursos facilitados polos centros hospitalarios que inclúen as propias instalacións onde se sitúan e polos que o Sergas lle factura á entidade. Isto dá lugar ao recoñecemento de ingresos na contabilidade do Sergas. No caso do PET, que se corresponde cun compromiso no contrato-programa por parte da EOXI de Santiago faise unha anulación do compromiso compensando os ingresos que debería facturar a Galaria.

O importe do contrato-programa, incluíndo a RM móbil, en termos de obrigas recoñecidas ascendeu a 14,207 millóns de euros, un 40% inferior respecto do ano anterior.

Á marxe das prestacións e financiamento incorporados no contrato-programa, o Sergas ten recoñecidas obrigas coa sociedade por importe de 826 euros.

O Sergas mantén con Galaria o compromiso dunha subvención de capital para a cobertura do contrato de leasing para adquisición dunha sala vascular que, conforme ao Convenio do 10 de xullo de 2008, abrangue o período 2008-2016, sen que no 2016 conste ningunha achega.

O Sergas reconece como débeda do exercicio 2016 a favor da empresa Galaria 1,610 millóns de euros, concentrándose na EOXI de Vigo e de Pontevedra, como se mostra no seguinte cadro:

Cadro 91: Galaria. Obrigas pendentes de recoñecer (miles de euros)

Centro	Obrigas 2016 pendentes de recoñecer no exercicio
EOXI Lugo	8
EOXI Ourense	286
EOXI Vigo	716
EOXI Pontevedra	600
Total	1.610

Fonte: Elaboración propia a partir da información facilitada pola Dirección Xeral de Recursos Económicos

O gasto real, tendo en conta o efecto do gasto desprazado e deducidas as compensacións, ascendeu a 13,904 millóns de euros, cun descenso do 29,2% respecto do exercicio anterior.

IV.11.1.2. INFORMACIÓN ECONÓMICO-FINANCEIRA

Atendendo á diferente natureza que teñen as entidades vinculadas, a información financeira analízase de forma separada, distinguindo as entidades suxeitas á contabilidade pública (axencias) das entidades suxeitas á contabilidade privada (sociedades e fundacións).

Axencias

ACIS

O Decreto 112/2015, do 31 de xullo, polo que se crea a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e se aproban os seus Estatutos, autoriza á Consellería de Sanidade para levar adiante os trámites de extinción e liquidación da Fegas coa finalidade de integrala nunha axencia pública autonómica que desenvolva todas as competencias da Consellería en materia de xestión da formación e acreditación dos profesionais do sistema galego de saúde, a investigación sanitaria e a avaliación de tecnoloxías sanitarias. Na disposición adicional primeira establece que a súa posta en funcionamento efectivo terá lugar coa entrada en vigor dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia que inclúan as dotacións precisas para o normal funcionamento da Axencia como ente instrumental. Así mesmo, dispón que a data de posta en funcionamento da Axencia farase pública por resolución da súa presidencia mediante anuncio no Diario Oficial de Galicia.

Mediante Resolución da Consellería de Sanidade do 21 de decembro de 2015 faise público que a data da posta en funcionamento será o 1 de xaneiro de 2016.

O seguinte cadro amosa a liquidación do seu orzamento para o 2016, reflectindo un saldo orzamentario positivo de 332 mil euros:

Cadro 92: Liquidación orzamentaria ACIS (miles de euros)

Gastos	Crédito Inicial	Crédito definitivo	Obrigas recoñecidas	% s/total
I Gastos de persoal	1.347	1.579	1.163	47,0%
II Gastos en bens correntes e servizos	638	824	731	29,5%
IV Transferencias correntes	8	8	8	0,3%
Total operacións correntes	1.993	2.411	1.901	76,8%
VI Investimentos reais	834	1.692	573	23,2%
Total operacións de capital	834	1.692	573	23,2%
Gastos non financeiros	2.827	4.103	2.475	100,0%
Total gastos (1)	2.827	4.103	2.475	100,0%

Ingresos	Previsión Inicial	Previsión definitiva	Dereitos recoñecidos	% s/total
III Taxas e outros ingresos			11	0,4%
IV Transferencias correntes	1.993	1.993	2.323	82,8%
V Ingresos patrimoniais			0	0,0%
Total operacións correntes	1.993	1.993	2.335	83,2%
VII Transferencias de capital	834	834	472	16,8%
Total operacións de capital	834	834	472	16,8%
Ingresos non financeiros	2.827	2.827	2.807	100,0%
Total ingresos (2)	2.827	2.827	2.807	100,0%
Saldo orzamentario (2)-(1)	0	-1.276	332	

A análise das principais partidas mostra que o gasto corrente é o principal compoñente de gastos para a entidade ao representar o 76,8% do seu orzamento e a súa principal fonte de financiamento son as transferencias correntes que percibe da Consellería (o 82,8% dos seus ingresos).

No que se refire ao remanente de Tesouraría, as contas rendidas presentan un saldo de 533 miles de euros que, conforme ao previsto na Lei de orzamentos, deberá ser devolto no exercicio seguinte.

Cadro 93: Remanente tesouraría ACIS (miles de euros)

Concepto	Importe
Dereitos pendentes de cobro (1)	618
Obrigas pendentes de pagamento (2)	163
Tesouraría (3)	296
Remanente de tesouraría afectado (4)	219
Remanente de tesouraría (1)-(2)+(3)-(4)	533

A entidade conta cun cadro de persoal medio de 33,83 traballadores, dos que o 72,5% corresponde a persoal funcionario, o 21,5% a eventual e só 6% a laboral. Cómpre sinalar que non consta a distribución do persoal por xénero.

As contas presentadas tampouco fan referencia ao cumprimento do período medio de pagamento.

ADOS

De igual forma, o Decreto 142/2015, do 17 de setembro, polo que se crea a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos e se aproban os seus Estatutos, establece que asume as competencias e medios persoais e materiais da Fundación Pública Sanitaria Centro de Transfusión de Galicia e da Oficina de Coordinación de Transplantes de Galicia. A disposición adicional primeira recolle que a súa constitución se producirá tras a sesión constitutiva do seu Consello Reitor, que terá lugar no prazo de tres meses desde a entrada en vigor do citado decreto. A partir da constitución da Axencia realizaranse todas as actuacións conducentes á súa adaptación organizativa e de funcionamento. Sen prexuízo do anterior, a súa posta en funcionamento efectivo terá lugar coa entrada en vigor dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia que inclúan as dotacións precisas para o seu normal funcionamento como ente instrumental.

Mediante Resolución da Consellería de Sanidade do 21 de decembro de 2015 faise público que a data da súa posta en funcionamento será o 1 de xaneiro de 2016.

O seguinte cadro mostra a liquidación do seu orzamento para o 2016, reflectindo un saldo orzamentario positivo de 2,316 millóns de euros:

Cadro 94: Liquidación orzamentaria ADOS (miles de euros)

Gastos	Crédito Inicial	Crédito definitivo	Obrigas reconecidas	% s/total
I Gastos de persoal	9.376	9.376	8.921	39,6%
II Gastos en bens correntes e servizos	14.662	14.662	13.557	60,1%
Total operacións correntes	24.038	24.038	22.478	99,7%
VI Investimentos reais	82	82	79	0,3%
Total operacións de capital	82	82	79	0,3%
Gastos non financeiros	24.120	24.120	22.557	100,0%
Total gastos (1)	24.120	24.120	22.557	100,0%

Ingresos	Previsión Inicial	Previsión definitiva	Dereitos reconecidos	% s/total
III Taxas e outros ingresos	23.721	23.721	24.477	98,4%
IV Transferencias correntes	317	317	317	1,3%
Total operacións correntes	24.038	24.038	24.795	99,7%
VII Transferencias de capital	82	82	78	0,3%
Total operacións de capital	82	82	78	0,3%
Ingresos non financeiros	24.120	24.120	24.872	100,0%
Total ingresos (2)	24.120	24.120	24.872	100,0%
Saldo orzamentario (2)-(1)	0	0	2.316	

A análise das principais partidas mostran que o gasto corrente representa o 99,7% do seu orzamento e a súa principal fonte de financiamento son os ingresos derivados da súa actividade (o 98,4%) que proceden na súa maior parte da encomenda co Sergas.

No que se refire ao remanente de tesouraría, as contas rendidas presentan un saldo de 3,328 millóns de euros que, conforme ao previsto na Lei de orzamentos, deberá ser devolto no exercicio seguinte.

Cadro 95: Remanente tesouraría ADOS (miles de euros)

Concepto	Importe
Dereitos pendentes de cobro (1)	4.390
Obrigas pendentes de pagamento (2)	1.966
Tesouraría (3)	903
Remanente de tesouraría afectado (4)	0
Remanente de tesouraría (1)-(2)+(3)-(4)	3.328

As contas da entidade non reflicten información sobre o número medio de traballadores, nin a distribución por xénero; porén, recollen o cadro de persoal a 31 de decembro cifrado en 211 traballadores.

Tampouco fan mención ao período medio de pagamento, nin achegan o informe de auditoría, nin consta a súa aprobación polo órgano de goberno.

Sociedades e fundacións

Para as fundacións é de aplicación o Real decreto 1491/2011, do 24 de outubro, polo que se aproban as normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade ás entidades sen fins de lucro e Galaria formula as súas contas de conformidade coas previsións contidas no Real decreto 1514/2007, do 16 de novembro, que aproba o Plan Xeral de Contabilidade.

Respecto a Galaria cómpre facer mención a que o día 30 de xuño de 2015 publicouse no DOG o Decreto 88/2015, do 25 de xuño, polo que se integran no Sergas as unidades de Cirurxía Cardíaca e CardioloXía Intervencionista pertencentes a Galaria, así como de parte do persoal da estrutura administrativa de apoio para que continúen a prestar os seus servizos na EOXI de Vigo, na de Santiago de Compostela e na de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras.

Con respecto ao cumprimento da obriga de render contas a Orde da Consellería de Facenda, do 23 de novembro de 2016, establece que as entidades vinculadas deberán formular contas, sometelas a informe de auditoría e aprobalas para a súa integración na Conta Xeral da Comunidade Autónoma. En relación ao anterior, todas as entidades formularon as contas; porén, non consta o informe de auditoría da F Ingo nin de Galaria.

Para ofrecer unha visión global e integrada da situación financeira destas entidades, preséntase a seguinte información agregada:

Cadro 96: Número medio de empregados

Entidade	Número medio empregados 2016	% variación 16/15
F Ingo	10,39	3,7%
FPUSG-061	235,40	1,5%
FPGMX	31,88	1,4%
Galaria	178,84	-20,4%
Total	456,51	-7,4%

Cadro 97: Balance de situación a 31.12.2016 (miles de euros)

	F Ingo		FPUSG-061		FPGMX		Galaria		Total	
	Importe	% s/total	Importe	% s/total	Importe	% s/total	Importe	%	Importe	% s/total
Activo corrente	3.409	97,2%	7.112	89,7%	322	7,2%	3.151	49,2%	13.994	62,7%
Activo non corrente	100	2,8%	815	10,3%	4.148	92,8%	3.256	50,8%	8.320	37,3%
Total activo	3.508	100,0%	7.928	100,0%	4.470	100,0%	6.407	100,0%	22.314	100,0%
Patrimonio neto	3.445	98,2%	1.786	22,5%	3.866	86,5%	3.394	53,0%	12.492	56,0%
Pasivo	63	1,8%	6.141	77,5%	604	13,5%	3.013	47,0%	9.821	44,0%
Total pasivo	3.508	100,0%	7.928	100,0%	4.470	100,0%	6.407	100,0%	22.314	100,0%

Cadro 98: Resultado do exercicio (euros)

Entidade	2016	2015	% variación 16/15
F Ingo	-42.330	-61.757	31,5%
FPUSG-061	-646.673	-524.970	-23,2%
FPGMX	352.938	155.357	127,2%
Galaria	290.216	181.206	60,2%
Total	-45.849	-250.164	81,7%

A análise financeira realízase mediante diferentes indicadores que ofrecen a posición de liquidez, solvencia e endebedamento para cada unha das entidades:

Cadro 99: Indicadores de liquidez, solvencia e endebedamento entidades vinculadas

Indicadores	F Ingo	FPUSG-061	FPGMX	Galaria
Liquidez	54,16	1,16	0,60	1,15
Solvencia	55,74	1,29	7,40	2,13
Endebementamento	0,02	3,44	0,16	0,89

O indicador de liquidez determina a capacidade da entidade para facer fronte aos seus pagamentos e a súa continuidade. O seu valor debe situarse por riba do 1, circunstancia que se cumpre en todos os casos, coa excepción de FPGMX.

O indicador de solvencia informa sobre o necesario equilibrio que se debe manter entre a estrutura económica (activo) e a financeira (pasivo e patrimonio); para poder desenvolver normalmente a actividade o seu valor debe situarse por riba do 1.

O indicador de endebedamento (coeficiente de apalancamento) analiza a situación da entidade relacionando o pasivo co neto patrimonial.

Respecto dos indicadores de estrutura que mostran a organización dos elementos patrimoniais, preséntanse o de financiamento alleo e o de autonomía financeira; o primeiro como referente do nivel de saneamento da entidade e o segundo como indicativo de estabilidade.

Cadro 100: Indicadores de estrutura entidades vinculadas

	F Ingo	FPUSG-061	FPGMX	Galaria
Financiamento alleo	0,02	0,77	0,14	0,47
Autonomía financeira	0,98	0,23	0,86	0,53

Finalmente, en canto aos prazos de pagamento a provedores, a normativa aplicable é o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, que desenvolve a súa metodoloxía de cálculo para as administracións públicas e a Resolución do 29 de xaneiro de 2016 do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas (aplicable dende o exercicio 2015). O seu detalle, reflectido nas respectivas memorias, é o que se expón a continuación:

Cadro 101: Prazos de pagamento entidades vinculadas⁴

	F Ingo	FPUSG-061	FPGMX	Galaria
Período medio de pagamento a provedores	-18,25	17,16	(*)	83
Ratio de operacións pagadas	-18,22	17,99	(*)	91
Ratio de operacións pendentes de pagamento	-20,11	10,66	(*)	45
Total pagamentos realizados (miles de euros)	291	37.026	(*)	7.133
Total pagamentos pendentes (miles de euros)	5	4.753	(*)	1.511

(*) Non consta reflectido nas contas rendidas

A análise e conclusións que se podan extraer deste apartado encóntranse condicionadas pola natureza das entidades e, en particular, pola súa vinculación co Sergas, que subordina a súa actividade e, en especial, o seu financiamento aos criterios e condicións que define o organismo autónomo do que dependen.

⁴ Pode adoptar valor negativo porque o dito prazo empeza a computar a partir dos 30 días naturais desde a presentación da factura

IV.11.2. ACTIVIDADE CONCERTADA

Consideracións xerais

A actividade sanitaria concertada con entidades do sector privado constitúe un instrumento de xestión que cumpre un papel relevante no marco dos sistemas nacionais de saúde e a súa utilización xustifícase pola necesidade de contar con dispositivos sanitarios alleos para atender a demanda asistencial que non se pode cubrir coa dotación de medios e recursos propios. Esta modalidade de prestación (xestión indirecta) está presidida polo principio de complementariedade e subsidiariedade.

A contratación destes servizos regúlase conforme ás previsións contidas na Lei de contratos do sector público respecto do contrato de xestión de servizos públicos na súa modalidade de concerto.

Fundamentada no concepto de urxencia, a Lei de saúde de Galicia recolle, no seu artigo 74.5), a posibilidade de autorizar con carácter excepcional o uso de servizos sanitarios non concertados e mediante a Instrución 8/2006 da Secretaría Xeral regúlase o procedemento a seguir para a súa tramitación. O prazo temporal de vixencia destas autorizacións de uso establécese para un máximo de 6 meses, coa posibilidade de tramitar sucesivas autorizacións —en expedientes novos e polo mesmo prazo máximo— mentres continúen producíndose as circunstancias que xustificaron a autorización inicial.

A actividade concertada presenta unha variada tipoloxía atendendo ás diferentes prestacións que se contraten e que van desde a atención asistencial prestada por institucións hospitalarias ou centros de diagnóstico e tratamento, ata aquela derivada de programas específicos como os de hemodiálise e terapias de insuficiencia respiratoria a domicilio ou os derivados do transporte sanitario, entre outros.

Análise económico-financeira

O gasto en asistencia sanitaria con medios alleos no exercicio 2016 elevouse a 225,519 millóns de euros aumentando un 8,3% respecto do exercicio anterior. A epígrafe orzamentaria correspóndese co artigo 25 e a súa composición é heteroxénea, tal e como se mostra no seguinte cadro:

Cadro 102: Actividade concertada. Obrigas 2016 (miles de euros)

Concepto		Obrigas recoñecidas 2016	% s/total	%variación 16/15
252	Concertos con institucións atención especializada	152.459	67,6%	10,9%
252.02	Con entes territoriais	4.396	1,9%	17,0%
252.03	Con entidades privadas	148.063	65,7%	10,7%
253	Concertos por programas especiais de hemodiálise	28.520	12,6%	11,6%
253.01	Hemodiálise en centros hospitalarios	12.404	5,5%	17,1%
253.02	Club de diálise	9.899	4,4%	3,8%
253.03	Outras hemodiálises en centros non hospitalarios	6.217	2,8%	14,5%
254	Concertos con centros de diagnóstico e tratamento	18.378	8,1%	-3,5%
254.02	Terapia da insuficiencia respiratoria a domicilio	13.061	5,8%	11,3%
254.03	Resonancia magnética e medicina nuclear	3.411	1,5%	36,4%
254.04	TAC	377	0,2%	51,2%
254.05	Rehabilitación-fisioterapia	1.422	0,6%	16,9%
254.07	Outros servizos especiais	106	0,0%	-96,8%
255	Concertos programa especial de transporte	19.689	8,7%	-2,0%
255.01	Servizos concertados con ambulancias	19.688	8,7%	-2,0%
255.02	Traslados de enfermos con outros medios de transporte	1	0,0%	-29,3%
258	Outros servizos de asistencia sanitaria	6.473	2,9%	6,4%
258.01	Reintegro de gastos de asistencia sanitaria	150	0,1%	204,6%
258.02	Outros servizos de asistencia sanitaria	6.323	2,8%	4,8%
Total		225.519	100,0%	8,3%

Con carácter previo á súa análise, cómpre facer as seguintes aclaracións respecto dos gastos imputados a algunha destas epígrafes orzamentarias:

a) A epígrafe 252.03 recolle o gasto derivado da actividade realizada por centros hospitalarios privados conforme á carteira de servizos concertada; nela están incluídos, con carácter xeral, procedementos de resonancia magnética, medicina nuclear e TAC. Porén, cando se concertan estes servizos de forma individualizada ou separada o gasto imputase a epígrafes específicas (254.03 e 254.04, respectivamente). Desde a perspectiva orzamentaria non é posible desagregar os importes destas prestacións en aqueles concertos que os integran na súa carteira de servizos, razón pola que se considera axeitado, para os efectos desta análise, agrupar estas epígrafes e asignarlles a referencia de “concertos con centros hospitalarios e centros de diagnóstico”. Advírtese o peso deste gasto que, cun importe de 151,851 millóns de euros, representa o 67,3% do total do gasto en actividade concertada.

b) Na epígrafe destinada a outros servizos especiais (254.07) inclúense os gastos derivados de actos médicos para continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais. Ata este ano tamén se incluían os pagamentos á FPGMX que, seguindo as recomendacións feitas por este Consello en informes anteriores, se pasaron a contabilizar como transferencias de financiamento no capítulo IV. Os gastos imputados a esta epígrafe representan tan só o 0,05% do artigo 25.

c) Con cargo á epígrafe de concertos con entes territoriais (252.02) impútase a cota asignada ao exercicio 2016 dos compromisos pendentes resultantes do traspaso de competencias das funcións e servizos que dependían da Deputación de Lugo e que asume o Sergas a partir do 1 de xaneiro de 2011. Cun gasto de 4,396 millóns de euros, representa o 1,9% do total en concertos sen que corresponda a prestacións realizadas no exercicio.

d) A epígrafe 258.02 (outros servizos de asistencia sanitaria) inclúe, na súa maioría, os gastos derivados do dispositivo asistencial de saúde mental (5,292 millóns de euros) e o recorrente convenio coa Fundación Internacional José Carreras (819.011 euros).

e) No marco da actividade concertada sobresaí o gasto derivado do concerto con Povisa. Cun gasto no exercicio de 86,947 millóns de euros (un 14,3% máis que no ano anterior), representa o 38,6% do total do gasto en actividade concertada.

A súa natureza de concerto singular de carácter substitutivo para a prestación da asistencia sanitaria especializada a un sector da poboación da área sanitaria de Vigo, sitúao nun ámbito diferente ao resto de entidades concertadas e non responde á aplicación clásica da utilización dun dispositivo privado para dar cobertura a excesos temporais de demanda que caracteriza a concertación co resto de centros privados. A súa vinculación co sistema público é moi estreita, de tal xeito que os seus recursos se incorporan como elementos fundamentais no proceso de planificación e xestión das prestacións, transcendendo o ámbito que se deriva do modelo clásico de concertación.

No exercicio decláranse obrigas non recoñecidas por importe de 277 miles de euros. En termos de gasto real o seu importe ascende a 224,280 millóns de euros, conforme se detalla no seguinte cadro:

Cadro 103: Actividade concertada. Gasto real 2016 (miles de euros)

Concepto	Obrigas recoñecidas 2016 (A)	Obrigas do exercicio 2016 non recoñecidas (B)	Obrigas de exercicios anteriores imputadas en 2016 (C)	Gasto axustado (A+B-C)
252 Concertos con institucións de atención especializada	152.459	237	413	152.284
253 Concertos por programas especiais de hemodiálise	28.520	39	556	28.004
254 Concertos con centros de diagnóstico e tratamento	18.378		355	18.023
255 Concertos programa especial de transporte	19.689		0	19.689
258 Outros servizos de asistencia sanitaria	6.473	0	192	6.281
Total	225.519	277	1.516	224.280

Fonte: Conta Xeral do Servizo Galego de Saúde e Dirección Xeral de Recursos Económicos

O gasto axustado en actividade concertada representa no exercicio un 5,9% do gasto real do organismo, mostrándose no seguinte cadro a súa evolución no período 2013-2016:

Cadro 104: Actividade concertada. Evolución gasto real 2013-2016 (miles de euros)

	2013	2014	2015	2016	% variación 16/13
Gasto real Sergas (A)	3.576.598	3.497.934	3.769.468	3.795.637	6,1%
Gasto real artigo 25 (B)	203.679	205.646	209.024	224.280	10,1%
(B)/(A)	5,7%	5,9%	5,5%	5,9%	

Respecto do exercicio anterior, o gasto real en actividade concertada experimenta un incremento do 7,3%.

Ámbitos de xestión e clasificación orgánica do gasto

No exercicio obxecto de fiscalización ten plena efectividade a implantación das EOXI sobre as que se asenta a práctica totalidade da xestión dos créditos e as prestacións da actividade concertada, coa excepción do contrato para a reserva e ocupación de prazas no dispositivo de saúde mental (epígrafe 258.02) que corresponde aos Servizos Centrais do organismo e que ten unha reducida representatividade (2,3%).

No seguinte cadro móstrase a distribución por centros das obrigas derivadas da actividade concertada no exercicio 2016:

Cadro 105: Asistencia concertada. Obrigas por centro de gasto 2016 (miles de euros)

Centro	2016	% s/total	% var 16/15
1501 EOXI A Coruña	38.606	17,1%	15,9%
1505 EOXI Ferrol	13.140	5,8%	-9,0%
1571 EOXI Santiago	15.716	7,0%	-4,4%
A Coruña	67.462	29,9%	5,1%
2701 EOXI Lugo	21.066	9,3%	5,8%
Lugo	21.066	9,3%	5,8%
3201 EOXI Ourense	16.172	7,2%	19,4%
Ourense	16.172	7,2%	19,4%
3601 EOXI Vigo	105.543	46,8%	10,1%
3603 EOXI Pontevedra	9.983	4,4%	5,8%
Pontevedra	115.526	51,2%	9,7%
5001 Servizos Centrais	5.292	2,3%	0,0%
Servizos Centrais	5.292	2,3%	0,0%
Total	225.519	100,0%	8,3%

Apréciase a concentración do gasto nas provincias da Coruña e de Pontevedra que acumulan o 81%, debendo terse en conta na EOXI de Vigo a influencia do concerto con Povisa.

Análise por compoñentes principais

A) Concertos con centros hospitalarios e centros de diagnóstico

Como se xustificou no apartado anterior, agrúpanse neste concepto as epígrafes orzamentarias correspondentes a concertos con entidades privadas (252.03) e con centros de diagnóstico para resonancia magnética-medicina nuclear (254.03) e tomografía axial computerizada-TAC (254.04).

O conxunto destes gastos acada no exercicio os 151,851 millóns de euros, representado o 67,3% do total do gasto en actividade concertada e aumentando un 11,3% respecto do exercicio anterior. Ao tempo, decláranse 237 miles de euros de obrigas non recoñecidas.

A continuación móstrase a evolución deste gasto correspondente ao período 2013-2016 atendendo á súa distribución por provincias, no que se aprecia o predominio de Pontevedra e da Coruña que concentran o 90,5%.

Cadro 106: Obrigas 2013-2016 con entidades privadas e centros de diagnóstico (miles de euros)

Provincia	2013	2014	2015	2016	% s/total	% variación 16/15
A Coruña	37.510	37.605	37.831	39.507	26,0%	4,4%
Lugo	7.251	6.443	6.331	7.156	4,7%	13,0%
Ourense	5.404	5.221	4.676	7.258	4,8%	55,2%
Pontevedra	83.739	86.581	87.624	97.930	64,5%	11,8%
Total	133.903	135.850	136.462	151.851	100,0%	11,3%

Sobre a información contida no cadro exposto cómpre realizar as seguintes consideracións:

- No ámbito de Pontevedra adscíbese o concerto con Povisa que representa o 57,2% do total deste gasto. En apartados anteriores mencionouse a súa particular singularidade como concerto de substitución.
- Na provincia da Coruña inclúense os concertos singulares co H Juan Cardona e co Centro Oncolóxico de Galicia. Estes concertos presentan unhas especiais características con fórmulas específicas de concertación. O concerto co H Juan Cardona vincúlase ao sistema sanitario público a través do H Arquitecto Marcide cuxa actividade asistencial complementa de forma directa. Mención especial debe facerse respecto do Centro Oncolóxico, non só pola particular vinculación co sistema público derivada do concerto singular, senón pola súa proxección futura ao formar parte do Consorcio Oncolóxico de Galicia que suporá, no momento da súa posta en funcionamento, a integración como un centro propio no Sistema Público de Galicia. O Consorcio, constituído maioritariamente pola Administración autonómica, prestará os seus servizos no marco da xestión directa substituíndo a actividade que ata ese momento se concerta cun centro privado.

- Os concertos sinalados teñen a particularidade de que os compromisos económicos operan con carácter de máximos, mentres que para o resto de concertos os importes asociados aos seus contratos son estimativos das necesidades que se prevé cubrir.

No seguinte cadro móstranse os concertos vixentes no exercicio 2016 nas epígrafes que se referencian:

Cadro 107: Concertos vixentes epígrafes 252.03, 254.03 e 254.04 (miles de euros)

Obxecto	Centro xestor	Entidade	Ámbito	Procedemento contratación	Data inicial concerto	Prazo inicial	Importe 2016	Importe inicial concerto	Data 1º concerto
A Coruña									
252.03 Servizos xerais	1501	IMQ San Rafael	A Coruña	Negociado	16.01.06	4	4.902	11.200	1976
		IP Santa Teresa	A Coruña	Negociado	16.01.06	4	3.970	13.744	1977
		SQ Modelo	A Coruña	Negociado	16.01.06	4	1.631	3.240	1977
		F Centro Oncolóxico	CA	Negociado	01.03.04	4	11.190	33.192	1973
	1505	H Juan Cardona	Ferrol	Negociado	29.04.05	4	2.260	34.943	1977
					01.04.16	4	6.781	45.075	
	1571	IP Rosaleda	Santiago	Negociado	16.01.06	4	691	7.900	1977
					01.04.16	4	4.082	28.968	
H Nosa Sra. Esperanza					Santiago	Negociado	16.01.06	4	
Lugo									
252.03 Servizos xerais	2797	Policlínico Lucense	CA	Negociado	01.09.07	4	2.075	14.740	01.03.01
		S Nosa Sra. Ollos Grandes	CA	Negociado	01.09.07	4	1.949	12.205	01.03.01
Ourense									
252.03 Servizos xerais	3201	Cosaga	CA	Negociado	01.06.11	4	1.650	6.600	01.06.11
		C San Juan de Dios		Negociado	16.12.12	4	43	173	16.12.12
254.03 RMN	3201	Scanner Ourense	CA	Negociado	08.11.10	4	745	3.448	08.11.10
254.04 TAC							30	148	08.11.10
Pontevedra									
252.03 Servizos xerais	3601	H Miguel Domínguez	Área norte	Negociado	01.12.10	1	2.000	3.500	31.03.99
	3603						2.528		
	3601	Xestión Sanitaria Galega	CA	Negociado	01.12.10	1	3.500	4.750	01.08.98
	3601	S Santa María	Área norte	Negociado	02.04.12	2	329	1.026	01.07.99
	3603						360		
	3601	Povisa	CA	Negociado	01.09.14	8	75.060	600.480	1993 substitución Insalud

Fonte: Dirección Xeral de Recursos Económicos

Os concertos formalizados cos hospitais San Rafael, Modelo e Santa Teresa esgotaron as correspondentes prórrogas o 16 de xaneiro de 2016, manténdose a actividade de asistencia mediante a resolución por razón de interese público por un período de 6 meses e recorrendo posteriormente a autorizacións de uso. Idénticos procedementos se seguiron coa Fundación Centro Oncolóxico de Galicia.

Con carácter xeral, mantéñense as observacións recollidas nos informes anteriores e que a continuación se reproducen:

- Os contratos nacen de procedementos negociados cuxa xustificación, en particular os de cobertura xeral, non ten amparo nun criterio de natureza contractual que conclúa a imposibilidade de promover concorrência na oferta, senón que se apoia no sistema de planificación e ordenación dos servizos asistenciais que, estruturados en ámbitos de xestión definidos por áreas de referencia (provincia ou área sanitaria), precisa dar cobertura ás necesidades asistenciais de cada ámbito concertando con todos os centros que estean interesados e reúnan os requisitos para poder ofertar as prestacións. Esta ausencia de concorrência limita o proceso licitatorio aos termos acordados polas partes nun procedemento negociado.
- Os concertos subscritos teñen un carácter aberto ao ser obxecto de actualizacións anuais mediante a fórmula de cláusulas adicionais que modifican a carteira de servizos, os conceptos facturables, as tarifas e os importes estimados. Estas cláusulas subscríbense durante o exercicio, trasladando os seus efectos ao seu inicio.
- Advértese a natureza estrutural destas contratacións, caracterizadas por unha continuidade no tempo como se reflicte nos antecedentes do primeiro concerto.

No anexo 15 móstranse os centros e prestacións con autorizacións de uso temporal vixentes no exercicio 2016. Cómpre sinalar que se imputou erroneamente na epígrafe 252.03 as autorizacións de uso formalizadas co centro Gerosalud para a realización de RMN que deben imputarse á epígrafe específica 254.03. Ademais, detectáronse erros na xestión orzamentaria relativa ás autorizacións de uso co Sanatorio La Robleda nas EOXI de Ferrol e de Vigo. Estes erros foron resoltos no exercicio 2017.

Finalmente no anexo 16 recóllese o gasto respecto das entidades que prestan os servizos segundo o seu ámbito territorial de xestión e o seu importe global dentro da CA, incluíndo información específica sobre a débeda imputada e xerada no exercicio. Apréciase a existencia de obrigas con entidades (algunhas delas incluídas no apartado “resto de entidades”) que non están soportadas por un concerto ou autorización de uso.

B) Terapia respiratoria a domicilio (254.02)

O gasto derivado da prestación de terapia respiratoria a domicilio (TRD) ascendeu no exercicio a 13,061 millóns de euros o que representa o 5,8% do total do gasto en actividade concertada, e experimenta un incremento do 11,3% respecto do exercicio anterior, rexistrando unha débeda de 264.355 euros que representa o 2,2% das obrigas recoñecidas.

As prestacións responden a un contrato de servizos que ten por obxecto a realización do tratamento no domicilio do paciente, incluíndo o transporte e mantemento do material e un servizo de atención permanente. Realízase un único procedemento contractual desagregado en lotes que atenden ao ámbito de xestión (EOXI). Os contratos vixentes, resultado dun procedemento aberto, formalizáronse o 1 de xullo de 2012, e teñen unha completa análise no informe operativo realizado por este Consello⁵. A contratación establécese para dous anos con posibilidade de prórroga ata alcanzar un máximo (incluídas prórrogas) de catro, (no exercicio fiscalizado xa se esgotaron as prórrogas e continúaase co servizo mediante resolución por razóns de interese público) sendo o seu reflexo orzamentario o seguinte:

Cadro 108: TRD. Distribución do gasto 2016 (miles de euros)

Entidade	Centro	Importe concerto 2016	Obrigas recoñecidas
Oximesa	1501 EOXI A Coruña	1.844	1.987
	1571 EOXI Santiago	2.056	2.150
	3601 EOXI Vigo	2.512	2.869
	3603 EOXI Pontevedra	1.021	1.264
Gasmedi	1505 EOXI Ferrol	731	754
	3201 EOXI Ourense	1.500	1.705
Air Liquide Medicinal	2701 EOXI Lugo	2.100	2.333
Total		11.764	13.061

A continuación móstrase a evolución deste gasto correspondente ao período 2013-2016 atendendo á súa distribución por EOXI:

Cadro 109: Terapia respiratoria a domicilio. Obrigas recoñecidas 2013-2016 (miles de euros)

EOXI	2013	2014	2015	2016	% s/total	% var 16/15
A Coruña	1.430	1.577	1.618	1.987	15,2%	22,8%
Ferrol	670	677	761	754	5,8%	11,9%
Santiago	1.748	1.831	1.920	2.150	16,5%	6,3%
Lugo	2.024	2.330	2.200	2.333	17,9%	24,2%
Ourense	1.496	1.622	1.525	1.705	13,1%	6,0%
Vigo	1.953	2.263	2.698	2.869	22,0%	-0,8%
Pontevedra	947	1.019	1.017	1.264	9,7%	11,8%
Total	10.269	11.319	11.740	13.061	100,0%	11,3%

O gasto rexistrado con cargo ao orzamento así como a débeda imputada e xerada no exercicio, móstrase no seguinte cadro:

⁵ Informe de fiscalización do servizo domiciliario de terapias respiratorias

Cadro 110: Contratos TRD (miles de euros)

Empresa	Obrigas recoñecidas 2016	%	Débeda imputada	Débeda xerada
Oximesa	8.270	63,3%	264	
Gasmedi	2.459	18,8%		
Air liquide Medicinal	2.333	17,9%		
Total	13.061	100,0%	264	0

C) Diálise (253)

O gasto vinculado directamente coa prestación concertada de diálise conta, na clasificación económica do orzamento, cunha epígrafe específica para o seu rexistro (253 Concertos por programas especiais de hemodiálise). Este gasto desagregase segundo que o servizo se efectúe en centros hospitalarios en réxime ambulatorio (253.01) ou en club de diálise –clínicas especializadas en réxime aberto– (253.02), destinando un subconcepto para rexistrar o gasto de pacientes que se dializan no seu domicilio (253.03 centros non hospitalarios).

Non se inclúe o gasto por este concepto derivado do concerto con Povisa que, polas súas características xa expostas en apartados precedentes, integra a totalidade das súas prestacións e do correspondente gasto con cargo á epígrafe 252.03.

Esta epígrafe, cun gasto de 28,520 millóns de euros, absorbe o 12,6% do total de actividade concertada, cun aumento do 11,6% no exercicio. Así mesmo, rexistra unha débeda de 39.128 euros que representa o 0,1% das obrigas recoñecidas.

A análise desta prestación foi obxecto de informe operativo por esta institución,⁶ ao que se fai remisión para ampliar o exame desta epígrafe.

A evolución do gasto no período 2013-2016, atendendo ás diferentes epígrafes nas que se estrutura, foi a seguinte:

Cadro 111: Diálise. Obrigas 2013-2016 (miles de euros)

	2013	2014	2015	2016	% s/total	% var 16/15	% var 16/13
253.01 En centros hospitalarios	10.395	10.333	10.592	12.404	43,5%	17,1%	19,3%
253.02 En club diálise	9.212	9.268	9.533	9.899	34,7%	3,8%	7,5%
253.03 En centros non hospitalarios	5.638	5.924	5.430	6.217	21,8%	14,5%	10,3%
Total obrigas	25.245	25.525	25.554	28.520	100,0%	11,6%	13,0%

En relación cos procedementos contractuais que soportan esta prestación debe diferenciarse a diálise en centros da realizada no ámbito domiciliario.

⁶ Informe de fiscalización da actividade concertada de diálise

Respecto da diálise en centros móstranse, a continuación, os concertos vixentes no exercicio 2016:

Cadro 112: Hemodiálise. Concertos en vigor 2016 (miles de euros)

Epígrafe	Entidade	Ámbito	Procedemento contratación	Data inicial concerto	Prazo inicial	Importe 2016	Data 1º concerto
253.01 En centros hospitalarios	IMQ San Rafael	A Coruña	Negociado	16.01.06	4	2.823	1976
	IP Santa Teresa	A Coruña	Negociado	16.01.06	4	1.514	1977
	H Juan Cardona	Ferrol	Negociado	29.04.05	4	557	1977
				01.04.16		1.671	
	IP Rosaleda	Santiago	Negociado	16.01.06	4	450	1977
				01.04.16		1.349	
	S Souto Boo	Santiago	Negociado	30.12.15	1	1.715	1977
253.02 Club diálise	B Braun Avitum Galicia	Provincial	Negociado	05.06.84	-		1984
	Diaverum Servicios Renales	Pontevedra	Negociado	02.04.12	2	1.560	1996

Fonte: Dirección Xeral de Recursos Económicos

Adicionalmente, o organismo autónomo vén contratando desde 1997, pola vía excepcional de autorizacións de uso, os servizos da Fundación Renal Íñigo Álvarez de Toledo (FRIAT) a través dos seus centros de diálise instalados en Ourense, O Barco, Verín e Vigo e cuxo gasto no exercicio ascendeu a 5,154 millóns de euros.

Como se pode observar, as prestacións concertadas para diálise en centros sanitarios realízanse con centros hospitalarios na provincia da Coruña, adoptando a modalidade de club de diálise nas restantes provincias. Nos centros de Ourense a prestación realízase a través da FRIAT nos locais cedidos dos centros hospitalarios públicos. En relación cos procedementos, condicións das prestacións e réxime económico cómpre facer remisión ao informe operativo citado.

Respecto da diálise domiciliaria, o gasto rexístrase sen soporte contractual axeitado, sendo as empresas prestadoras Baxter, SL e Fresenius.

No seguinte cadro móstrase o gasto contabilizado nesta epígrafe, incluíndo información específica sobre a débeda imputada e xerada no exercicio.



Cadro 113: Gasto hemodiálise 2016 (miles de euros)

	Entidade	Obrigas recoñecidas 2016	%	% variación 16/15	Débeda imputada	Débeda xerada
En centros hospitalarios	IMQ San Rafael	4.012	32,3%	36,7%	37	
	H Juan Cardona	2.497	20,1%	-5,2%		
	S Souto Boo	2.098	16,9%	25,7%	143	
	IP Santa Teresa	1.950	15,7%	23,0%	30	3
	IP Rosaleda	1.797	14,5%	3,4%		
	Diaverum Servizos Renais, SL	32	0,3%	115,0%	1	
	F Renal Íñigo Álvarez de Toledo	13	0,1%	-1,4%		
	B Braun Avitum Galicia, SL	6	0,0%	15,9%		
	Total	12.404	100,0%	17,1%	210	3
En Club de diálise	F Renal Íñigo Álvarez de Toledo	5.155	52,1%	7,6%		
	B Braun Avitum Galicia, SL	2.466	24,9%	1,1%		
	Diaverum Servizos Renais, SL	2.278	23,0%	8,6%	180	
	B Braun Avitum Servicios Renales, SA		0,0%	-100,0%		
	IP Rosaleda, SA		0,0%	-100,0%		
	Total	9.899	100,0%	3,8%	180	0
En centros non hospitalarios	Baxter SL	4.280	68,8%	13,9%	109	
	Fresenius Medical Care España, SA	1.587	25,5%	-0,5%	47	36
	Palex Medical, SA	348	5,6%	366,3%	10	
	IMQ San Rafael		0,0%	-100,0%		
	F Renal Íñigo Álvarez de Toledo	2	0,0%			
	Diaverum Servizos Renais, SL	1	0,0%	0,0%		
	B Braun Avitum Servicios Renales, SA		0,0%	-100,0%		
	Total	6.217	100,0%	14,5%	165	36

D) Servizos concertados de transporte non urxente e secundario urxente intrahospitalario (255.01)

A análise desta prestación foi obxecto de informe operativo por esta institución,⁷ ao que se fai remisión para ampliar o exame desta epígrafe.

Desde un punto vista estritamente orzamentario cabe destacar que o gasto que se imputa a este concepto ascendeu en 2016 a 19,688 millóns de euros, representando o 8,7% do total do gasto de concertos e cunha diminución do 2% respecto do ano anterior.

No ano 2016 rematan os concertos subscritos no 2008, e formalízase un novo expediente (ABSER4-16-003) dividido en 7 lotes e cunha vixencia inicial de catro anos.

⁷ Informe de fiscalización traslado de pacientes en medios extraordinarios de transporte non urxente

Cadro 114: Obrigas concertos con ambulancias (miles de euros)

Provincia	2013	2014	2015	2016	% s/total	% variación 16/15
A Coruña	6.772	6.845	6.909	6.836	34,7%	-1,1%
Lugo	3.355	3.286	3.295	3.251	16,5%	-1,3%
Ourense	3.646	3.680	3.717	3.595	18,3%	-3,3%
Pontevedra	6.043	6.111	6.173	6.006	30,5%	-2,7%
Total	19.816	19.922	20.095	19.688	100,0%	-2,0%

Neste ámbito dos concertos de transporte sanitario non urxente débese ter en conta o gasto derivado do convenio de colaboración entre o organismo autónomo e a Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais " ALCER – Lugo" que se contabiliza como transferencia na epígrafe 412A 480.5, e cuxo obxecto é o traslado dos pacientes renais crónicos ás clínicas e hospitais da provincia de Lugo para recibir as correspondentes sesións de diálise. As obrigas recoñecidas no exercicio ascenderon a 635 miles de euros (sen variación respecto do exercicio anterior).

E) Prestacións servizos de saúde mental (258.02)

Con aplicación á epígrafe 258.02 rexístrase o gasto derivado do dispositivo complementario de rehabilitación para enfermos con trastorno mental persistente. Cun importe no exercicio fiscalizado de 5,292 millóns de euros representa o 83,7% do total do gasto da epígrafe.

A contratación vixente formalízase o 1 de setembro do 2013, cun prazo de vixencia de catro anos. A prestación realízase mediante a concertación da reserva e ocupación de prazas (1.201). É o resultado dun procedemento aberto por ser posible promover a concorrencia ao existir diversas entidades privadas que prestan estes servizos. Porén, esta contratación responde máis a un criterio de planificación asistencial que a un procedemento contractual propiamente dito, como así o acredita o sistema de licitación desagregado en lotes (32) que leva a unha ausencia de competencia (só se presenta unha empresa por lote). A contratación resólvese mediante a concertación coas empresas presentadas con unidades autorizadas e acreditadas, agás a dunha entidade (Fundación Hospital Asilo de Vilalba) que foi excluída por un defecto na formalización da súa proposición (non presenta oferta económica); a súa continuidade resolveuse mediante a tramitación dun procedemento negociado formalizado o 1 de decembro de 2013 cunha data de finalización coincidente co contrato orixinario.

Cabe sinalar que neste subconcepto tamén se inclúen unha serie de gastos de natureza diferente ao dispositivo de saúde mental como pode ser o convenio coa Fundación Internacional José Carreras para a loita contra a leucemia. Atendendo á contía e á natureza dos gastos que se analizan neste apartado consideramos que sería axeitado que o dispositivo de saúde mental contase coa súa propia distinción na clasificación económica do gasto.

No anexo 17 detállanse os lotes e importes da anualidade 2016.

IV.11.3. GASTO FARMACÉUTICO

Análise do gasto farmacéutico

O gasto farmacéutico é o que se realiza en medicamentos e material accesorio subministrados polos centros sanitarios públicos ou dispensados polas oficinas de farmacia mediante receitas médicas xeradas en atención primaria ou en atención especializada (consultas externas, urxencias e alta hospitalaria).

Atendendo á información segundo a clasificación económica do orzamento do Sergas, o gasto farmacéutico rexístrase maioritariamente nas epígrafes orzamentarias 221.06 "Produtos farmacéuticos e material sanitario" e 489.0 "Farmacia. Receitas médicas". Ao seu respecto debemos facer as seguintes puntualizacións:

- O gasto derivado do material para incontinencia nas residencias sociosanitarias, no 2016 contabilízase integramente na epígrafe 221.16.
- Así mesmo, as adquisicións de apósitos de cura húmida para o consumo hospitalario aplícanse á epígrafe 412A.221.16 con independencia de se corresponden a atención primaria ou especializada.

Á marxe destas consideracións e tendo en conta, unicamente, as epígrafes 489 e 221.06, as obrigas recoñecidas ascenderon a 1.136,358 millóns de euros, reducíndose nun 0,6% respecto do anterior exercicio. Porén, con carácter recorrente, as consignacións no orzamento veñen sendo insuficientes, xerándose obrigas que non son obxecto de recoñecemento e que, atendendo á información subministrada polo organismo, acadaron no exercicio 16,742 millóns de euros. O seguinte cadro mostra a situación descrita:

Cadro 115: Execución gasto farmacéutico 2013-2016 (miles de euros)

	2013	2014	2015	2016		
				Epígrafe 221.06	Epígrafe 489.0	Total
Crédito inicial	924.628	912.544	921.582	250.216	681.398	931.614
Obrigas recoñecidas (A)	1.148.361	1.101.842	1.143.126	408.493	727.865	1.136.358
Desviación crédito inicial	-223.733	-189.298	-221.544	-158.278	-46.466	-204.744
Obrigas non recoñecidas do exercicio (B)	100.700	46.897	50.477	16.742		16.742
% B/A	8,8%	4,3%	4,4%	4,1%		1,5%
Obrigas recoñ. de exercicios anteriores	96.280	101.199	46.897	50.465	37	50.502
Gasto real	1.152.782	1.047.169	1.146.705	374.770	727.828	1.102.597

A continuación móstrase a evolución do gasto farmacéutico no período 2013-2016 atendendo ás obrigas recoñecidas e ao gasto real (gasto orzamentario axustado pola débeda declarada de cada exercicio), respecto do que se deben ter en conta as observacións expresadas en informes anteriores.


Cadro 116: Representatividade do gasto farmacéutico. Evolución período 2013-2016 (miles de euros)

		2013	2014	2015	2016	% variación 16/15	% variación 16/13
Gasto orzamentario	Farmacia	1.148.361	1.101.842	1.143.126	1.136.358	-0,6%	-1,0%
	Sergas	3.568.987	3.566.242	3.786.212	3.764.876	-0,6%	5,5%
	% Farmacia/Sergas	32,0%	30,9%	30,2%	30,2%		
Gasto real	Farmacia	1.152.782	1.047.169	1.146.705	1.102.597	-3,8%	-4,4%
	Sergas	3.576.598	3.497.934	3.769.468	3.795.637	0,7%	6,1%
	% Farmacia/Sergas	32,2%	29,9%	30,4%	29,0%		

O peso relativo do gasto farmacéutico en termos orzamentarios segue a manterse ao redor dun 30%. O gasto real no ano 2016 experimenta unha redución do 4% mentres que o do Sergas increméntase un 1%.

A seguinte gráfica mostra a evolución do gasto orzamentario de farmacia en termos homoxéneos, é dicir, sen ter en conta o efecto do gasto derivado do Plan estratéxico da hepatitis C que supuxo 77,8 millóns de euros no 2015 e 7,6 millóns no 2016. Nela reflíctese o cambio de tendencia que se viña observando desde o 2013.

Gráfico 6: Evolución gasto farmacéutico homoxeneizado (millóns de euros)



Estrutura orzamentaria do gasto farmacéutico

Para a axeitada comprensión do gasto farmacéutico faise imprescindible a súa análise a través da estrutura orzamentaria, condicionada pola aplicación de medidas de racionalización e pola modificación da estrutura periférica do organismo coa creación das EOXI.

A continuación detállase a estrutura orzamentaria do gasto farmacéutico no exercicio (obrigas recoñecidas), atendendo á clasificación económica e funcional por programas:


Cadro 117: Gasto farmacéutico. Estrutura orzamentaria exercicio 2016 (miles de euros)

Centro	Atención especializada	Atención primaria			Total
	Epígrafe 221.06	Epígrafe 221.06	Epígrafe 489.0	Total	
EOXI A Coruña	91.548	108	133.408	133.516	225.064
EOXI Ferrol	30.313	10	56.439	56.449	86.762
EOXI Santiago	70.081	32	117.249	117.281	187.362
EOXI Lugo	51.130	30	108.164	108.194	159.325
EOXI Ourense	42.110	30	96.100	96.130	138.240
EOXI Vigo	82.350	231	139.991	140.222	222.572
EOXI Pontevedra	40.511	10	75.827	75.837	116.348
Servizos Centrais			686	686	686
Total 2016	408.043	450	727.865	728.315	1.136.358
Total 2015	384.102	553	758.470	759.024	1.143.126
% variación 16/15	6,2%	-18,6%	-4,0%	-4,0%	-0,6%

a) Clasificación económica

Epígrafe 221.06 “Produtos farmacéuticos e material sanitario”. Recolle o gasto derivado das compras efectuadas polas unidades de farmacia das EOXI tanto para atención primaria como especializada. A práctica totalidade deste aprovisionamento corresponde a atención especializada (99,9%) e da súa evolución no período 2013-2016 despréndese un incremento do 33%, sendo o aumento no último exercicio do 6,2%.

Gráfico 7: Obrigas recoñecidas epígrafe 221.06 (miles de euros)




Porén, se temos en conta o impacto do gasto xerado pola hepatitis C nos exercicios 2015 e 2016, así como o cambio de imputación do gasto farmacéutico no exercicio obxecto de fiscalización (da epígrafe 489.0 á 221.06), o incremento sitúase nun 15% co seguinte detalle:

Cadro 118: Gasto farmacéutico hospitalario homoxeneizado (miles de euros)

Ano	Obrigas recoñecidas (1)	Hepatite C obrigas (2)	Cambio imputación (3)	Gasto farmacéutico hospitalario sen hepatite (1)-(2)+(3)	% variación interanual
2014	335.035		36.045	371.079	
2015	384.655	77.794	41.751	348.612	-6,05%
2016	408.493	7.634		400.859	14,99%

Gráfico 8: Gasto farmacia hospitalario homoxeneizado (miles de euros)



Epígrafe 489.0 "Farmacia. Recetas médicas". Rexistra principalmente a facturación por receitas médicas de atención primaria e a adquisición de medicamentos estranxeiros.

Neste período esta epígrafe recolle as obrigas derivadas da dispensación de receitas médicas, unha vez efectuados os descontos en función do importe da facturación mensual de cada oficina de farmacia, conforme ás previsións contidas na normativa de referencia (Real decreto 823/2008, do 16 de maio, e Real decreto lei 8/2010, do 20 de maio), pasando de representar no exercicio precedente un 94% a supoñer o 99,8% no 2016 do total do subconcepto. Este cambio no peso dentro da epígrafe foi debido ao cambio de contabilización fundamentalmente de medicamentos de dispensación hospitalaria (221.06) así como dos apósitos de tira húmida e material de incontinencia de residencias sociosanitarias (221.16), quedando con carácter residual determinadas operacións rexistradas fundamentalmente polas EOXI de Ourense e Ferrol, así como a adquisición de medicamentos estranxeiros por Servizos Centrais. Da análise do gasto en receitas médicas (aquel cuxos terceiros son os Colexios Oficiais de Farmacéuticos (COF) de cada provincia) despréndese un cambio de tendencia respecto aos exercicios precedentes:


Gráfico 9: Obrigas recoñecidas COF epígrafe 489.0 (miles de euros)

Como se observa no cadro 117 o gasto orzamentario do subconcepto 489.0 diminúe un 4%, resultado do cambio de imputación orzamentaria dos programas especiais; porén, as obrigas rexistradas dos COF (que son as realmente derivadas de receitas) incrementáanse nun 1,7%.

b) Clasificación por programas

A estrutura por programas do orzamento do Sergas, inalterable no tempo, configura o gasto asistencial ao redor de dous programas que, sen máis desagregación, referencian os dous niveis da prestación (primaria e especializada). O gasto farmacéutico, a pesar da súa relevancia cuantitativa e cualitativa no gasto do sistema sanitario, non ten referencia na estrutura por programas. Como xa se puxo de manifesto na análise da clasificación económica do gasto, a actual configuración por programas non contribúe a ofrecer unha axeitada visión do gasto farmacéutico. Tendo en conta esta observación ofrécese a continuación a evolución do gasto orzamentario en farmacia distribuído entre ambos os dous programas.

Gráfico 10: Porcentaxe gasto farmacéutico por programas



Obsérvase a tendencia xa descrita en exercicios precedentes do incremento no peso das obrigas en atención especializada, que no período aumentou nove puntos porcentuais, en detrimento do peso relativo de atención primaria.

Análise da información publicada sobre gasto farmacéutico

A información sobre o gasto farmacéutico vén sendo obxecto de publicación para o conxunto do SNS polo Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade baseándose na información subministrada polas diferentes CCAA.

Segundo os datos publicados, o gasto farmacéutico en receitas da CA no exercicio 2016 é de 685,092 millóns de euros e o número de receitas de 62 millóns. Estes datos non inclúen o gasto derivado de absorbentes para incontinencia, tiras reactivas e produtos dietoterápicos dispensados a través de receita e facturados como tales polos COF que, de acordo cos datos facilitados polo organismo autónomo, ascenden a 29,697 millóns de euros conforme ao seguinte detalle:

Cadro 119: Gasto produtos sanitarios 2016 (miles de euros)

Tipo de produto	2015	2016	% variación 16/15
Absorbentes incontinencia orina (1)	18.570	19.003	2,3%
Tiras reactivas	8.168	8.399	2,8%
Produtos dietoterápicos	1.965	2.295	16,8%
Total	28.705	29.697	3,5%

(1) Sen considerar o desconto do 7%

Fonte: Subdirección Xeral de Farmacia

Así mesmo, o gasto en material de incontinencia de residencias sociosanitarias, que se imputa na epígrafe 221.16, ten o seguinte detalle no exercicio:

Cadro 120: Custo por material de incontinencia para residencias sociosanitarias (miles de euros)

EOXI	2015	2016	% variación 16/15
EOXI A Coruña	1.298	756	-41,8%
EOXI Ferrol	464	303	-34,7%
EOXI Santiago	480	460	-4,2%
EOXI Lugo	676	671	-0,7%
EOXI Ourense	1.052	943	-10,4%
EOXI Vigo	753	719	-4,5%
EOXI Pontevedra	192	183	-4,7%
Total	4.915	4.034	-18%

Fonte: Subdirección Xeral de Farmacia

Destaca a diminución respecto ao exercicio precedente nun 18%, sendo máis acusada nas EOXI de Ferrol e A Coruña.

A continuación móstrase a información sobre o gasto farmacéutico correspondente ao exercicio 2016 no escenario das diferentes CCAA:

Cadro 121: Sistema Nacional de Saúde. Receitas e gasto en 2016

Comunidade Autónoma	Receitas facturadas do SNS (miles)	Gasto farmacéutico a través de receita oficial do SNS (miles de euros)	Gasto medio por receita facturada do SNS (euros)
Andalucía	169.135	1.707.710	10,1
Aragón	27.842	316.437	11,4
Asturias	21.717	267.171	12,3
Baleares	17.202	189.775	11,0
Cantabria	11.017	137.061	12,4
Castela-A Mancha	43.324	480.720	11,1
Castela-León	50.753	572.635	11,3
Cataluña	135.896	1.385.789	10,2
Canarias	42.093	453.682	10,8
Extremadura	26.413	311.569	11,8
Galicia	61.797	685.092	11,1
Madrid	103.773	1.151.922	11,1
Murcia	29.677	336.127	11,3
Navarra	11.868	134.065	11,3
Comunidade Valenciana	103.825	1.208.817	11,6
País Vasco	36.945	475.311	12,9
A Rioxa	6.127	70.590	11,5
Ceuta	1.182	14.971	12,7
Melilla	987	13.328	13,5
Nacional	901.572	9.912.770	11,0

Fonte: Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade. Non se teñen en conta as variacións poboacionais durante o período

A variación interanual foi mellor na CA que a nivel nacional nos tres parámetros; aínda que todos aumentaron, en Galicia foi menor que a media nacional; non obstante, o custo por receita segue a ser maior na CA que a nivel nacional.

Análise da prescripción

Solicitouse información ao organismo autónomo sobre os datos estruturados do gasto en receitas médicas, posibilitando a análise que a continuación se desenvolve. Os importes que se reflicten non consideran o desconto recollido no Real decreto lei 8/2010 e Real decreto 823/2008, que se aplica na factura farmacéutica cuxo importe no exercicio ascende a 57,116 millóns de euros.

Para o exame deste gasto debe terse en consideración a estrutura da poboación protexida con tarxeta sanitaria individual (TSI) que ten acceso á prestación farmacéutica e os colectivos que a integran, diferenciando as achegas dos usuarios previstas no Real decreto lei 16/2012 (en vigor desde xullo de 2012) que introduce modificacións relevantes respecto da situación anterior, creando un novo sistema que vincula as achegas ao nivel de renda. Dependendo da renda asígnase un código persoal ou outro. Estes códigos van do 001 ao 006 e indican a porcentaxe que debe aboar cada persoa en función dos seus ingresos anuais. Os números de menor valor corresponden aos pensionistas e ás rendas máis baixas. A achega económica correspondente determínase en función do resultado da cela 618 da Declaración do IRPF. Con carácter xeral, a porcentaxe da achega seguirá o seguinte esquema:

- Código 001: Persoas sen recursos que perciben renda de integración, perceptores de rendas non contributivas, afectados pola síndrome tóxica, persoas con discapacidade nos supostos recollidos na normativa específica e parados que perderon o subsidio por desemprego (achega do 0%).
- Código 002: Pensionistas con renda inferior a 100.000 euros. Achegan o 10% do valor total dos medicamentos receitados (cos límites mensuais establecidos segundo sexan inferiores ou superiores a 18.000 euros).
- Código 003: Os traballadores en activo con ingresos anuais inferiores aos 18.000 euros. Achegan o 40% do valor total dos medicamentos receitados.
- Código 004: Os traballadores con renda anual entre os 18.000 e os 100.000 euros anuais. Achegan o 50% do valor do medicamento receitado.
- Código 005: Os traballadores e pensionistas con ingresos anuais superiores aos 100.000 euros. Achegan o 60% do valor do medicamento.
- Código 006: mutualidades e clases pasivas de MUFACE, ISFAS e MUGEJU, cunha achega do 30%.

- No caso dos medicamentos pertencentes ao grupo ATC (sistema de clasificación da OMS de fármacos por grupos terapéuticos) de achega reducida, a porcentaxe é sempre do 10%. Independentemente do código que corresponda, unicamente se aboará esta porcentaxe (establécese un límite máximo por receita).

- Persoas con tratamentos por accidente de traballo ou enfermidade profesional, código ATEP, achegan o 0%.

Atendendo ao cadro de achegas descrito, a estrutura poboacional na CA é a seguinte:

Cadro 122: Estrutura poboacional 2016

TSI		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total	% s/total
TSI 001		47.969	13.670	15.532	50.689	127.860	4,8%
TSI 002		315.277	110.360	109.518	251.445	786.600	29,8%
TSI 003		523.552	149.380	135.827	461.160	1.269.919	48,1%
TSI 004		201.164	44.522	42.710	151.416	439.812	16,7%
TSI 005	Activos	4.737	624	592	3.194	0,3%	0,3%
	Pensionistas	1.034	191	164	753	0,1%	0,1%
Tramo descoñecido		1.197	543	554	1.090	3.384	0,1%
Total		1.094.930	319.290	304.897	919.747	2.638.864	100,0%
% s/total		41,5%	12,1%	11,6%	34,9%	100,0%	
Ano 2006		1.108.612	343.719	330.474	937.371	2.720.176	
% variación 16/06		-1,2%	-7,1%	-7,7%	-1,9%	-3,0%	

Fonte: Subdirección Xeral de Farmacia

No caso dos usuarios asignados ao tramo descoñecido aplícase unha achega por defecto (o 10% no caso de pensionistas e o 40% nos usuarios activos, agás se estes son estranxeiros en cuxo caso se aplica o 50%). Nos cálculos que se fan a continuación exclúese este colectivo para os efectos de poboación pero non de gasto.

Deseguido faise unha análise polo miúdo de diferentes aspectos do gasto:

a) Gasto por TSI (sen descontos)

Cadro 123: Distribución do gasto en receitas por provincias (miles de euros)

TSI		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total	% s/total	% variación 16/15
ATEP		34	10	14	55	114	0,02%	-7,9%
TSI 001		22.303	6.769	6.925	20.991	56.988	7,68%	1,5%
TSI 002		211.785	86.301	75.526	171.144	544.756	73,38%	1,8%
TSI 003		44.764	14.287	11.562	37.293	107.906	14,54%	0,1%
TSI 004		14.237	3.686	2.763	10.501	31.187	4,20%	1,7%
TSI 005	Activos	304	42	39	234	619	0,08%	0,7%
	Pensionistas	305	54	53	361	773	0,10%	1,5%
Total		293.733	111.149	96.882	240.579	742.343	100,00%	1,5%
% s/total		39,6%	15,0%	13,1%	32,4%	100,0%		
% variación 16/15		2,1%	-0,6%	1,4%	1,9%	1,5%		

Fonte: Elaboración propia a partir da información subministrada pola Subdirección Xeral de Farmacia

O gasto que absorbe cada provincia é proporcional á poboación desta, sendo aquel lixeiramente superior nas provincias de Lugo e Ourense e inferior nas da Coruña e Pontevedra. Apréciase que o grupo de pensionistas con rendas inferiores a 100.000 euros (30% da poboación) absorbe o 73% do gasto en receitas médicas.

Así mesmo, o gasto aumentou un 1,5%, destacando a única redución a nivel de colectivos que se produce en persoas con tratamentos por accidente de traballo ou enfermidade profesional e a nivel provincial en Lugo.

b) Custo por cidadán

Cadro 124: Custo por cidadán (euros)

TSI		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
TSI 001		464,9	495,2	445,9	414,1
TSI 002		671,7	782,0	689,6	680,6
TSI 003		85,5	95,6	85,1	80,9
TSI 004		70,8	82,8	64,7	69,4
TSI 005	Activos	64,1	67,2	65,9	73,4
	Pensionistas	295,4	282,7	322,8	478,9
Total		268,5	348,7	318,3	261,8
% variación 16/15		2,1%	-0,1%	1,9%	2,2%

Fonte: Subdirección Xeral de Farmacia

Excluído o gasto por ATEP e poboación con TSI descoñecido

Da información do cadro dedúcense os seguintes custos:

- Pensionistas con rendas inferiores a 100.000 euros 693 euros
- Pensionistas con rendas superiores a 100.000 euros 361 euros
- Parados sen subsidio, persoas sen recursos que perciben renda de integración, perceptores de pensións non contributivas, persoas con síndrome tóxica e con discapacidade recollidos na normativa específica e persoas con tratamentos por accidente de traballo ou enfermidade profesional 446 euros
- Usuarios con renda inferior a 18.000 euros 81 euros
- Usuarios con renda entre 18.000 e 100.000 euros 71 euros
- Usuarios con rendas superiores a 100.000 euros 73 euros

A nivel xeral, o custo por cidadán é de 282 euros, experimentando un incremento do 1,8% respecto ao período precedente. A variación por colectivos é dispar, aumentando exclusivamente no de pensionistas con rendas inferiores a 100.000 euros e traballadores en activo con rendas inferiores a 18.000 euros. A maior minoración obsérvase en pensionistas con rendas superiores a 100.000 euros (-18%).

A nivel provincial reduciuse lixeiramente en Lugo aumentando nas demais provincias ao redor dun 2%.

O colectivo con menor custo corresponde a traballadores en activo da provincia da Coruña con rendas superiores a 100.000 euros (64,1 euros) e o de máis custo a pensionistas de Lugo con rendas inferiores a 100.000 euros (782 euros)

c) Número de receitas por colectivo

Cadro 125: Número de receitas por colectivos

TSI		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total	% s/total	% variación 16/15
ATEP		1.709	678	1.040	2.175	5.602	0,0%	-11,5%
TSI 001		1.659.398	489.909	528.771	1.568.900	4.246.978	6,9%	3,1%
TSI 002		16.619.440	6.503.092	5.974.313	12.981.407	42.078.252	68,1%	1,4%
TSI 003		4.876.567	1.558.705	1.347.110	4.146.937	11.929.319	19,3%	1,3%
TSI 004		1.525.597	396.567	335.417	1.161.987	3.419.568	5,5%	1,7%
TSI 005	Activos	32.123	4.808	4.211	22.551	63.693	0,1%	3,4%
	Pensionistas	29.805	4.852	5.188	26.039	65.884	0,1%	3,4%
Total		24.744.639	8.958.611	8.196.050	19.909.996	61.809.296	100,0%	1,5%
% s/total		40,03%	14,49%	13,26%	32,21%	100,00%		
% variación 16/15		1,8%	0,3%	1,1%	2,0%	1,5%		

Fonte: Subdirección Xeral de Farmacia

O grupo de pensionistas con rendas inferiores a 100.000 euros (30% da poboación) absorbe o 68% do total de receitas médicas.

d) Número de receitas por cidadán

Cadro 126: Número de receitas por cidadán

TSI		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total	% variación 16/15
TSI 001		34,59	35,84	34,04	30,95	33,22	-1,0%
TSI 002		52,71	58,93	54,55	51,63	53,49	1,1%
TSI 003		9,31	10,43	9,92	8,99	9,39	5,0%
TSI 004		7,58	8,91	7,85	7,67	7,78	-5,0%
TSI 005	Activos	6,78	7,71	7,11	7,06	6,96	-12,4%
	Pensionistas	28,82	25,40	31,63	34,58	30,76	-16,6%
Total		22,62	28,10	26,93	21,67	23,45	1,8%
% variación 16/15		1,8%	0,8%	1,7%	2,4%	1,8%	

Excluída a poboación con TSI descoñecido e o número de receitas por ATEP

Fonte: Subdirección Xeral de Farmacia

e) Custo por receita

Cadro 127: Custo por receita (euros)

TSI		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total	% variación 16/15
ATEP		20,12	14,03	13,93	25,49	20,32	4,1%
TSI 001		13,44	13,82	13,10	13,38	13,42	-1,5%
TSI 002		12,74	13,27	12,64	13,18	12,95	0,4%
TSI 003		9,18	9,17	8,58	8,99	9,05	-1,3%
TSI 004		9,33	9,30	8,24	9,04	9,12	0,0%
TSI 005	Activos	9,46	8,72	9,27	10,39	9,72	-2,6%
	Pensionistas	10,25	11,13	10,20	13,85	11,73	-1,9%
Total		11,87	12,41	11,82	12,08	12,01	-0,1%
% variación 16/15		0,3%	-0,8%	0,3%	-0,1%	-0,1%	

O custo medio por receita máis elevado corresponde ao colectivo de ATEP, sendo significativamente superior en Pontevedra e na Coruña. Así mesmo, cabe destacar que o custo por receita dos pensionistas con rendas superiores a 100.000 euros na provincia de Pontevedra é superior ao dos pensionistas con rendas inferiores. O custo por receita máis baixo corresponde aos activos con rendas inferiores a 18.000 euros, destacando novamente Ourense co menor custo por provincias (11,82 euros) sendo o menor valor absoluto (8,24€/receita) para traballadores en activo con rendas entre 18.000 y 100.000 euros da dita provincia.

O custo medio da receita, segundo os datos subministrados pola Subdirección Xeral de Farmacia, unha vez aplicados os descontos, é de 11,09 euros.

f) Achegas por colectivo

Cadro 128: Achegas por colectivo (miles de euros)

TSI		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total	% s/total	% variación 16/15
ATEP								
TSI 001								
TSI 002		13.989	5.416	4.979	11.134	35.518	44,81%	2,0%
TSI 003		12.679	4.250	3.538	10.806	31.273	39,45%	2,5%
TSI 004		5.318	1.427	1.127	4.024	11.897	15,01%	3,5%
TSI 005		151	24	21	108	304	0,38%	4,7%
		123	22	21	112	278	0,35%	7,6%
Total		32.260	11.139	9.686	26.184	79.269	100,00%	2,4%
% variación 16/15		3,0%	1,0%	1,6%	2,8%	2,4%		

O total das achegas realizadas polos usuarios ascendeu no exercicio a 79,269 millóns de euros, que supuxo un incremento do 2,4% respecto do exercicio precedente. O colectivo que máis achega corresponde aos pensionistas con rendas inferiores a 100.000 euros seguido do colectivo de activos con rendas inferiores a 18.000 euros, soportando entre ambos os dous o 84% da achega total.

g) Achegas por cidadán

Cadro 129: Achega por cidadán (euros)

TSI		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Media	% variación 16/15
TSI 001							
TSI 002		44	49	45	44	45	1,6%
TSI 003		24	28	26	23	25	6,2%
TSI 004		26	32	26	27	27	-3,3%
TSI 005	Activos	32	38	35	34	33	-11,4%
	Pensionistas	119	113	126	149	130	-13,3%
Total		29	35	32	29	30	2,7%
% variación 16/15		3,0%	1,5%	2,2%	3,1%	2,7%	

Exclúese o colectivo ATEP por non ter información sobre a poboación que o integra

Fonte: Subdirección Xeral de Farmacia

A achega mensual media sitúase en 2,5 euros, sendo a máis alta a correspondente aos pensionistas con rendas superiores a 100.000 euros con 10,8 euros, moi afastado do tope mensual establecido que ascende a 61,75 euros.

h) Achegas por receita

Cadro 130: Achega por receita (euros)

TSI		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total	% variación 16/15
ATEP							
TSI 001							
TSI 002		0,84	0,83	0,83	0,86	0,84	0,5%
TSI 003		2,60	2,73	2,63	2,61	2,62	1,2%
TSI 004		3,49	3,60	3,36	3,46	3,48	1,7%
TSI 005	Activos	4,70	4,96	4,93	4,79	4,77	1,2%
	Pensionistas	4,14	4,44	3,97	4,30	4,21	3,9%
Total		1,30	1,24	1,18	1,32	1,28	0,9%
% variación 16/15		1,1%	0,8%	0,5%	0,7%	0,9%	

Fonte: Subdirección Xeral de Farmacia

Finalmente, cómpre facer referencia á prescrición de xenéricos que, rexistrando un forte incremento nos últimos anos, alcanza no 2016 o 43% sobre o total de receitas prescritas, coa seguinte distribución por ámbito provincial:

Cadro 131: Gasto e receitas en EFG

Provincia	Núm. receitas EFG	Gasto EFG (miles de €)	% receitas EFG/receitas total	% gasto EFG/gasto total
A Coruña	10.786.462	59.741	43,6%	20,3%
Lugo	3.558.566	21.003	39,7%	18,9%
Ourense	3.708.683	20.939	45,2%	21,6%
Pontevedra	8.463.653	47.416	42,5%	19,7%
Total	26.517.364	149.099	42,9%	20,1%
% variación 16/15	2,3%	3,8%		

Fonte: Subdirección Xeral de Farmacia

O gasto en xenéricos alcanza os 149,099 millóns de euros, aumentando respecto ao período precedente un 3,8% e representando o 20,1% do gasto farmacéutico en receitas.

No seguinte cadro móstrase a evolución do seu peso tanto en número de receitas como no gasto nos dous últimos exercicios:

Cadro 132: Representatividade EFG

Provincia	% receitas EFG/receitas totais		% gasto EFG/gasto total		Prezo medio por receita (euros)	
	2015	2016	2015	2016	2015	2016
A Coruña	43,2%	43,6%	19,9%	20,3%	5,45	5,54
Lugo	38,9%	39,7%	18,1%	18,9%	5,84	5,90
Ourense	45,2%	45,2%	21,3%	21,6%	5,56	5,65
Pontevedra	42,4%	42,5%	19,3%	19,7%	5,52	5,60
Total	42,6%	42,9%	19,6%	20,1%	5,54	5,62

Fonte: Subdirección Xeral de Farmacia

Confírmase a tendencia crecente na representatividade dos EFG tanto en número de receitas como en gasto, así como un incremento do custo medio por receita ao redor do 1,5%.

IV.11.4. EFECTIVOS DE PERSOAL

Como en exercicios anteriores, este apartado destínase á análise da estrutura de persoal do Sergas así como á súa evolución conforme á información facilitada polo organismo e que atende a dúas referencias: prazas orzamentadas e número medio de efectivos.

As prazas orzamentadas no exercicio ascenderon a 33.988, mostrándose no seguinte cadro a evolución por estamentos no período 2013-2016.

Cadro 133: Evolución das prazas dotadas orzamentariamente 2013-2016

Estamento	2013	2014	2015	2016	% variación 16/13
Directivos	156	156	156	156	0,0%
Funcionarios	1.236	1.262	1.120	1.051	-15,0%
Laboral + MIR	1.620	1.622	1.580	1.553	-4,1%
Estatutarios:	30.920	30.971	31.108	31.176	0,8%
<i>Facultativo</i>	7.212	7.223	7.272	7.286	1,0%
<i>Sanitario non facultativo</i>	15.359	15.394	15.551	15.593	1,5%
<i>Xestión e servizos</i>	8.349	8.354	8.285	8.297	-0,6%
Outros	52	52	52	52	0,0%
Total dotación	33.984	34.063	34.016	33.988	0,0%

Fonte: Dirección Xeral de Recursos Humanos (os datos son os vixentes a decembro de cada ano)

Nota: As prazas de estatutarios de cota que son ocupadas por funcionarios APD compútanse como prazas de funcionarios

A evolución das vinculacións activas e das prazas dotadas é a seguinte:

Cadro 134: Evolución da relación vinculacións activas/prazas orzamentadas 2015-2016

	2015	2016	% variación 16/15
Prazas dotadas	34.016	33.988	-0,1%
Núm. medio diario de efectivos	36.995	37.648	1,8%
% núm. medio efectivos/prazas dotadas	108,8%	110,8%	

Fonte: Dirección Xeral de Recursos Humanos

O número medio diario de efectivos con vínculo activo no exercicio (37.648) experimentou un incremento do 1,8% respecto do exercicio anterior. O 77,1% deles destinouse á atención especializada (29.021) e o 22,9% á atención primaria (8.627).

Para unha análise máis pormenorizada da situación dos efectivos de persoal do exercicio, nos anexos 18 e 19 detállanse os datos dos efectivos de persoal por ámbito, centros e vinculación xurídica, debendo destacar o seguinte:

- A nivel global obsérvase unha diminución interanual de 689 efectivos medios de persoal propietario e un aumento de 683 interinos. En canto ás contratacións temporais de eventuais e substitutos aumentaron en 659 efectivos respecto do exercicio anterior, o que en termos porcentuais representou un incremento do 8,7%. Continúase, polo tanto, coa mesma dinámica do exercicio anterior.

Atendendo á vinculación do persoal destaca o estatutario cunhas porcentaxes do 94,3% e do 90,5% na atención especializada e na primaria, respectivamente. Por outra banda, o persoal que ocupaba praza en propiedade representaba o 62,4% do total en especializada e o 73,7% en primaria.

- Dentro da atención especializada, cabe destacar que as EOXI de Vigo, da Coruña e de Santiago absorben o 54,1% dos efectivos totais.

Polo que se refire á vinculación do persoal, o 94,3% é estatutario (27.369 efectivos), sendo laboral o 4,0% e unicamente o 1,7% funcionario.

- Na atención primaria destaca a EOXI de Vigo co 19,9% dos efectivos totais, seguida das da Coruña co 17,5% e Santiago co 15,9%. No extremo oposto sitúanse as EOXI de Pontevedra co 10,5% e de Ferrol co 7,7% dos efectivos.
- Os índices de temporalidade continúan sendo altos, 37,6% en atención especializada e 26,3% en primaria, observándose un incremento interanual deles. No ano 2015 situábanse, respectivamente, nun 34,5% e nun 23,8%.

V. TESOURARÍA

V.1. ANÁLISE XERAL

A Lei 15/1991, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 1992 establece no seu artigo 28 que “as operacións de ingresos e ordenación e realización material de pagamentos do organismo autónomo Sergas serán realizadas pola Tesouraría da Xunta”, regulándose no Decreto 302/1992, do 22 de outubro, o procedemento para a tramitación das referidas operacións. Este organismo autónomo carece, polo tanto, de tesouraría propia ao efectuarse aquelas pola Tesouraría da Xunta a través da Caixa 07.

Segundo a acta de arqueo desta caixa realizada entre a Intervención e a Subdirección Xeral do Tesouro a 31 de decembro de 2016, os movementos de fondos e existencias finais do exercicio foron os seguintes:

Cadro 135: Movementos de fondos da Caixa 07 – Sergas (miles de euros)

	Metálico	Formalización	Total
Fondos líquidos a 31.12.15	7.330	0	7.330
Ingresos acumulados ata o 31.12.16	3.921.041	3.921.899	7.842.940
Por movementos internos	858	0	858
Total	3.929.228	3.921.899	7.851.127
Pagamentos acumulados ata o 31.12.16	3.894.003	3.921.899	7.815.902
Por movementos internos	858	0	858
Total	3.894.861	3.921.899	7.816.760
Fondos líquidos a 31.12.16	34.367	0	34.367

Segundo os datos de conciliación facilitados nas seis contas que conforman a Caixa 07 os saldos que figuran nas certificacións bancarias coinciden cos saldos contables.

A distribución por entidade é a seguinte:

Cadro 136: Existencias Caixa 07 a 31.12.2016 (miles de euros)

Entidade	Importe
Banco de Sabadell, SA	2.738
Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, SA	11.451
Abanca Corporación Bancaria, SA	10.739
Banco Pastor, SA	2.898
Banco Español de Crédito, SA	6.541
Total	34.367

A 31 de decembro de 2016, os dereitos pendentes de cobro do Sergas superan as obrigas pendentes de pagamento en 232,773 millóns de euros. Este saldo sería superior de considerar o remanente de tesouraría do organismo segundo as dispoñibilidades de fondos líquidos da conta do Sergas, cuxa titularidade lle corresponde á Consellería de Facenda:

Cadro 137: Dereitos pendentes de cobro e obrigas pendentes de pagamento a 31.12.2016 (miles de euros)

Concepto	Importe
a) Dereitos pendentes de cobro	374.200
(+) Do orzamento corrente	266.832
(+) De orzamentos pechados	106.800
(+) De operacións non orzamentarias	568
b) Obrigas pendentes de pagamento	141.427
(+) Do orzamento corrente	194.285
(+) De orzamentos pechados	309
(+) De operacións non orzamentarias	-15.019
(-) Pagamentos realizados pendentes de aplicación definitiva	38.148
Dereitos pendentes de cobro menos obrigas pendentes de pagamento (a-b)	232.773

Os centros de gasto dispoñen de contas especiais para alcanzar unha maior operatividade na xestión de ingresos e pagamentos. Son as seguintes:

- **Contas especiais de pagamentos.** Divídense nas de:
 - Fondo de Manobra. Nelas figuran as dotacións de fondos que se habilitan aos centros de xestión para facer fronte a determinado tipo de pagamentos.
 - Pagamentos a xustificar. Trátase de contas que se habilitan nos Servizos Centrais do Sergas.
- **Contas de pagamento de nóminas.** Son aquelas que se habilitan para o pagamento das nóminas do Sergas exclusivamente.
- **Contas restrinxidas de ingresos.** Abertas pola Consellería de Facenda, como titular delas, para cada centro de xestión co fin de ingresar os importes derivados da facturación por prestación de servizos a terceiros e outros ingresos atípicos xerados en cada centro.

Respecto da xestión dos pagamentos correspondentes aos gastos do capítulo II dos Servizos Centrais do Sergas, existe, por unha banda, un procedemento ordinario mediante o cal a Dirección

Xeral de Política Financeira e do Tesouro realiza o pagamento en firme ao acredor final e, por outra, o habilitado efectúa pagamentos que poden ser en firme ou a través das citadas contas de pagamentos a xustificar.

V.2. CONTAS ESPECIAIS DE PAGAMENTOS

V.2.1. FONDO DE MANOBRA

A normativa reguladora desta conta, aplicable nos centros de xestión do Sergas, continúa sendo a que estaba vixente no extinto Insalud con anterioridade á transferencia das competencias en materia de sanidade á Comunidade Autónoma de Galicia, ao non dispor esta de normativa específica actualizada que regule o funcionamento destes fondos. Mediante esta conta efectúase a dotación de fondos de carácter extraorxamentario e permanente a favor dos centros de xestión para a atención inmediata de gastos correntes en bens e servizos de pequeno importe ou de urxente aboamento que non poidan ser atendidos a través do procedemento ordinario de pagamento.

A reposición de fondos aos centros por parte da Dirección Xeral de Política Financeira e do Tesouro lévase a cabo previa remisión, por parte dos primeiros, dos datos correspondentes aos documentos contables acreditativos dos gastos realizados e rexistrados no sistema contable XUMCO.

A ausencia dunha normativa reguladora actualizada limita a operatividade do procedemento e leva consigo unha falta de homoxeneidade de criterios en canto á xestión destes gastos polos centros. Esta situación xa era recoñecida polo órgano xestor nas alegacións efectuadas á conta do exercicio 2013 nas que valoraba a posibilidade de elaborar unha norma con rango de Orde da Consellería de Sanidade-Presidencia do Sergas, reguladora do Fondo de Manobra, co obxecto de homoxeneizar a execución do dito fondo. Porén, aínda non se desenvolveu a mencionada norma.

A continuación móstranse os importes das dotacións de fondos dos distintos centros en 2016, así como os gastos efectuados e o índice de rotación respecto das respectivas dotacións.

Cadro 138: Fondo de Manobra por centros 2016 (miles de euros)

Centro de xestión	Dotación (A)	Gastos Fondo Manobra 2016 (B)	Gasto Fondo Manobra 2015 imputado a 2016 (C)	Gasto Fondo Manobra 2016 imputado a 2017	Índice de rotación (B+C)/A
EOXI A Coruña	229	2.430	(*) 23	13	10,7
EOXI Ferrol	100	1.084	59	0	11,4
EOXI Santiago	150	1.960	2	9	13,1
A Coruña	479	5.474	84	22	11,6
EOXI Lugo	150	1.972	0	0	13,1
Lugo	150	1.972	0	0	13,1
EOXI Ourense	60	1.675	(*) 10	0	28,1
Ourense	60	1.675	10	0	28,1
EOXI Vigo	150	2.070	0	0	13,8
EOXI Pontevedra	150	1.746	19	10	11,8
Pontevedra	300	3.816	19	10	12,8
Total	989	12.937	113	32	13,2

Fonte: Subdirección Xeral do Tesouro e EOXI

(*) O importe desta débeda non foi obxecto de declaración na información subministrada pola Dirección Xeral de Recursos Económicos

O importe das dotacións de todas as EOXI non experimentaron variación respecto das do exercicio precedente.

Os gastos dos centros no exercicio ascenderon a 13,050 millóns de euros (tendo en conta os gastos do exercicio 2016 así como os do ano 2015 imputados ao 2016), experimentando un importante incremento do 11,2% respecto ao exercicio precedente. As limitacións que lles afectan aos gastos desta natureza unicamente son as relativas a que o importe de cada unha das reposicións non pode superar a dotación total do centro e que a suma das reposicións de gastos do exercicio ten como máximo o importe do crédito dispoñible na correspondente partida orzamentaria de gasto, tendo en conta o nivel de vinculación dos créditos.

En relación cos datos contidos no cadro anterior, o índice de rotación global dos centros pasou do 11,9 no exercicio 2015 ao 13,2 no 2016. Os maiores índices de rotación prodúcense, outro ano máis, na EOXI de Ourense (28,1) e na de Vigo (13,8).

É importante sinalar que un volume moi significativo deste tipo de gastos (o 91%) destínase ao artigo 48 (transferencias a familias e institucións sen fins de lucro). Por outra banda, a EOXI de Santiago e a de Vigo realizaron aboamentos correspondentes ao capítulo VI (investimentos reais) por importe de 31.736 e 677 euros, respectivamente.

Tal e como se vén advertindo en anteriores informes, sería conveniente que a Xunta actualizase a regulación desta conta co obxecto de alcanzar unha maior operatividade e homoxeneidade de criterios en canto á súa xestión.

V.2.2. PAGAMENTOS A XUSTIFICAR

Esta conta, habilitada unicamente para Servizos Centrais, recolle aqueles gastos cuxos documentos xustificativos non se poden achegar ao efectuar a proposta de pagamento. O seu detalle móstrase no seguinte cadro:

Cadro 139: Pagamentos a xustificar (miles de euros)

Artigo	Programa			
	411A	412A	412B	Total
21 Reparacións, mantemento e conservación	31			31
22 Material, subministracións e outros	144	24		168
23 Indemnizacións por razón do servizo	56			56
64 Gastos en investimentos de carácter inmaterial		31	1	32
Total	231	55	1	287

Fonte: Dirección Xeral de Recursos Económicos

Ao igual que no exercicio anterior, os pagamentos efectuados no exercicio 2016 a través deste procedemento corresponden no 81% ao programa 411A, concentrándose a maior porcentaxe nos artigos 22 e 23 con 144.234 e 55.871 euros, respectivamente.

V.3. CONTAS DE PAGAMENTOS DE NÓMINAS

Trátase de contas habilitadas para o pagamento das nóminas do persoal de cada centro de xestión, destinándose os fondos procedentes da Dirección Xeral de Política Financeira e do Tesouro da Xunta a efectuar ordes de pagamentos correspondentes ás retribucións do persoal e deducións non formalizables. O seu funcionamento é orzamentario e os xuros xerados son transferidos ao Tesouro da Xunta unha vez ingresados nas correspondentes contas bancarias.

Os saldos bancarios iniciais e finais, así como as entradas e saídas de fondos do exercicio son os que se mostran no seguinte cadro:

Cadro 140: Saldos bancarios de contas de pagamento de nóminas (miles de euros)

Centro de xestión	Saldo a 01.01.2016	Ingresos 2016	Pagamentos 2016	Saldo a 31.12.2016
1501 EOXI A Coruña	45	195.383	195.387	41
1505 EOXI Ferrol	0	70.637	70.637	0
1571 EOXI Santiago	0	174.543	174.542	1
2701 EOXI Lugo	2	151.544	151.544	2
3201 EOXI Ourense	20	141.970	141.974	16
3601 EOXI Vigo	24	186.313	186.314	23
3603 EOXI Pontevedra	6	112.327	112.323	11
5001 Servizos Centrais	2	4.357	4.357	2
Total	99	1.037.074	1.037.077	96

Fonte: Dirección Xeral de Recursos Humanos

Efectuada a comprobación da coincidencia entre os datos dos saldos bancarios a 31.12.2016 e os calculados a esta data mediante a suma alxébrica dos saldos iniciais máis os ingresos menos os pagamentos do exercicio observouse que coincide en todos os centros.

V.4. CONTAS RESTRINXIDAS DE INGRESOS

Son contas autorizadas pola Dirección Xeral de Política Financeira e do Tesouro para cada centro de xestión e teñen por finalidade recoller os ingresos procedentes da recadación pola facturación da asistencia sanitaria prestada a terceiros, así como outros ingresos atípicos, traspasándose os seus saldos á conta operativa do Sergas.

No seguinte cadro móstranse, segundo os datos subministrados pola Subdirección Xeral do Tesouro, os ingresos traspasados á conta operativa do Sergas desde as contas restrinxidas de ingresos dos centros. É preciso sinalar que o importe traspasado corresponde ao recadado no mes anterior.

Cadro 141: Fondos traspasados desde os centros á conta operativa do Sergas (miles de euros)

Mes de recadación	Importes traspasados
Decembro 2015	3.806
Xaneiro 2016	1.356
Febreiro 2016	3.109
Marzo 2016	3.208
Abril 2016	2.569
Maio 2016	3.677
Xuño 2016	3.780
Xullo 2016	3.106
Agosto 2016	2.939
Setembro 2016	2.997
Outubro 2016	3.023
Novembro 2016	3.767
Total	37.337

Fonte: Subdirección Xeral do Tesouro

O detalle dos ingresos recoñecidos por conceptos, segundo os datos subministrados pola Subdirección Xeral de Recursos e Análise Orzamentaria, é o seguinte:

Cadro 142: Ingresos recoñecidos por conceptos 2016 (miles de euros)

Concepto	Ingresos
Ingresos por farmacia ambulatoria	354
Debedores varios e particulares	22.528
Debedores accidentes de tráfico	11.131
Debedores mutuas patronais	13.663
Reintegros exercicios pechados	38
Reintegros exercicio corrente	59
Xuros de demora	0
Ingresos matrícula oficial	440
Outros ingresos	1.697
Ingresos patrimoniais concesións	148
Suma (A)	50.059
Importe recadado (B)	37.337
Diferenza (A-B):	12.722
Convenios	8.542
Constrinximento: (só inclúe o principal da débeda) e INSS/ISM	3.938
Farmacia residencias sociosanitarias	242
Outras diferenzas	0

Neste exercicio volve a coincidir o importe recadado co transferido á conta operativa.

Por outra banda, a diferenza entre a suma dos diferentes conceptos de ingresos e o importe recadado (12,722 millóns de euros), vén motivada polas seguintes causas:

- Convenios: Neste caso, os centros recoñecen o dereito e contabilizan como recadado o mesmo importe, sen producirse ningún ingreso nas contas, xa que posteriormente se compensa coas administracións que teñen convenio. Polo tanto, o importe contabilizado difire do saldo do banco.
- Constrinximento: Correspóndese cos ingresos en vía de constrinximento recibidos mediante transferencia.
- INSS/ISM: Son as facturas aboadas polo INSS/ISM, recibidas mediante transferencia.
- Farmacia residencias sociosanitarias: Correspóndese cos ingresos das farmacias, recibidas mediante transferencia.

Segundo comunicación da Dirección Xeral de Recursos Económicos do Sergas, os ingresos dos tres últimos conceptos realízanse directamente na conta do Banco Sabadell sen pasar polas contas restrinxidas dos centros.

VI. CONCLUSIÓNS

1. O SPSG organízase ao redor dun órgano de dirección do sistema (Consellería de Sanidade) e outro provisor de servizos (Sergas).
2. As entidades instrumentais vinculadas ao Sergas non variaron en número, pero si que o fixeron en modelo de xestión, xa que dúas fundacións mudaron a forma xurídica a Axencia. Seguen sen incorporarse ao SPSG as tres fundacións para a investigación vinculadas a diferentes centros hospitalarios.

Orzamento sanitario

3. O orzamento sanitario é o resultado da consolidación dos orzamentos, de natureza administrativa, da Consellería de Sanidade, do Sergas e das dúas axencias (ACIS e ADOS). Mantéñense á marxe os correspondentes ás súas entidades vinculadas formulados como conta financeira (explotación e capital). O financiamento básico destas entidades procede do Sergas a través do seu orzamento mediante a figura da transferencia de financiamento.
4. No exercicio 2016 o orzamento sanitario ascendeu a 3.513,531 millóns de euros cun incremento do 3% consolidando a reversión da tendencia que se iniciou no 2015. Este orzamento representa máis do 40% do total da CA (excluída a carga financeira). O orzamento per cápita acada no exercicio 1.292 euros e, en termos de esforzo financeiro, os recursos dedicados á sanidade supoñen o 6% do PIB, sendo a sexta comunidade autónoma que maior porcentaxe de PIB dedica á sanidade.

Gasto e escenario financeiro do Sergas

5. O desaxuste estrutural que se vén producindo entre o gasto e os recursos pon de manifesto as dificultades para establecer medidas estables de financiamento que posibiliten acadar un equilibrio financeiro no sistema sanitario. Deste xeito, é preciso facer as seguintes consideracións respecto do exercicio obxecto de fiscalización:
 - O gasto real acada no exercicio obxecto de fiscalización os 3.795,637 millóns de euros, aumentando nun 0,7% respecto do anterior.
 - Os recursos do Sergas derivan basicamente do modelo de financiamento (95% dos dereitos recoñecidos) que configura unha estrutura integrada de recursos respecto dos que cada CA fai unha asignación a sanidade.
 - A asignación que a CA destina ao gasto sanitario é moi superior á que establecen os seus orzamentos. No exercicio 2016 o financiamento adicional acada os 332,256 millóns de euros, debido á maior capacidade de endebedamento da CA como consecuencia da modificación dos

obxectivos de déficit (99,116 millóns de euros) e polos remanentes non executados doutros departamentos. Supón o 9,7% do orzamento inicial.

- As obrigas non recoñecidas acadaron 119,644 millóns de euros, o que representa o 3,5% do orzamento inicial. Continúanse imputando sen un marco normativo que as regule e un sistema normalizado que as identifique.

Réxime de control

6. O sistema de control interno amosa limitacións derivadas da súa configuración (control financeiro permanente fronte a intervención previa), como se vén reiterando en informes anteriores.

7. Aínda que non é de aplicación ao exercicio obxecto de fiscalización, cómpre destacar o establecemento dun novo sistema de control financeiro de ciclo continuo aprobado polo Decreto 30/2017, do 30 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e desenvolvido mediante Acordo do Consello da Xunta do 27 de abril de 2017. Este novo modelo de control está operativo no exercicio 2017 e prevé, no plan anual, concluír as actuacións de control do 2016.

Rendición das contas

8. O organismo autónomo continúa sen implantar un sistema integral de contabilidade tal e como esixe o Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, limitándose a información rendida á administrativo-orzamentaria, sen que se achegue o Balance de situación nin a Conta do resultado económico-patrimonial.

9. As novas axencias dependentes do Sergas (ADOS e ACIS) presentan e renden contas conforme ao Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia. Porén, as contas de ADOS non conteñen o informe de auditoría, e non consta que ningunha teña aprobado o contrato de xestión.

10. As entidades dependentes do organismo, fundacións e sociedades públicas, renderon as súas contas, agás as fundacións para a investigación vinculadas a centros do Sergas.

Orzamento inicial

11. A incorporación de obxectivos aos orzamentos realízase a través dos programas de gasto e conforme aos obxectivos fixados na planificación da Xunta no Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020. Porén, este procedemento de avaliar a eficiencia do gasto público segue tendo deficiencias ao non contar cun seguimento dos resultados obtidos.

12. O orzamento do Sergas para o exercicio fiscalizado alcanza os 3.435,942 millóns de euros, cun incremento respecto ao ano anterior do 2,8%. Desde a perspectiva funcional, os programas

asistenciais (atención primaria e atención especializada) concentran o 97,2% dos créditos iniciais e desde a perspectiva económica as operacións correntes aglutinan o 96% do orzamento.

Modificacións orzamentarias

13. O importe neto das modificacións orzamentarias no exercicio 2016 alcanzou os 357,198 millóns de euros, o que supón un incremento do orzamento inicial do 10,4%.

14. Mediante modificacións orzamentarias fináncianse gastos para a cobertura de necesidades con consignacións insuficientes pero que eran coñecidas no momento da aprobación do orzamento, destacando especialmente o gasto farmacéutico.

15. Como se vén sinalando de forma recorrente por esta Institución, a constitución do Fondo de Continxencia nos créditos do Sergas supón un elemento distorsionador do orzamento ao aplicarse á cobertura de gastos que teñen carácter previsible (fundamentalmente o capítulo I de gastos de persoal).

Execución e liquidación do orzamento de ingresos

16. Tal e como se indicou no informe do pasado exercicio, modifícanse as previsións iniciais de ingresos dos capítulos IV e VII aínda que non na súa totalidade, en concreto as baixas e incorporacións do orzamento de gastos. Porén, no resto dos capítulos non se teñen feito modificacións, chamando especialmente a atención o caso dos capítulos VI e IX, nos que os dereitos recoñecidos superan o orzamento definitivo.

17. Os dereitos recoñecidos acadan 3.766,396 millóns de euros, un 1,1% superiores aos do exercicio anterior.

18. Na estrutura dos ingresos sobresaen as transferencias correntes (95% dos dereitos recoñecidos) que derivan basicamente do sistema de financiamento.

19. O capítulo V (ingresos patrimoniais) recolle dereitos recoñecidos por concesións administrativas que, pola súa natureza, se deberían imputar ao capítulo III como prestación de servizos.

20. As achegas recibidas polo Sergas para o financiamento de investimentos (transferencias de capital) incrementáanse respecto ao ano anterior, sendo a principal orixe as achegas realizadas pola Consellería.

21. No capítulo IX pasivos financeiros contabilízase un importe negativo como consecuencia da devolución dos anticipos non xustificadas dos convenios formalizados co MINECO (Innova Saúde e H2050).

Execución e liquidación do orzamento de gastos

22. Sobre uns créditos definitivos de 3.793,140 millóns de euros recoñecéronse obrigas por 3.764,876 millóns de euros, o que supón un grao de execución do 99,3%, alcanzando o 100% de propostas de pagamento.

23. Os remanentes de crédito no exercicio elévanse a 28,264 millóns de euros, correspondendo o 86% a epígrafes de investimentos e o 39,6% a créditos non comprometidos.

24. A liquidación do orzamento vese afectada pola imputación ao exercicio de obrigas do exercicio anterior.

Operacións de exercicios pechados

25. Os dereitos pendentes de cobro a 31 de decembro de 2016 ascenden a 373,632 millóns de euros (un 24% menos que o ano anterior), dos que 106,8 millóns de euros corresponden a exercicios anteriores a 2016, sen que se dispoña de información sobre a súa antigüidade. Mantéñense as consideracións feitas no informe anterior respecto da situación de prescrición que pode afectar a determinados dereitos, así como as incidencias sinaladas sobre a duplicidade na contabilidade resultando unha sobrevaloración do seu importe que debe ser regularizado e depurado.

Compromisos de gastos con cargo a orzamentos de exercicios posteriores

26. Os créditos comprometidos a 31 de decembro de 2016 para exercicios futuros elévanse a 2.417,199 millóns de euros, o que supón unha diminución do 4,8% respecto do ano anterior.

27. Os compromisos derivados do contrato de concesión de obra para a construción e explotación do novo hospital de Vigo e o contrato da Central loxística absorben o 53,1% do total dos compromisos futuros do organismo.

Resultado do exercicio

28. A Conta do Sergas para o exercicio 2016 reflicte un resultado orzamentario positivo de 22,731 millóns de euros e un déficit nas operacións de débeda de 21,212 millóns de euros, dando como resultado unha capacidade de financiamento de 1,519 millóns de euros, o que supón unha mellora do resultado orzamentario de 60,840 millóns de euros respecto do resultado do exercicio anterior. Este importe non é obxecto de corrección coas desviacións de financiamento.

29. Sobre este resultado faise preciso realizar axustes como consecuencia das anulacións de obrigas e dereitos de exercicios anteriores e os derivados de considerar os efectos do gasto desprazado entre exercicios. Respecto dos primeiros preséntase unha limitación derivada do descoñecemento do ano ao que corresponden as cancelacións dos dereitos. O segundo corrixe o

resultado orzamentario do exercicio que pasa a reflectir un déficit de 29,280 millóns de euros (un 31,2% menos que o exercicio anterior).

Entidades vinculadas: instrumentos de relación e financiamento

30. O importe das obrigas recoñecidas a favor destas entidades ascendeu no exercicio a 85,762 millóns de euros, un 9,5% inferior ao precedente. O Sergas declara obrigas non recoñecidas a favor destas entidades por importe de 4,916 millóns de euros.

31. Os documentos de relación (contrato-programa, contratos de xestión e encomendas de xestión) teñen unha limitada capacidade para vincular obxectivos, actividade e financiamento.

Actividade concertada

32. O gasto orzamentario no exercicio 2016 derivado da actividade concertada elevouse a 225,519 millóns de euros, incrementándose un 8,3% respecto do exercicio anterior, e as obrigas non recoñecidas ascenderon a 277 miles de euros (un 82% inferior ao 2015). En termos de gasto real representa o 5,9% do gasto do organismo autónomo. Cabe facer mención a que o concerto singular con Povisa representa o 39% do total do gasto da actividade concertada.

33. En xeral, os concertos teñen natureza estrutural e cabe extractar as seguintes conclusións:

- Na súa maior parte, teñen a súa orixe en procedementos negociados fundamentados no sistema de planificación ou ordenación dos servizos asistenciais do organismo autónomo. Actualízanse en cada exercicio mediante cláusulas adicionais e, no tempo, mediante prórrogas.
- Séguese recorrendo ao sistema de autorizacións de uso para a contratación de determinadas prestacións, cuxa utilización debería ter carácter excepcional.

Gasto farmacéutico

34. A estrutura orzamentaria non permite recoñecer axeitadamente as diferentes compoñentes do gasto farmacéutico, limitando a capacidade para a súa análise tanto en aspectos cuantitativos (evolución e compoñentes) como cualitativos (impacto da aplicación de medidas sobre o gasto farmacéutico). Porén, no exercicio adoptáronse medidas encamiñadas á mellora da xestión orzamentaria do gasto farmacéutico, cambiando a imputación do gasto dos programas especiais ao subconcepto de farmacia hospitalaria (221.06).

35. O gasto farmacéutico, en termos de obrigas recoñecidas e atendendo ás epígrafes que o rexistran, ascendeu no exercicio a 1.136,358 millóns de euros, que supón un descenso do 0,6% respecto do anterior. En termos de gasto real alcanza os 1.102,598 millóns de euros, cunha diminución do 3,8% e un peso no conxunto do gasto do organismo do 28,4%. Cómpre salientar

que estas diminucións que se producen respecto do exercicio anterior veñen condicionadas polo gasto afrontado no 2015 para atender o Plan da hepatite C.

36. Atendendo á información publicada, o gasto farmacéutico en receitas no exercicio 2016 ascende a 685,092 millóns de euros e o número de receitas a 61,8 millóns.

Efectivos de persoal

37. O número medio de profesionais que prestaron servizo no organismo autónomo durante o ano 2016 foi de 37.648 o que representa un 1,8% máis que no ano anterior, correspondendo 29.021 (77%) a centros de atención especializada e 8.627 (23%) a centros de atención primaria. Houbo unha diminución de 689 efectivos medios de persoal propietario e un aumento de 683 interinos. En canto ás contratacións temporais de eventuais e substitutos aumentaron en 659 efectivos respecto do exercicio anterior.

Tesouraría

38. A non actualización da normativa reguladora do Fondo de Manobra orixina unha falta de homoxeneidade no relativo á natureza dos gastos que se han de aboar a través da correspondente conta e os criterios de xestión aplicables.

VII. RECOMENDACIÓNS

Orzamento e financiamento sanitario

1. Deben establecerse condicións que posibiliten un sistema estable de financiamento así como medidas rigorosas para o seu cumprimento.

Documento orzamentario – Fondo de Continxencia

2. Recoméndase avaliar a necesidade de consolidar o Fondo de Continxencia nos orzamentos do Sergas. Na medida en que non cumpra as finalidades para as que se crea, debe terse en consideración o efecto de distorsión da información orzamentaria que provoca.

Rendición de contas

3. O organismo autónomo debe implantar un sistema integral de contabilidade de acordo coas esixencias do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, co fin de dispor de información adicional á administrativo-orzamentaria, e presentar as contas anuais de acordo coas esixencias do referido Plan.

4. As fundacións de investigación vinculadas aos centros sanitarios, que están incluídas no inventario de entidades do sector público (INVENTE), deben integrarse no sector público autonómico e, por ende, no SPSG. Así mesmo, as súas contas deben someterse a rendición.

Réxime de control

5. Recoméndase o cumprimento efectivo do previsto nos plans do control financeiro para a avaliación e identificación do importe das obrigas non aplicadas ao orzamento de cada exercicio.

Modificacións orzamentarias

6. As modificacións orzamentarias deben reducirse ás estritamente necesarias para non desvirtuar o seu carácter excepcional.

7. As diferentes modalidades de modificacións orzamentarias deben aplicarse conforme ás finalidades previstas; en particular, debe evitarse a utilización de baixas de crédito como alternativa, máxime cando estas non dispoñen dunha canle procedimental e de control establecida normativamente.

Execución e liquidación orzamentaria

8. Deben mellorarse os procesos de rexistro de ingresos e gastos, evitando que se produzan desaxustes e duplicidades no orzamento.

9. Considérase conveniente regularizar e depurar os dereitos recoñecidos pendentes de cobro e as obrigas pendentes de pagamento de exercicios anteriores, en especial os de maior antigüidade.

10. É preciso evitar o uso extensivo do concepto de investimentos de carácter inmaterial para rexistrar gastos cuxa natureza non responde a gastos de capital.

